BC6 - Avaliación de riscos na aplicación de técnicas de electroestética

C6.2 - Accidentes producidos por equipamentos baseados na aplicación de correntes, por termoterapia e crioterapia, por radiacións electromagnéticas e mecanoterapia.

C6.2.2 - Accidentes producidos por equipamentos baseados na transferencia de enerxía térmica.

Obxectivos específicos

Describir e explicar as técnicas asociadas á termoterapia superficial

Describir e explicar as técnicas asociadas á crioterapia

Resultados ou produtos

Actividades propostas pola docente e realizadas polo alumnado

Recursos específicos

Revistas técnicas. Libros de consulta. Apuntamentos elaborados polo profesorado. Boletíns de exercicios. Manuais dos equipos. Equipamentos e materiais necesarios. Aula Virtual

UD	Título da UD	Duración
5	Técnicas baseadas na transferencia de enerxía mecánica	30

	Actividade	Descrición	Duración
1	Técnicas baseadas na transferencia de enerxía mecánica	Fundamentos das técnicas estéticas de exfoliación mecánica, de ultrasóns, baseadas na presión (presoterapia, pulverizadores e vacuumterapia). Equipamentos de vibración e masaxe.	30

Criterios de avaliación

RA2 - Caracteriza los equipos de electroestética, relacionándolos con los efectos fisiológicos que producen y con sus aplicaciones estéticas.

CA2.2 - Especifícaronse as características dos equipamentos de electroestética, de fototerapia, mecánicos e de aplicación de frío e calor.

CA2.2.4 - Especifícaronse as características dos equipamentos transferencia de enerxía mecánica

CA2.4 - Caracterizáronse as aplicacións estéticas das correntes, das radiacións electromagnéticas, das técnicas mecanoterápicas e da aplicación de frío e calor.

CA2.4.4 - Caracterizáronse as aplicacións estéticas das técnicasmecanoterápicas.

CA2.7 - Estableceuse a secuencia, o xeito de aplicación, os accesorios e os parámetros de cada técnica electroestética, fototerápica, mecánica e de aplicación de frío e calor.

CA2.7.3 - Estableceuse a secuencia, o xeito de aplicación, os accesorios e os parámetros de cada técnica mecánica

RA3 - Prepara e pon a punto os equipamentos de electroestética, regulando os parámetros.

CA3.2 - Describíronse as funcións das máquinas, os utensilios e os accesorios.

CA3.2.3 - Describíronse as funcións das máquinas, os utensilios e os accesorios das técnicas que empregan efectos mecánicos.

CA3.7 - Relacionáronse os parámetros de aplicación cos efectos.

CA3.7.3 - Relacionáronse os parámetros de aplicación cos efectos das técnicas baseadas na transferencia de enerxía mecánica.

RA6 - Avalía os riscos da aplicación de técnicas de electroestética, tendo en conta as condicións e as características das persoas, e os requisitos técnicos.

CA6.1 - Determináronse as causas de risco máis frecuentes na aplicación de técnicas de electroestética, fototerápicas, mecanoterápicas, e de termoterapia e crioterapia.

CA6.1.3 - Determináronse as causas de risco máis frecuentes na aplicación de técnicas mecanoterápicas.

CA6.2 - Identifícaronse as precaucións que cumpra tomar na aplicación de técnicas de electroestética, fototerápicas, mecanoterápicas, e de termoterapia e crioterapia.

CA6.2.3 - Identifícaronse as precaucións que cumpra tomar na aplicación de técnicas mecanoterápicas.

CA6.3 - Determináronse as contraindicacións específicas de cada unha das técnicas.

CA6.3.3 - Determináronse as contraindicacións específicas das técnicas mecanoterápicas.

CA6.7 - Identifícaronse as medidas de protección persoal de profesionais e persoas usuarias na aplicación de técnicas de electroestética, fototerápicas, mecanoterápicas, e de termoterapia e crioterapia.

CA6.7.3 - Identificáronse as medidas de protección persoal de profesionais e persoas usuarias na aplicación de técnicas baseadas na transferencia de enerxía mecánica.

Contidos

BC1 - Caracterización dos equipamentos de electroestética

C1.4 - Técnicas de mecanoterapia. Características. Efectos fisiolóxicos. Aplicacións en estética. Indicacións e contraindicacións. Medidas de seguridade e hixiene de cada equipamento. Clasificación: equipamentos de masaxe por vibración; ultrasóns; microvibradores de alta frecuencia (peeling ultrasónico); brossage; compresor; presoterapia; vacumterapia e dermoaspiración. Últimas tendencias.

BC3 - Preparación de equipamentos de electroestética, de fototerapia, de mecanoterapia, de termoterapia e de crioterapia

C3.2 - Elaboración de procedementos de aplicación das técnicas de electroestética, fototerapia, mecanoterapia, termoterapia e/ou crioterapia.

C3.2.4 - Elaboración de procedementos de aplicación das técnicas de mecanoterapia.

BC6 - Avaliación de riscos na aplicación de técnicas de electroestética

C6.2 - Accidentes producidos por equipamentos baseados na aplicación de correntes, por termoterapia e crioterapia, por radiacións electromagnéticas e mecanoterapia.

C6.2.3 - Accidentes producidos por equipamentos baseados na transferencia de enerxía mecánica.

Obxectivos específicos

Coñecer os fundamentos e a aplicación das técnicas de exfoliación mecánica

Coñecer os fundamentos e aplicación das técnicas estéticas de ultrasons

Coñecer os fundamentos e aplicación das técnicas baseadas na presión

Coñecer os fundamentos e aplicación dos equipos de vibración e masaxe

Resultados ou produtos

Actividades propostas pola docente e realizadas polo alumnado

Recursos específicos

Revistas técnicas. Libros de consulta. Apuntamentos elaborados polo profesorado. Boletíns de exercicios. Manuais dos equipos. Equipamentos e materiais necesarios. Aula Virtual

UD	Título da UD	Duración
6	Aplicación de técnicas electroestéticas	20

	Actividade	Descrición	Duración
1	Aplicación das técnicas electroestéticas	Aplicación teórico-práctica dos coñecementos adquiridos ao longo do módulo	20

Criterios de avaliación

RA2 - Caracteriza los equipos de electroestética, relacionándolos con los efectos fisiológicos que producen y con sus aplicaciones estéticas.

CA2.8 - Definíronse as normas de seguridade de cada aparello ou equipamento.

CA2.9 - Interpretouse a documentación técnica dos equipamentos.

RA3 - Prepara e pon a punto os equipamentos de electroestética, regulando os parámetros.

CA3.1 - Seleccionouse o equipamento entre as técnicas de electroestética.

CA3.3 - Verificáronse e reguláronse os dispositivos e os sistemas electrónicos das máquinas.

CA3.4 - Seleccionáronse accesorios, utensilios e cosméticos en función das características de cada técnica.

CA3.5 - Controláronse as condicións de hixiene e desinfección de equipamentos, accesorios e materiais.

CA3.6 - Montáronse e revisáronse os utensilios e os accesorios.

RA4 - Planifica la aplicación de técnicas electroestáticas, justificando la secuencia del protocolo.

CA4.1 - Identificouse o estado da pel, as súas características e as súas alteracións previamente á selección da técnica ou das técnicas que se vaian realizar.

CA4.2 - Elaborouse o protocolo de execución das técnicas electroestéticas, fototerápicas, mecanoterápicas, e de termoterapia e crioterapia.

CA4.3 - Organizouse a área de traballo co equipamento, os accesorios e os produtos necesarios.

CA4.4 - Adoptáronse as medidas de protección necesarias para a persoa usuaria e para o persoal profesional.

CA4.5 - Axustáronse os parámetros de aplicación en función da técnica, os efectos perseguidos e as características da persoa usuaria.

CA4.6 - Especificáronse as sensacións que se poden producir durante a aplicación da técnica.

CA4.7 - Establecéronse as operacións previas necesarias para a aplicación da técnica electroestética, fototerápica, mecanoterápica, e de termoterapia e crioterapia.

CA4.8 - Aplicáronse as técnicas de electroestética, fototerápicas, mecanoterápicas, e de termoterapia e crioterapia adoptando as medidas de protección necesaria.

CA4.9 - Estableceuse a secuencia da técnica aplicada.

CA4.10 - Determináronse o sinerxismo e o antagonismo das técnicas nos tratamentos estéticos combinados.

RA6 - Avalía os riscos da aplicación de técnicas de electroestética, tendo en conta as condicións e as características das persoas, e os requisitos técnicos.

CA6.4 - Recoñecéronse os signos e síntomas que evidencian nun suxeito un aumento de risco potencial ante a

aplicación de técnicas de electroestética, fototerápicas, mecanoterápicas, e de termoterapia e crioterapia.

Contidos

BC3 - Preparación de equipamentos de electroestética, de fototerapia, de mecanoterapia, de termoterapia e de crioterapia

C3.1 - Criterios de selección das técnicas electroestéticas.

C3.3 - Revisión e mantemento das condicións de seguridade dos equipamentos.

C3.4 - Execución de protocolos de hixiene e desinfección. Material dun só uso.

C3.5 - Recoñecemento e selección de accesorios, utensilios e cosméticos.

C3.6 - Regulación de parámetros.

BC4 - Organización da aplicación de técnicas de electroestética.

C4.1 - Documentación técnica.

C4.2 - Obtención e xestión de datos da persoa usuaria: diagnóstico profesional (protocolo de diagnóstico); ficha técnica; consentimento informado.

C4.3 - Elección da técnica de electroestética, fototerapia, mecanoterapia, termoterapia e/ou crioterapia: criterios de selección. Últimas innovacións.

C4.4 - Elaboración do protocolo de execución segundo a técnica electroestética seleccionada.

C4.5 - Preparación da área de traballo.

C4.6 - Axuste de parámetros e dosimetrías.

C4.7 - Preparación da persoa usuaria.

C4.8 - Análise do estado da pel e posibles alteracións.

C4.9 - Execución práctica: fases, precaucións e contraindicacións. Criterios para a combinación de técnicas. Técnicas baseadas en correntes eléctricas. Técnicas de aplicación de calor e frío. Técnicas baseadas en correntes electromagnéticas: láser e luz pulsada. Técnicas de mecanoterapia. Últimas tendencias.

C4.10 - Retirada de equipamentos e accesorios.

C4.11 - Supervisión do proceso e recollida de incidencias.

Obxectivos específicos

Executar as técnicas electroestéticas baseadas en correntes eléctricas

Executar as técnicas electroestéticas baseadas na aplicación de frío e calor

Executar as técnicas electroestéticas baseadas en correntes electromagnéticas: láser e luz pulsada

Executar as técnicas electroestéticas baseadas en técnicas de mecanoterapia

Resultados ou produtos

Protocolos e/ou informes de prácticas relacionados coas distintas técnicas electroestéticas

Recursos específicos

Revistas técnicas. Libros de consulta. Apuntamentos elaborados polo profesorado. Boletíns de exercicios. Manuais dos equipos. Equipamentos e materiais necesarios. Aula Virtual

UD	Título da UD	Duración
7	Novedades en aparatoloxía estética	10

	Actividade	Descrición	Duración
1	Caracterización da nova aparatoloxía en estética	Coñecemento das novas tendencias que se están a implantar no sector da estética	10

Criterios de avaliación

RA5 - Caracteriza os novos aparellos de innovación tecnolóxica en estética en relación cos efectos da súa aplicación.

CA5.1 - Identificáronse as novas tendencias en aparellos do mercado da estética.

CA5.2 - Especificáronse as características dos novos equipamentos de electroestética.

CA5.3 - Relacionáronse os efectos fisiolóxicos cos tipos de corrente, radiación e técnica.

CA5.4 - Identificáronse as precaucións e as contraindicacións de cada corrente.

CA5.5 - Estableceuse o protocolo de actuación das técnicas innovadoras.

CA5.6 - Identificáronse as vantaxes e os inconvenientes da introdución do novo servizo nunha cabina de estética.

Contidos

BC2 - Planificación da organización das instalacións e os equipamentos electroestéticos

C2.7 - Orde de aplicación na combinación das técnicas electroestéticas, na propia sesión así como en sesións alternas. Sinerxía entre técnicas e combinacións contraindicadas.

BC5 - Caracterización da nova aparellos de estética

C5.1 - Novos equipamentos en estética: técnicas de electroporación, radiofrecuencia, mesoterapia virtual, etc.

C5.2 - Análise das características: Fundamento científico. Descrición dos equipamentos. Normas de aplicación; dosimetrías. Efectos e indicacións, precaucións e contraindicacións.

Obxectivos específicos

Coñecer as novas tendencias que se están a implantar no sector da estética

Resultados ou produtos

Actividades propostas pola docente e realizadas polo alumnado

Recursos específicos

Revistas técnicas. Libros de consulta. Apuntamentos elaborados polo profesorado. Boletíns de exercicios. Manuais dos equipos. Equipamentos e materiais necesarios. Aula Virtual

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

Os informes facilitados na Avaliación Inicial do Ciclo Formativo facilitarán as situacións académicas e persoais do alumnado e servirán para fixar un punto de partida.
A avaliación inicial terá como obxectivo coñecer as características, capacidades e formación previa de cada un dos alumnos e alumnas.
Dita información pode proceder:
- Dos informes de estudos cursados previamente.
- Dos informes de posibles necesidades educativas especiais.
- Da experiencia profesional previa.
- Da observación do alumnado nas primeiras semanas do curso.

Non obstante, ao inicio do curso poderase facer na aula unha posta en común de coñecementos, a cal terá como obxectivo exclusivo unha análise, centrada nos contidos do módulo, da situación real do alumnado con respecto á materia a desenvolver e á súa capacidade de autoformación. Deste xeito poderase facer, por exemplo, unha distribución máis homoxénea dos grupos de traballo e mesmo facilitar que o alumnado adquira unha maior independencia formativa.
En ningún caso esta avaliación inicial terá carácter vinculante nin suporá unha modificación dos mínimos esixidos.
A avaliación inicial non levará consigo cualificación para o alumnado.

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**5**	**30**	**20**	**5**	**20**	**15**	**5**
Lista de cotexo	100	0	0	0	0	75	0
Proba escrita	0	100	100	100	100	25	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**100**
Lista de cotexo	**16**
Proba escrita	**84**

Procedemento e criterios de cualificación:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:
-Probas escritas: Representarán o 80% da cualificación total. Realizaráse unha única proba escrita en cada avaliación
Esta proba escrita consistirá en 2 partes diferenciadas:

- Parte A: preguntas tipo test (razonando o porqué da resposta) e/ ou de resposta curta.
- Parte B: un ou dous supostos prácticos.

Para acadar unha avaliación positiva nesta proba escrita será necesario acadar unha cualificación mínima de 5/10 en

cada unha das partes (parte A e parte B). No caso contrario, o alumnado deberá presentarse á unha proba de recuperación final da/s avaliación/s pendente/s, despois de rematar a terceira avaliación (Xuño); e obter en dita recuperación unha nota mínima dun 5.
- Traballos e/ou actividades de indagación solicitados pola docente: Significarán o 20% da cualificación total.
A entrega dos traballos e/ou actividades de indagación será obrigatoria, debéndose entregar estes últimos en tempo e forma na aula virtual. No caso de que durante algunha das avaliacións non se pidan traballos, a porcentaxe da nota aplicada a estes aspectos (20%) sumarase á porcentaxe das probas escritas, pasando este apartado dun 80% a un 100% da nota final.
Os traballos e as actividades propostas deben ser orixinais e realizados polo alumno ou alumna. Os traballos que se detecten son plaxio ou copia dun compañeiro/a terán a cualificación de cero. Así mesmo, valorararáse, non só o dominio dos contidos impartidos, senón tamén a expresión escrita, a claridade e rigor das explicacións, a capacidade de síntese, o formato solicitado, a presentación, a bibliografía empregada (de ser o caso), a exposición de defensa dos resultados (de ser o caso).
O alumnado superará positivamente cada avaliación se obtén (como resultado de realizar a media ponderada entre as probas escritas e, se procede, os traballos e/ou actividades de indagación) unha cualificación igual ou superior a 5 puntos. Para poder facer dita media, o alumno/a deberá ter unha nota media mínima de 5 puntos nas probas escritas, e ter entregados na aula virtual en tempo e forma tódolos traballos pedidos pola docente, cada un deles tamén cunha nota media de 5 sobre 10.
IMPORTANTE

- As faltas de asistencia xustificadas do alumno/a, non o eximirán da obrigación de ter actualizados os contidos impartidos ata a data.
- O alumnado que non acudise á proba escrita, soamente terá dereito á repetición da mesma, sempre que xustifique convenientemente á súa non asistencia na data correcta.
- Deben entregarse todos os traballos obrigatorios, se non se entregan a cualificación nese traballo será de cero e deberá recuperarse mediante a entrega de dito traballo en xuño, durante o período de recuperación.
- Se nalgunha das avaliacións non se acadara a nota mínima dun cinco, a nota correspondente á terceira avaliación será un catro.
- A utilización de medios fraudulentos para a superación das probas, será motivo da non valoración das mesmas e terá que facer a recuperación da totalidade da materia da avaliación correspondente.

Procedemento e criterios de recuperación

O procedemento de recuperación enténdese non só como exame de recuperación, senón como actividade de recuperación; é unha parte máis do proceso de ensinanza-aprendizaxe e iníciase en canto se detecta a deficiencia dun alumno ou alumna, no seguimento da súa evolución, realizando con él/ela actividades complementarias de reforzo e apoiando aqueles puntos donde ten dificultades. Si, aínda así, o alumno ou alumna non supera a avaliación, programaranse actividades de recuperación que terán por obxecto orientar e redirixir a aprendizaxe deste alumnado, permitíndolle subsanar as súas carencias de aprendizaxe.
As actividades de recuperación serán semellantes ás actividades propostas nas distintas unidades, e sempre programadas de menos a máis dificultade.
PROBA EXTRAORDINARIA
O alumnado, con dereito a avaliación continua, que non acade unha avaliación positiva ten dereito a unha proba de recuperación ao final do curso (xuño).
Esta proba escrita consistirá en 2 partes diferenciadas:
- Parte A: preguntas tipo test (razonando o porqué da resposta) e/ ou de resposta curta.
- Parte B: un ou dous supostos prácticos.
Para acadar unha avaliación positiva será necesario acadar unha cualificación mínima de 5/10 en cada unha das partes (parte A e parte B)
IMPORTANTE

- De non superar a proba final de recuperación a alumna ou alumno suspenderá o módulo, xa que a avaliación é continua e a súa compresión e emprego na práctica profesional non se poden considerar os RA individualizados, se non como un todo, conxunto de todos os RA; polo tanto, a non superación dun RA implica que o alumno/alumna non adquiriu os coñecementos, destrezas habilidades e competencias relacionadas co módulo e ca práctica profesional que ten que desempeñar no mercado laboral.
- Permitirase a entrada aos exames ás persoas que se presenten con retraso, sempre que aínda non saíra ninguén, pero sen que por elo se lle conceda maior tempo para a realización das probas.
- Calquera tipo de actitude fraudulenta levada a cabo na realización da proba teórico-práctico (por exemplo

emprego de material non permitido: calculadoras científicas programables, apuntes, libros, ferramentas de gravación e lectura dixitais, smart-watch, emprego de sistemas de escoita remota, pinganillos, etc) implicará que o profesor retire o exame e a proba sexa cualificada con cero puntos.

- O profesorado non asumirá ningunha responsabilidade nin repetirá ningunha proba en caso de que o alumnado se ausente nas datas previstas na devandita convocatoria.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que terá acceso a través da aula virtual do centro; podendo realizar calquera tipo de consulta (respecto das actividades propostas e/ou das probas teórico-prácticas).
Así mesmo, levaráse a cabo unha proba escrita a finais de xaneiro - comezos de febreiro (antes do remate da segunda avaliación), cunha duración máxima de tres horas, a cal versará sobre os contidos mínimos da materia.
Esta proba escrita consistirá en 2 partes diferenciadas:
- Parte A: preguntas tipo test (razonando o porqué da resposta) e/ ou de resposta curta.
- Parte B: un ou dous supostos prácticos.
Para acadar unha avaliación positiva será necesario obter unha calificación mínima de 5/10 en cada unha das partes (parte A e parte B)
Permitirase a entrada aos exames ás persoas que se presenten con retraso, sempre que aínda non saíra ninguén, pero sen que por elo se lle conceda maior tempo para a realización das probas.
Calquera tipo de actitude fraudulenta levada a cabo na realización da proba teórico-práctico (por exemplo emprego de material non permitido: calculadoras científicas programables, apuntes, libros, ferramentas de gravación e lectura dixitais, smart-watch, emprego de sistemas de escoita remota, pinganillos, etc) implicará que a profesora retire o exame e a proba sexa cualificada con cero puntos.
O profesorado non asumirá ningunha responsabilidade nin repetirá ningunha proba en caso de que o alumnado se ausente nas datas previstas na devandita convocatoria.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Debido ao carácter continuo da avaliación, nas modalidades de ensino profesional será necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos.
Se o número de faltas inxustificadas nun determinado módulo é superior ao 10 % respecto da súa duración implicará a PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA (Orde 12 de xullo de 2011). Neste caso o módulo ten unha duración de 160 sesións anuais, polo que o límite de ausencias será de 16 sesións. Este alumnado, se a profesora o considera, poderá asistir a clases como oínte e,deberá realizar unha única proba en xuño, con cuestións, tanto de tipo teórico como de aplicación teórico-práctica, relacionadas cos contidos mínimos do módulo. Nesta proba o alumnado terá que acadar unha puntuación mínima de 5 sobre 10 para superar a proba de avaliación extraordinaria.
IMPORTANTE:
Esta proba escrita consistirá en 2 partes diferenciadas:
- Parte A: preguntas tipo test (razonando o porqué da resposta) e/ ou de resposta curta.
- Parte B: un ou dous supostos prácticos.
Para acadar unha avaliación positiva será necesario obter unha calificación mínima de 5 sobre 10 en cada unha das partes (parte A e parte B)
Permitirase a entrada aos exames ás persoas que se presenten con retraso, sempre que aínda non saíra ninguén, pero sen que por elo se lle conceda maior tempo para a realización das probas.
Calquera tipo de actitude fraudulenta levada a cabo na realización da proba teórico-práctico (por exemplo emprego de material non permitido: calculadoras científicas programables, apuntes, libros, ferramentas de gravación e lectura dixitais, smart-watch, emprego de sistemas de escoita remota, pinganillos, etc) implicará que a profesora retire o exame e a proba sexa cualificada con cero puntos.
O profesorado non asumirá ningunha responsabilidade nin repetirá ningunha proba en caso de que o alumnado se ausente nas datas previstas na devandita convocatoria.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Dentro do grupo pode haber alumnado que non acadan os obxectivos das actividades ou, polo contrario, que acadan sobradamente os obxectivos previstos. En ambos casos plantearanse alternativas, como:
- Ofrecer actividades:
  + Comúns para todo ó alumnado con fin de asimilar os contidos mínimos.
  + Máis complexas para o alumnado que acade os obxectivos previstos, onde se afonde nós coñecementos adquiridos.
  + Máis sinxelas, cunha metodoloxía distinta e máis secuenciada, para que aquel alumnado que non acadara os mínimos, sexa capaz de chegar por outro camiño ós fins propostos.
- Seguimento, máis personalizado, do alumnado con dificultades para acadar os obxectivos
- Para o alumnado que non supere o módulo, ademais das medidas anteriormente expostas (de ser o caso): no mes de xuño realízanse probas orais ou/e escritas e/ou prácticas, podendo incluir tamén a realización dalgunha das actividades das unidades didácticas nas que non se acadaran os obxectivos previstos.

8.1. Programación da educación en valores.

Os temas transversais deben impregnar todo o proceso educativo dos ciclos formativos. Partimos dunha tarefa educativa na que non soamente faga boas e bos profesionais, senón persoas con criterios, con análise e visión crítica. Fomentar o respeto, tolerancia, liberdade e igualdade entre as persoas.
É importante promover no alumnado pautas de conductas saudables, a valoración da propia imaxe como parte da personalidade e potenciar e mellorar a autoestima e o autoconcepto.
TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS
Educación moral e cívica:

- Elaborar de forma autónoma e racional, a través do diálogo cos outros, de principios xerais de valores que axuden a xulgar criticamente a realidade.
- Conseguir que os/as xoves fagan seus todos os tipos de comportamento coherente cos principios e normas construídas.
- Lograr que adquiran normas e valores democráticos e xustos.

Educación para a paz:

- Fomentar os valores de solidariedade, tolerancia, respecto á diversidade e capacidade de diálogo.
- Desenvolver a autonomía e autoafirmación individual.
- Introducir a reflexión sobre distintas formas de violencia.

Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos:

- Rexeito das desigualdades e discriminacións derivadas da pertenza a un sexo.
- Posibilidade de identificar situacións nas que se produce este tipo de discriminación e de analizar as súas causas.
- Adquisición de formas de comportamento acordes con estes principios.

Educación ambiental:

- Respetar o entorno físico e natural.
- Comprender as actividades humanas e a súa repercusión na natureza.

Educación do consumidor:

- Desenvolver actitudes críticas fronte ó consumo irresponsable.
- Fomentar o consumo responsable.

Educación para a saúde:

- Desenvolver a capacidade do alumnado para vivir en equilibrio co seu entorno físico, biolóxico e sociocultural.
- Coñecer o seu propio corpo e as formas de mellorar o seu funcionamento.
- Reflexionar sobre as sustancias que prexudican o organismo e adquirir hábitos de saúde axeitados.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

Entre as actividades que se poden levar a cabo están as seguintes:
- Visitas a museos, exposicións, feiras, congresos, etc. de tipo profesional e cultural.
- Realizar algún curso de actualización profesional por parte dalgunha casa comercial ou outros profesionais.
- Visitas a empresas do sector.

E as que poidan xurdir ao longo do curso escolar e a profesora responsable do módulo considere de interese para o módulo ou o ciclo.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

Levarase a cabo un proceso de avaliación continuo no que debe terse en conta a actualización permanente que é necesario ter da normativa e das innovacións profesionais que poidan ocorrer ao longo do curso.
A docente responsable do módulo, debido ao carácter necesariamente aberto da programación: poderá introducir axustes que, sin modificar a programación nos seus fundamentos, facilite o seu desenrolo máis adecuado ás características grupais, individuais e/ou do propio desenrolo do curso escolar.
A maiores cada departamento realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións de cada módulo, no cal se reflectirá o grao de cumprimento con respecto a programación e a xustificación razonada no caso de desviacións. Levantarase acta de dito control.
A avaliación final, realízase coa memoria final do modulo incluída na memoria de ciclo e na memoria do departamento, onde constarán os datos máis relevantes do desenvolvemento da programación ao longo do curso, segundo plantilla do departamento/centro.

11.1. Outros apartados.

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	IES 12 de Outubro	Ourense	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D3IMP000100 - Estética integral e benestar	CS

Módulo
MP0752 - Cosmética aplicada a estética e benestar (1º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro	Identificador
6	156	50	187	187	

Etiquetas

Profesorado responsable

Docentes
del Río Balado, María Lourdes

Contido

	Páxina
1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.	3
2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas	3
2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.	4
3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.	10
5.1. Procedemento de avaliación inicial.	21
6.1. Criterios de cualificación e recuperación	21
6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	24
6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua	25
7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.	25
8.1. Programación da educación en valores.	25
9.1. Actividades complementarias e extraescolares.	26
10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.	26
11.1. Outros apartados.	26

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

As recollidas no Art. 5 do Currículo do ciclo, destacando:
- Desenvolver novos servizos, avaliando os medios persoais e materiais, para analizar a viabilidade da súa implantación.
- Elaborar normas de actuación, con detalle das fases do proceso e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación, para deseñar documentos e protocolos estéticos e de atención á clientela.
- Desenvolver o procedemento de análise estética, empregando ferramentas específicas, para deseñar unha proposta estética individualizada.
- Identificar a variabilidade dos procesos estéticos en relación cos fundamentos anatomofisiolóxicos, os hábitos saudables e as principais patoloxías asociadas, para garantir a calidade de todos os servizos.
- Analizar a viabilidade da implantación de novos servizos e avaliar os medios materiais e personais, para o seu desenvolvemento na empresa.
- Deseñar protocolos estéticos e documentos de consentimento informado, utilizando as técnoloxias de información e da comunicación.
- Deseñar a proposta estética personalizada, analizando os datos obtidos da análise profesional, as demandas da clientela e os posibles informes doutros profesionais.
- Asesorar a clientela, informando dos efectos dos tratamentos e dos cosméticos, a súa relación coa fisioloxía cutánea, os hábitos de vida saudables e as precaucións que hai que seguir durante a súa aplicación, e antes e despois desta.
- Realizar a promoción e a comercialización de produtos e servizos no ámbito dunha empresa de imaxe persoal.
- Integrar e realizar os servizos estéticos, coordinando a aplicación de técnicas cosmetolóxicas, electroestéticas e manuais.
- Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	Química cosmética. Compoñentes dos cosméticos. Capacidade de penetración na pel.	Composición cualitativa e cuantitativa dos cosméticos, capacidade de penetración, importancia do seu coñecemento no uso adecuado nas técnicas estéticas e tratamentos estéticos	18	31
2	Sistemas dispersos. Preparación de produtos cosméticos	Sistemas dispersos. Preparación de produtos cosméticos	16	31
3	Tendencias no sector da cosmética. Innovacións cosméticas e cosméticos especiais	Análise las liñas de mercado dos productos cosméticos	18	32
4	Tendencias no sector da cosmética. Innovacións cosméticas e cosméticos especiais	Análise das tendencias no sector cosmético e os últimos avances no sector cosmético.	16	31
5	Os produtos cosméticos nos centros de beleza	Identificación, clasificación e organización dos cosméticos nos centros de beleza.	16	31
6	Asesoramento cosmético. Marketing e venda	Análise do marketing e venda dos cosméticos para tratamentos estéticos	16	31

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	Química cosmética. Compoñentes dos cosméticos. Capacidade de penetración na pel.	31

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Recoñece os fundamentos da química cosmética e determina os compoñentes dun cosmético, para o que analiza as súas características e a súa capacidade de penetración na pel.		
CA1.1 - Especificouse a función dos principios activos, os excipientes e os aditivos nos cosméticos.	PE	15
CA1.2 - Estableceuse a diferenza entre composición cuantitativa e cualitativa.	PE	14
CA1.3 - Caracterizáronse os compoñentes externos do cosmético.	PE	14
CA1.4 - Establecéronse as indicacións que deban figurar na etiquetaxe do produto.	PE	15
CA1.5 - Identificáronse as características e as funcións das substancias máis utilizadas na elaboración dun cosmético.	PE	14
CA1.6 - Identificouse a composición xeral utilizando o código INCI e a parte externa dun cosmético comercial.	PE	14
CA1.7 - Identificáronse as vías e o grao de penetración dos cosméticos na pel, e os factores que inflúen neles.	PE	14

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Selección dos compoñentes dun cosmético
Clasificación das substancias e as mesturas químicas que interveñen nos cosméticos segundo a súa composición, o pH e as reaccións químicas que establezan.
Concepto de cosmético.
Composición xeral: principios activos, excipientes e aditivos.
Composición cualitativa e cuantitativa. Código INCI.
Parte externa do cosmético: elementos, recipientes, envase exterior, prospecto e etiqueta. Importancia do deseño para a venda. Embalaxe.
Etiquetaxe.
Substancias prohibidas e restrinxidas nos cosméticos.
Análise da regulamentación técnico-sanitaria de produtos cosméticos.

Contidos
Substancias empregadas frecuentemente nos cosméticos: auga, graxas, tensoactivos, siliconas cosméticas, etc.
Fitocosmética e métodos extractivos.
Actuación dos cosméticos sobre a pel: penetrabilidade e factores que inflúen nela. Vectores cosméticos.

UD	Título da UD	Duración
2	Sistemas dispersos. Preparación de produtos cosméticos	31

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Prepara produtos cosméticos organizando as operacións de elaboración, e recoñece os sistemas dispersos.		
CA2.1 - Establecéronse as diferenzas entre sistemas dispersos homoxéneos e heteroxéneos.	PE	11
CA2.2 - Distinguíronse os compoñentes das disolucións, os factores que afectan a solubilidade e o xeito de expresar a súa concentración.	PE	11
CA2.3 - Identificáronse as fases e as propiedades das suspensións e das suspensións coloidais.	PE	11
CA2.4 - Clasificáronse as emulsións en función da composición das súas fases.	PE	11
CA2.5 - Especificáronse as formas de presentación dos cosméticos.	PE	11
CA2.6 - Recoñeceuse a importancia do tipo de envase na determinación da forma cosmética.	PE	11
CA2.7 - Identificáronse as substancias, os materiais e as técnicas para a elaboración dunha fórmula cosmética.	PE	11
CA2.8 - Especificáronse as partes dunha fórmula cosmética (composición cuantitativa, modus operandi e características dos seus ingredientes).	PE	11
CA2.9 - Preparáronse fórmulas de cosméticos no laboratorio.	PE	12

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Preparación de cosméticos
Sistemas dispersos homoxéneos e heteroxéneos.
Disolucións, suspensións e emulsións.

Contidos
Formas cosméticas: tipos e características.
Laboratorio cosmético. Equipamentos e material de laboratorio. Técnicas empregadas en preparación de cosméticos. Fórmula cosmética: ingredientes e composición cuantitativa. Envasamento. Exemplos de preparación de cosméticos: emulsións, xeles, etc. Protocolos de limpeza e hixiene do material e dos equipamentos necesarios para a fabricación e o envasamento de mesturas e cosméticos sinxelos, en condicións de saúde. Aplicación das medidas hixiénico-sanitarias do persoal no laboratorio necesarias para realizar os procesos de preparación de mesturas de compostos e cosméticos sinxelos, en condicións de saúde. Xestión de residuos.

UD	Título da UD	Duración
3	Tendencias no sector da cosmética. Innovacións cosméticas e cosméticos especiais	32

Criterios de avaliación	IA	%
RA3 - Contrasta as liñas cosméticas do mercado, para o que analiza as propiedades de cada grupo cosmético.		
CA3.1 - Relacionouse a composición dos produtos coa súa forma cosmética e co mecanismo de acción.	PE	12
CA3.2 - Establecéronse as diferenzas entre os cosméticos de hixiene.	PE	11
CA3.3 - Comprobáronse os tipos de exfoliantes co xeito de actuar dos seus ingredientes activos.	PE	11
CA3.4 - Relacionáronse as máscaras coa súa composición e coa forma cosmética.	PE	11
CA3.5 - Identificouse o xeito de actuar dos principios activos dos cosméticos hidratantes, así como o seu mantemento e a súa protección.	PE	11
CA3.6 - Relacionáronse os principios activos solares co seu mecanismo de actuación.	PE	11
CA3.7 - Establecéronse os efectos de diferentes cosméticos de tratamento.	PE	11
CA3.8 - Detalláronse os principios activos dos cosméticos de tratamento estético.	PE	11
CA3.9 - Especificouse o mecanismo de acción en función dos compoñentes que incorporan.	PE	11

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Identificación das liñas cosméticas do mercado
Clasificación dos cosméticos: criterios de clasificación.

Contidos
Grupos cosméticos: Cosméticos de hixiene: concepto de hixiene. Substancias limpadoras: clasificación composición, mecanismo de acción e formas de presentación. Cosméticos de hidratación, mantemento e protección da pel: concepto de hidratación cutánea, principios activos, clasificación e composición. Cosméticos solares. Protección para antes e despois do sol. Composición básica: filtros físicos, químicos e biolóxicos. Cosméticos de tratamento estético: composición, mecanismo de acción, criterios de clasificación e formas de presentación. Cosméticos para a eliminación e a camuflaxe da peluxe; cosméticos complementarios das distintas técnicas. Cosméticos para a maquillaxe e bronceadores exóxenos. Pigmentos e colorantes para micropigmentación.

UD	Título da UD	Duración
4	Tendencias no sector da cosmética. Innovacións cosméticas e cosméticos especiais	31

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Caracteriza as novas tendencias do sector, para o que analiza as innovacións cosméticas e cosméticos especiais.		
CA4.1 - Detectáronse as novas tendencias do mercado cosmético.	PE	12
CA4.2 - Valorouse o emprego do perfume na sociedade actual.	PE	13
CA4.3 - Estableceuse a finalidade dos cosméticos que se empregan en técnicas de electroestética.	PE	13
CA4.4 - Sinaláronse os compoñentes, os efectos, as indicacións e as precaucións dos materiais que se empregan para o recheo e as infiltracións en medicina e en cirurxía estética.	PE	12
CA4.5 - Identificáronse as técnicas estéticas contraindicadas en usuarios de tratamento médico con bótox ou materiais de recheo.	PE	12
CA4.6 - Valorouse o uso da nutricosmética como tratamento complementario aos tratamentos estéticos.	PE	13
CA4.7 - Relacionouse a composición química dos principios activos de recente incorporación aos cosméticos cos seus efectos e as súas indicacións.	PE	12
CA4.8 - Vinculouse o emprego dos novos excipientes co aumento da eficacia dos principios activos que transportan.	PE	13

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - Cosméticos especiais e compoñentes innovadores
Perfumes: concepto, composición, esencias empregadas en perfumaría e tipos.
Cosmética de aplicación en electroestética: composición, mecanismo de acción, criterios de clasificación e formas de presentación. Clasificación.

Contidos
Cosméticos para técnicas de efecto mecánico: de equipamentos de masaxe por vibración, ultrasóns, microvibradores de alta frecuencia (peeling ultrasónico), brossage, compresor, presoterapia, vacuumterapia, dermoaspiración, etc.
Cosméticos para técnicas de aplicación de correntes eléctricas: corrente galvánica e correntes variables de baixa, media e alta frecuencia.
Cosméticos para termoterapia e crioterapia.
Cosméticos para técnicas de fototerapia de aplicación en estética.
Cosmética específica para medicina estética: materiais de recheo, bótox e mesoterapia.
Nutricosmética: compoñentes principais, efectos e indicacións, criterios de clasificación e formas de presentación.

UD	Título da UD	Duración
5	Os produtos cosméticos nos centros de beleza	31

Criterios de avaliación	IA	%
RA5 - Dispón os cosméticos nos establecementos de venda e controla as condicións de seguridade e hixiene.		
CA5.1 - Identificáronse os tipos de establecemento de venda de cosméticos.	PE	12
CA5.2 - Establecéronse as características do márketing aplicado á venda de cosméticos.	PE	13
CA5.3 - Relacionouse a disposición do produto e as técnicas de merchadising coas vendas.	PE	12
CA5.4 - Especificáronse as normas de almacenamento, conservación e manipulación dos cosméticos.	PE	12
CA5.5 - Identificáronse os factores que afectan a estabilidade dos produtos cosméticos.	PE	13
CA5.6 - Seguiuse a normativa sobre xestión de residuos.	PE	13
CA5.7 - Analizáronse os provedores de cosméticos e as marcas comerciais a través das técnicas da información e da comunicación.	PE	12
CA5.8 - Especificouse a lexislación sobre venda e conservación de produtos cosméticos.	PE	13

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC5 - Organización dos cosméticos nos establecementos

Contidos
Establecementos de venda de cosméticos. Tipos de retallistas e características. Espazo de venda dos cosméticos: criterios de distribución; soportes e moblaxe; disposición do produto no lineal; elementos de merchandising e publicidade.
Seguridade e hixiene de produtos cosméticos: Rotación do produto. Conservación de produtos cosméticos: estabilidade e alteracións. Normas de almacenamento e manipulación. Normativa sobre almacenamento e recollida de produtos cosméticos contaminados e alterados.
Aprovisionamento: provedores e marcas.
Aspectos da regulamentación técnico-sanitaria de produtos cosméticos relativos á venda.
Dereitos e protección do consumidor.

UD	Título da UD	Duración
6	Asesoramento cosmético. Marketing e venda	31

Criterios de avaliación	IA	%
RA6 - Planifica actuacións de asesoramento cosmético, utilizando técnicas de comunicación e márketing.		
CA6.1 - Programáronse as fases do protocolo de asesoramento cosmético.	PE	11
CA6.2 - Establecéronse os criterios de selección dos cosméticos.	PE	12
CA6.3 - Sinalouse o xeito de emprego e as precaucións de uso.	PE	11
CA6.4 - Relacionouse o estudo estético previo e as características da persoa usuaria co asesoramento profesional de cosméticos.	PE	11
CA6.5 - Desenvolvéronse as pautas para a realización dun asesoramento directo.	PE	11
CA6.6 - Establecéronse as etapas para o deseño dunha campaña promocional.	PE	11
CA6.7 - Detalláronse as fases na realización dunha demostración profesional.	PE	11
CA6.8 - Establecéronse as pautas para a realización artigos especializados de asesoría cosmética.	PE	11
CA6.9 - Determináronse as fases da venda e as características do persoal vendedor.	PE	11

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC6 - Planificación do asesoramento cosmético
Elementos do plan do asesoramento: elaboración de protocolos estandarizados. Identificación e detección das necesidades e demandas da persoa usuaria. Criterios de selección de cosméticos e as súas marcas. Coñecementos técnicos e profesionais do produto. Análise das tendencias.
Técnicas de asesoramento de produtos cosméticos: Asesoramento directo, e a través de medios internos e externos. Promoción de venda. Demostracións técnicas de cosméticos: feiras de mostra profesionais. Revistas profesionais.
Asesoría de venda de produtos cosméticos: Fases e técnicas de venda. Características do asesor de venda. Resolución de queixas e reclamacións.

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.

UD	Título da UD	Duración
1	Química cosmética. Compoñentes dos cosméticos. Capacidade de penetración na pel.	31

	Actividade	Descrición	Duración
1	Composición culalitativa e cuantitativa dos cosméticos. Capacidade de penetración	Identificar e analizar os compoñentes dos cosméticos e a sua capacidade de penetración	31

Criterios de avaliación

RA1 - Recoñece os fundamentos da química cosmética e determina os compoñentes dun cosmético, para o que analiza as súas características e a súa capacidade de penetración na pel.

CA1.1 - Especificouse a función dos principios activos, os excipientes e os aditivos nos cosméticos.

CA1.2 - Estableceuse a diferenza entre composición cuantitativa e cualitativa.

CA1.3 - Caracterizáronse os compoñentes externos do cosmético.

CA1.4 - Establecéronse as indicacións que deban figurar na etiquetaxe do produto.

CA1.5 - Identificáronse as características e as funcións das substancias máis utilizadas na elaboración dun cosmético.

CA1.6 - Identificouse a composición xeral utilizando o código INCI e a parte externa dun cosmético comercial.

CA1.7 - Identificáronse as vías e o grao de penetración dos cosméticos na pel, e os factores que inflúen neles.

Contidos

BC1 - Selección dos compoñentes dun cosmético

C1.1 - Clasificación das substancias e as mesturas químicas que interveñen nos cosméticos segundo a súa composición, o pH e as reaccións químicas que establezan.

C1.2 - Concepto de cosmético.

C1.3 - Composición xeral: principios activos, excipientes e aditivos.

C1.4 - Composición cualitativa e cuantitativa. Código INCI.

C1.5 - Parte externa do cosmético: elementos, recipientes, envase exterior, prospecto e etiqueta. Importancia do deseño para a venda. Embalaxe.

C1.6 - Etiquetaxe.

C1.7 - Substancias prohibidas e restrinxidas nos cosméticos.

C1.8 - Análise da regulamentación técnico-sanitaria de produtos cosméticos.

C1.9 - Substancias empregadas frecuentemente nos cosméticos: auga, graxas, tensoactivos, siliconas cosméticas, etc.

C1.10 - Fitocosmética e métodos extractivos.

C1.11 - Actuación dos cosméticos sobre a pel: penetrabilidade e factores que inflúen nela. Vectores cosméticos.

Obxectivos específicos

Capacidade de penetración dos compoñentes dos cosméticos en función da sua composición cualitativa e cuantitativa.

Resultados ou produtos

Recoñecemento dos fundamentos da química cosmética e determinación dos compoñentes dun cosmético, a través do análise das súas características e capacidade de penetración na pel.

Recursos específicos

Documentación escrita
Documentación audiovisual
Laboratorio para cosmetoloxia
TIC

UD	Título da UD	Duración
2	Sistemas dispersos. Preparación de produtos cosméticos	31

	Actividade	Descrición	Duración
1	Elaboración de produtos cosmeticos	Identificación dos procesos de elaboración dos productos cosméticos	31

Criterios de avaliación

RA2 - Prepara produtos cosméticos organizando as operacións de elaboración, e recoñece os sistemas dispersos.

CA2.1 - Establecéronse as diferenzas entre sistemas dispersos homoxéneos e heteroxéneos.

CA2.2 - Distinguíronse os compoñentes das disolucións, os factores que afectan a solubilidade e o xeito de expresar a súa concentración.

CA2.3 - Identificáronse as fases e as propiedades das suspensións e das suspensións coloidais.

CA2.4 - Clasificáronse as emulsións en función da composición das súas fases.

CA2.5 - Especificáronse as formas de presentación dos cosméticos.

CA2.6 - Recoñeceuse a importancia do tipo de envase na determinación da forma cosmética.

CA2.7 - Identificáronse as substancias, os materiais e as técnicas para a elaboración dunha fórmula cosmética.

CA2.8 - Especificáronse as partes dunha fórmula cosmética (composición cuantitativa, modus operandi e características dos seus ingredientes).

CA2.9 - Preparáronse fórmulas de cosméticos no laboratorio.

Contidos

BC2 - Preparación de cosméticos

C2.1 - Sistemas dispersos homoxéneos e heteroxéneos.

C2.2 - Disolucións, suspensións e emulsións.

C2.3 - Formas cosméticas: tipos e características.

C2.4 - Laboratorio cosmético. Equipamentos e material de laboratorio. Técnicas empregadas en preparación de cosméticos. Fórmula cosmética: ingredientes e composición cuantitativa. Envasamento. Exemplos de preparación de cosméticos: emulsións, xeles, etc. Protocolos de limpeza e hixiene do material e dos equipamentos necesarios para a fabricación e o envasamento de mesturas e cosméticos sinxelos, en condicións de saúde. Aplicación das medidas hixiénico-sanitarias do persoal no laboratorio necesarias para realizar os procesos de preparación de mesturas de compostos e cosméticos sinxelos, en condicións de saúde. Xestión de residuos.

Obxectivos específicos

Recoñecemento e análise dos procesos de elaboración dos produtos cosméticos.

Resultados ou produtos

Preparar produtos cosmético, e recoñecer as diferentes formas cosméticas.

Recursos específicos
Documentación escrita Documentación audiovisual Laboratorio para cosmetoloxia TIC

UD	Título da UD	Duración
3	Tendencias no sector da cosmética. Innovacións cosméticas e cosméticos especiais	32

	Actividade	Descrición	Duración
1	Análise das propiedades de cada grupo de liña cosmética e a súa aplicación en tratamentos estéticos	Analizar e contrastar as propiedades dos grupos de liñas cosméticas e a súa aplicación en tratamentos estéticos	32

Criterios de avaliación

RA3 - Contrasta as liñas cosméticas do mercado, para o que analiza as propiedades de cada grupo cosmético.

CA3.1 - Relacionouse a composición dos produtos coa súa forma cosmética e co mecanismo de acción.

CA3.2 - Establecéronse as diferenzas entre os cosméticos de hixiene.

CA3.3 - Comprobáronse os tipos de exfoliantes co xeito de actuar dos seus ingredientes activos.

CA3.4 - Relacionáronse as máscaras coa súa composición e coa forma cosmética.

CA3.5 - Identificouse o xeito de actuar dos principios activos dos cosméticos hidratantes, así como o seu mantemento e a súa protección.

CA3.6 - Relacionáronse os principios activos solares co seu mecanismo de actuación.

CA3.7 - Establecéronse os efectos de diferentes cosméticos de tratamento.

CA3.8 - Detalláronse os principios activos dos cosméticos de tratamento estético.

CA3.9 - Especificouse o mecanismo de acción en función dos compoñentes que incorporan.

Contidos

BC3 - Identificación das liñas cosméticas do mercado

C3.1 - Clasificación dos cosméticos: criterios de clasificación.

C3.2 - Grupos cosméticos: Cosméticos de hixiene: concepto de hixiene. Substancias limpadoras: clasificación composición, mecanismo de acción e formas de presentación. Cosméticos de hidratación, mantemento e protección da pel: concepto de hidratación cutánea, principios activos, clasificación e composición. Cosméticos solares. Protección para antes e despois do sol. Composición básica: filtros físicos, químicos e biolóxicos. Cosméticos de tratamento estético: composición, mecanismo de acción, criterios de clasificación e formas de presentación. Cosméticos para a eliminación e a camuflaxe da peluxe; cosméticos complementarios das distintas técnicas. Cosméticos para a maquillaxe e bronceadores exóxenos. Pigmentos e colorantes para micropigmentación.

Obxectivos específicos

Contrastar as liñas cosméticas do mercado en función das propiedades de cada grupo de cosméticos.

Resultados ou produtos

Contrastar as liñas cosméticas do mercado en función das propiedades de cada grupo de cosméticos e os tratamentos personalizados.

Recursos específicos
Documentación escrita Documentación audiovisual Laboratorio para cosmetoloxia TIC

UD	Título da UD	Duración
4	Tendencias no sector da cosmética. Innovacións cosméticas e cosméticos especiais	31

	Actividade	Descrición	Duración
1	Análise das tendencias e innovacións cosméticas.	Valoracións das novas tendencias no sector cosmético	31

Criterios de avaliación

RA4 - Caracteriza as novas tendencias do sector, para o que analiza as innovacións cosméticas e cosméticos especiais.

CA4.1 - Detectáronse as novas tendencias do mercado cosmético.

CA4.2 - Valorouse o emprego do perfume na sociedade actual.

CA4.3 - Estableceuse a finalidade dos cosméticos que se empregan en técnicas de electroestética.

CA4.4 - Sinaláronse os compoñentes, os efectos, as indicacións e as precaucións dos materiais que se empregan para o recheo e as infiltracións en medicina e en cirurxía estética.

CA4.5 - Identificáronse as técnicas estéticas contraindicadas en usuarios de tratamento médico con bótox ou materiais de recheo.

CA4.6 - Valorouse o uso da nutricosmética como tratamento complementario aos tratamentos estéticos.

CA4.7 - Relacionouse a composición química dos principios activos de recente incorporación aos cosméticos cos seus efectos e as súas indicacións.

CA4.8 - Vinculouse o emprego dos novos excipientes co aumento da eficacia dos principios activos que transportan.

Contidos

BC4 - Cosméticos especiais e compoñentes innovadores

C4.1 - Perfumes: concepto, composición, esencias empregadas en perfumaría e tipos.

C4.2 - Cosmética de aplicación en electroestética: composición, mecanismo de acción, criterios de clasificación e formas de presentación. Clasificación.

C4.3 - Cosméticos para técnicas de efecto mecánico: de equipamentos de masaxe por vibración, ultrasóns, microvibradores de alta frecuencia (peeling ultrasónico), brossage, compresor, presoterapia, vacuumterapia, dermoaspiración, etc.

C4.4 - Cosméticos para técnicas de aplicación de correntes eléctricas: corrente galvánica e correntes variables de baixa, media e alta frecuencia.

C4.5 - Cosméticos para termoterapia e crioterapia.

C4.6 - Cosméticos para técnicas de fototerapia de aplicación en estética.

C4.7 - Cosmética específica para medicina estética: materiais de recheo, bótox e mesoterapia.

C4.8 - Nutricosmética: compoñentes principais, efectos e indicacións, criterios de clasificación e formas de presentación.

Obxectivos específicos

Análise e valoración das tendencias e innovacións cosméticas e dos cosméticos especiais

Resultados ou produtos
Caracterizar as novas tendencias no sector, a través do análise das innovacións cosméticas e os cosméticos especiais.
Recursos específicos
Documentación escrita Documentación audiovisual Laboratorio para cosmetoloxia TIC

UD	Título da UD	Duración
5	Os produtos cosméticos nos centros de beleza	31

	Actividade	Descrición	Duración
1	Identificación dos grupos de liñas cosméticas nun centro de beleza	Identificación, análise e valoración dos grupos de liñas cosméticas	31

Criterios de avaliación

RA5 - Dispón os cosméticos nos establecementos de venda e controla as condicións de seguridade e hixiene.

CA5.1 - Identificáronse os tipos de establecemento de venda de cosméticos.

CA5.2 - Establecéronse as características do márketing aplicado á venda de cosméticos.

CA5.3 - Relacionouse a disposición do produto e as técnicas de merchadising coas vendas.

CA5.4 - Especificáronse as normas de almacenamento, conservación e manipulación dos cosméticos.

CA5.5 - Identificáronse os factores que afectan a estabilidade dos produtos cosméticos.

CA5.6 - Seguiuse a normativa sobre xestión de residuos.

CA5.7 - Analizáronse os provedores de cosméticos e as marcas comerciais a través das técnicas da información e da comunicación.

CA5.8 - Especificouse a lexislación sobre venda e conservación de produtos cosméticos.

Contidos

BC5 - Organización dos cosméticos nos establecementos

C5.1 - Establecementos de venda de cosméticos. Tipos de retallistas e características. Espazo de venda dos cosméticos: criterios de distribución; soportes e moblaxe; disposición do produto no lineal; elementos de merchandising e publicidade.

C5.2 - Seguridade e hixiene de produtos cosméticos: Rotación do produto. Conservación de produtos cosméticos: estabilidade e alteracións. Normas de almacenamento e manipulación. Normativa sobre almacenamento e recollida de produtos cosméticos contaminados e alterados.

C5.3 - Aprovisionamento: provedores e marcas.

C5.4 - Aspectos da regulamentación técnico-sanitaria de produtos cosméticos relativos á venda.

C5.5 - Dereitos e protección do consumidor.

Obxectivos específicos

Identificación, análisis e valoración dos grupos de liñas cosméticas nun centro de beleza, para o seu emprego ou venda

Resultados ou produtos

Establecer a organización dos cosméticos nos establecementos controlando as condicións de seguridade e hixiene.

Recursos específicos
Documentación escrita Documentación audiovisual Laboratorio para cosmetoloxia TIC

UD	Título da UD	Duración
6	Asesoramento cosmético. Marketing e venda	31

	Actividade	Descrición	Duración
1	Análise das técnicas de cominicación para o asesoramento e venda de cosméticos	Coñecer as técnicas para mellorar as prestacións de servizos e a venda de productos cosméticos	31

Criterios de avaliación

RA6 - Planifica actuacións de asesoramento cosmético, utilizando técnicas de comunicación e márketing.

CA6.1 - Programáronse as fases do protocolo de asesoramento cosmético.

CA6.2 - Establecéronse os criterios de selección dos cosméticos.

CA6.3 - Sinalouse o xeito de emprego e as precaucións de uso.

CA6.4 - Relacionouse o estudo estético previo e as características da persoa usuaria co asesoramento profesional de cosméticos.

CA6.5 - Desenvolvéronse as pautas para a realización dun asesoramento directo.

CA6.6 - Establecéronse as etapas para o deseño dunha campaña promocional.

CA6.7 - Detalláronse as fases na realización dunha demostración profesional.

CA6.8 - Establecéronse as pautas para a realización artigos especializados de asesoría cosmética.

CA6.9 - Determináronse as fases da venda e as características do persoal vendedor.

Contidos

BC6 - Planificación do asesoramento cosmético

C6.1 - Elementos do plan do asesoramento: elaboración de protocolos estandarizados. Identificación e detección das necesidades e demandas da persoa usuaria. Criterios de selección de cosméticos e as súas marcas. Coñecementos técnicos e profesionais do produto. Análise das tendencias.

C6.2 - Técnicas de asesoramento de produtos cosméticos: Asesoramento directo, e a través de medios internos e externos. Promoción de venda. Demostracións técnicas de cosméticos: feiras de mostra profesionais. Revistas profesionais.

C6.3 - Asesoría de venda de produtos cosméticos: Fases e técnicas de venda. Características do asesor de venda. Resolución de queixas e reclamacións.

Obxectivos específicos

Análise do concepto de márketing como ferramenta na prestación de servizos e venda de productos

Resultados ou produtos

Planificar o asesoramento cosmético utilizando técnicas de comunicación e márketing

Recursos específicos

Documentación escrita
Documentación audiovisual
Laboratorio para cosmetoloxia
TIC

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

Utilizarase un cuestionario con preguntas pechadas sobe os coñecementos do procedemento do desenvolvemento do cliclo e sobre coñecementos básicos do módulo, e preguntas abertas sobre estudios previos, interese e motivación que lle levou a matricularse no ciclo, canto tempo lle dedica o estudo, relación persoal ou profesinal co ciclo, entorno mais cercano, vivienda,....
Unhas das principais finalidades desta avaliación son coñecer:
-O nivel académico.
-Coñecementos relacionados co módulo/estética.
-Expectativas futuras o remate do ciclo.
-O seu entorno.

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**18**	**16**	**18**	**16**	**16**	**16**	**100**
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	**100**

Procedemento e criterios de cualificación:

A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten CARÁCTER CONTÍNUO, da cordo co progreso formativo baseado nos Resultados de Aprendizaxe, sendo necesarios os coñecementos previos para entender e resolver cuestións máis avanzadas.
Esta avaliación farase a través de:
1. Unha avaliación procesual que se realizará o longo do curso a través da observación directa polo profesorado ao alumnado, a súa participación activa no proceso formativo, adquisición de coñecementos, destrezas, habilidades,... segundo os criterios de avaliación relacionados cos contidos básicos para a adquisición dos resultados de aprendizaxe, os obxectivos do módulo e a súa importancia no desempeño da actividade profesional no ámbito laboral.
2. Unha avaliación sumativa ou final do módulo no centro educativo na que se terá en conta toda a información recollida na anterior, ademais da realización das diferentes probas teóricas e prácticas.
Por todo o exposto anteriormente avaliarase segundo o momento o longo do curso:
- O grao de coñecemento dos conceptos, técnicas e procesos adquiridos relacionados cos RA do módulo.
- A comprensión e análise da información, textos e normas e a súa interpretación e aplicación a casos concretos relacionados cos RA do módulo.
- A capacidade de razoamento, así como a iniciativa e creatividade na solución de problemas, cuestións, asuntos,

temas, relacionados cos contidos do módulo.
- A adquisición de coñecementos, capacidade de análise e síntese, destrezas, habilidades,.. relacionados cos resultados de aprendizaxe do módulo.
3. A observación será sempre unha máxima, cada alumno terá a súa ficha individual, recolleranse as incidencias do traballo individual e en grupo, o interese, as intervencións na clase, a iniciativa, a autonomía, a responsabilidade, a creatividade, a resolución razoada e mais axeitada de cuestións, tarefas, exercicios, actividades,...
4. As probas escritas e prácticas constarán de varias ítems e a súa valoración farase en conxunto por considerar que todos os coñecementos están interrelacionados e esixiranse uns coñecementos mínimos (BC) en todos eles non podendo quedar ningunha parte sen contestar. Deberanse superar positivamente todos os CA correspondentes a cada RA, demostrando a alumna ou alumno que é capaz de facer, comprender e/o sexa capaz de demostrar una vez terminado un proceso de aprendizaxe o seu dominio. De non acadar positivamente todos os CA a nota máxima (na proba, exercicio, traballo, tarefa, actividade,...) será 4.
5. As cualificacións, en calquera tipo de actividades, proba, avaliación parcial ou final do módulo, é de 1 a 10,(de resultar con cifras decimais terase en conta: si a cifra decimal está entre 0,1 e 0,5 redondearase a baixa, e si está entre 0,6 e 0,9 redondearase a alta) procedente da valoración do nivel de suficiencia adquirida polo alumno/alumna por medio de diferentes recursos e procedementos.
Baremo das diferentes ferramentas:
1. Probas escritas (teóricos e prácticos) e/o probas prácticas:75%.
2. Traballo individual diario + actividades e tarefas diarias e participación no desenvolvemento da clase (aula, taller, laboratorio): 15%.
3. Traballos monográficos e exposicións, participación en actividades extraescolares ou complementarias: 10 %.
- Para poder obter a nota, por avaliación parcial ou final, será a partir das valoracións obtidas en cada apartado de valoración, tendo en conta que a cualificación do alumno/alumna ha de ser positiva (nota de 5 o superior) en cada un deles, xa que deberan estar superados todos os CA correspondentes os RA segundo o período da programación en que se atope, de non ter superados os CA considerase que o alumno/alumna non adquiriu o/ou os RA correspondente/s, polo que a cualificación será negativa, non será superior a 4, e terá que recuperar ese RA ou eses RAs.
- Toda as actividades, tarefas, cuestionarios, exercicios, traballos,... propostos son obrigatorios (tanto as programadas fisicamente na aula ou taller, como as requiridas a través da aula virtual), non acadando una avaliación positiva se non se realizan ou se entregan no período de tempo deseñado.
- As actividades extraescolares ou complementarias (actividades deseñadas para facilitar a aprendizaxe en medios, instalacións ou equipos que non están dispoñibles no centro educativo) tamén serán obrigatorias para acadar os resultados de aprendizaxe e a avaliación positiva.
Criterios de cualificación:
O nivel mínimo que se considera suficiente para obter a avaliación positiva do módulo virá dado por:
1. Probas escritas (teóricas e prácticas):
CUALIFICARASE:
- Coñecementos de conceptos, técnicas e procesos.
- Capacidade de análise, compresión, interpretación e aplicación da información a casos concretos relacionados co módulo e a práctica profesional.
- Capacidade de razoamento, concreción, creatividade, utilidade e relevancia na práctica profesional.
- Respostas claras, concisas e adecuadas.
- Adecuación do contido do módulo a práctica profesional.
- Aportacións de interese, orixinalidades, singularidades, etc., relacionadas co módulo e a práctica profesional.
- Orde e presentación (letra clara, lexible, deixando marxes axeitados).
A cualificación total obtida nos cuestionarios e probas (teóricos e prácticos) nunca poderá ser inferior a 5 puntos para considerarse superada.
a. Probas ordinarias: o alumnado deberá superar positivamente os CA correspondentes a materia de que se trate nese período da programación, acadando un mínimo do 40% da puntuación de cada CA (tendo en conta os BC), estas probas cunha nota igual a 4 ou maior, poderán ser compensable con puntuación superior en outras probas da mesma categoría, no mesmo período e que a media sexa 5 ou superior.
b. Probas de recuperación parciais: o alumnado deberá superar positivamente os CA correspondentes a materia de que se trate nese período da programación, acadando un mínimo do 50% da puntuación de cada CA (tendo en conta os BC), estas probas soamente poden facer media cando acaden unha nota igual a 5 ou superior.

NOTA: No caso da realización de probas escritas tipo test, serán de resposta única e a cualificación do mesmo será:
Nota da proba = a*10/X - (b*10/2X + c*10/4X). Sendo:
- X: o número total de preguntas do test.
- a: o número de preguntas correctas.

- b: o número de preguntas incorrectas.
- c: o número se preguntas sen contestar.

2. Traballo individual diario + actividades diarias e participación no desenvolvemento da clase (aula, taller, laboratorio):
CUALIFICARASE:
a. Grao de coñecementos dos conceptos, técnicas, procesos, protocolos,...
b. Regularidade na realización de tarefas teórico/prácticas: compresión, concreción e utilidade e relevancia na práctica profesional.
c. Capacidade de razoamento, creatividade, iniciativa e autonomía.
c. Participación e contribucións de interese na materia que se trate en cada momento.
d. Atención, orde, seguridade e hixiene, seguir a secuenciación nos traballos, protocolos, procesos, técnicas.
e. Respecto polo medio ambiente.
f. Comportamento correcto, responsable, adaptación as normas, tolerancia cos demais, participación en traballos en grupo.
Estas ferramentas serán entregadas, de ser o caso, ou expostas para ser avaliadas na data preestablecida, no período correspondente, de non ser así consideraranse non realizadas.
A cualificación total obtida nos traballo individual diario + actividades diarias e participación no desenvolvemento da clase (aula, taller, laboratorio) nunca poderá ser inferior a 5 puntos para considerarse superada.

3. Traballos monográficos e exposicións, participación en actividades extraescolares ou complementarias:
CUALIFICARASE:
A.Traballos monográficos e exposicións:
a. Presentación, orde no contido, coñecementos e a súa relevancia cara a formación no módulo, e a utilidade práctica profesional.
b. Destrezas na procura da información relacionada co título do traballo, módulo e práctica profesional.
c. Análise e compresión da información en imaxes, gráficos, textos, lexislación, normas, protocolos, etc., a súa interpretación e aplicación a casos concretos relacionados co módulo e a práctica profesional.
d. Iniciativa, creatividade, contribucións de interese relacionadas co módulo.
e. Participación en traballos en grupo.
B. Participación en actividades extraescolares ou complementarias:
a. Imaxe persoal adecuada a actividade.
b. Saber estar.
c. Respecto as persoas que poidan participar no desenvolvemento da actividade.
d. Respecto polo medio no que se desenvolva a actividade.
e. Rigoroso cumprimento das normas establecidas en cada actividade concreta.
Estas ferramentas, de ser o caso, serán entregadas ou expostas para ser avaliadas na data preestablecida, no período correspondente, de non ser así consideraranse non realizadas.
A cualificación total obtida nos traballos monográficos e exposicións, participación en actividades extraescolares ou complementaria nunca poderá ser inferior a 5 puntos para considerarse superada.

Outros criterios de interese para a cualificación:
1. Para obter unha cualificación positiva en cada avaliación o alumno/alumna deberá haber superado: Probas escritas, Traballo individual diario + actividades diarias e participación no desenvolvemento da clase (aula, taller, laboratorio) e Traballos monográficos e exposicións, participación en actividades extraescolares ou complementarias, que corresponda o desenvolvemento da programación realizada en cada avaliación.
2. De non ter perdido máis do 10% das sesións de clase ao longo do curso, o alumnado que non superen todos ou algún RA realizarán unha proba escrita de recuperación (teórica/práctica) e/ou segundo o caso unha proba práctica, ó remate do módulo no período destinado a tal fin (final do curso) antes da avaliación final, e entregará as tarefas, actividades, traballos,... que non teña superados. Para avaliar e cualificar teranse en conta os mesmos criterios que os utilizados o longo do curso.
3. Para o cálculo da nota de avaliación final do módulo, que aparecerá no correspondente boletín de notas, teranse en conta as seguintes situacións:
a)Todos os RA superados. A nota final será a nota da avaliación realizada previa a avaliación final, e o módulo está APROBADO.
b) Algún RA non acadado, nestes caso a avaliación do módulo considerarase negativa, e dicir SUSPENSA, polo tanto a nota non será superior a 4.
4. De non superar a proba final de recuperación a alumna ou alumno suspenderá o módulo, xa que a avaliación e continua e a súa compresión e emprego na práctica profesional non se poden considerar os RA individualizados, se non como un todo, conxunto de todos os RA, o alumno/alumna non adquiriu os coñecementos, destrezas habilidades e competencias relacionadas co módulo e ca práctica profesional que ten que desempeñar no mercado laboral.

- As datas da realización e de entrega, segundo o caso, de actividades, tarefas, traballos, presentacións, etc., e das

probas son inamovibles.
- Non se repetirán probas, actividades, tarefas, traballos,... fora da data prevista, nin en período ordinario, nin en período de recuperación, nin en período extraordinario.
PARA SUPERAR O MÓDULO E PRECISO QUE O ALUMNO/ALUMNA O FINAL DO CURSO TEÑA ADQUIRIDOS TODOS OS RESULTADOS DE APRENDIZAXE (RA), COÑECEMENTOS, DESTREZAS, HABILIDADES E COMPETENCIAS RELACIONADAS CO MÓDULO, QUE LLE PERMITAN DESENVOLVER A PRÁCTICA PROFESIONAL. DE NON ESTAR ADQUIRIDOS O MÓDULO ESTÁ SUSPENSO.

Procedemento e criterios de recuperación

1. Planificaranse e propoñeranse actividades ca finalidade de facilitar a aprendizaxe e facilitar recuperación do módulo, expresamente aquelas que poidan ser realizables de forma autónoma polo alumnado, equivalentes:
- Elaboración de cadros sinópticos relacionados cos BC e CA de cada RA.
- Elaboración de mapas conceptuais cos BC e CA de cada RA.
- Elaboración de esquemas-resumes cos BC e CA de cada RA.
- Realización de fichas de estudo relacionadas cos BC e CA de cada RA.
- Realización de traballos sobre os BC e CA de cada RA.
- Análise de casos prácticos relacionados cos BC e CA de cada RA.
- Interpretación de información científico-técnica (dos procesos de análise, de calidade, manuais de procedementos e equipos,...) relacionados cos BC e CA de cada RA.
- Análise da lexislación vixente que se relaciona co módulo.
O longo deste proceso resolveranse as dúbidas que lle poidan xurdir a alumna o alumno.
2. Realizaranse unha proba teórica e práctica (similares as realizadas o longo do curso) sobre os contidos do módulo a través dos criterios de avaliación, para verificar que se superan os resultados de aprendizaxe do módulo. Para superar o módulo a alumna ou alumno deberá ter superados todos os criterios de avaliación demostrando que ten adquiridos todos os resultados de aprendizaxe.
Avaliarase e cualificarase o módulo atendendo os CB, CA para adquirir os RA e aprobar o módulo, cos mesmos criterios de cualificación que durante o curso.
As data de realización será no período de recuperación antes de da avaliación final, una vez sinalada con antelación será inamovible.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

SEGUIMENTO
1. As actividades a realizar en cada unidade didáctica serán ao nivel do alumnado en xeral, e de cada alumno/a en particular, en función do nivel de coñecementos previos xerais e expecíficos relacionados co módulo, a capacidade de aprendizaxe xeral do grupo e particular de cada alumno/a e os resultados que se vaian obtendo o longo do curso.
2. As actividades propostas serán acordes cas características do alumnado como grupo ou individualmente, sempre respetando alcanzar os resultados de aprendizaxe recollidos no módulo.
3. O remate de cada unidade didáctica avaliarase si se cumpriron os obxetivos da mesma: aprendizaxe do alumnado, tempo necesario para o seu desenvolvemento, material empregado,....
4. De forma regular cubrirase o seguimento da programación na aplicación da Consellería.
5. De ter algunha incidencia destacable levarase a reunión de departamento
RECUPERACIÓN COMO MÓDULO PENDENTE DO CURSO ANTERIOR.
O inicio do curso informarase o alumnado co módulo suspenso da realización de actividades que lle faciliten a aprendizaxe e a recuperación do módulo, expresamente aquelas que poidan ser realizables de forma autónoma pola alumna o alumno, como:
- Elaboración de cadros sinópticos relacionados cos BC e CA de cada RA.
- Elaboración de mapas conceptuais cos BC e CA de cada RA.
- Elaboración de esquemas-resumes cos BC e CA de cada RA.
- Realización de fichas de estudo relacionadas cos BC e CA de cada RA.
- Realización de traballos sobre os BC e CA de cada RA.
- Análise de casos prácticos relacionados cos BC e CA de cada RA.
- Interpretación de información científico-técnica (dos procesos de análise, de calidade, manuais de procedementos e equipos,...) relacionados cos BC e CA de cada RA.
- Análise da lexislación vixente que se relaciona co módulo.
O longo deste proceso resolveranse as dúbidas que lle poidan xurdir a alumna o alumno.
Realizaranse unha única proba teórica e práctica (similares as realizadas o longo do curso) sobre os contidos do

módulo a través dos criterios de avaliación, para verificar que se superan os resultados de aprendizaxe do módulo. Para superar o módulo a alumna ou alumno deberá ter superados todos os criterios de avaliación demostrando que ten adquiridos todos os resultados de aprendizaxe.
Avaliarase e cualificarase o módulo atendendo os CB, CA para adquirir os RA e aprobar o módulo, cos mesmos criterios de cualificación que durante o curso.
A data da proba será previa a avaliación das prácticas na empresa.
De non superar a proba o módulo estará suspenso.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Polo carácter continuo da avaliación, nas modalidades de ensino profesional será necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos, se o número de faltas nun determinado módulo é superior ao 10 % respecto da súa duración total, con independencia de que estas faltas sexan ou non xustificadas, implicará a PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA, e este alumnado poderá asistir a clases como oíntes, sempre que teñan un comportamento axeitado.
Avaliarase a través da valoración positiva de todos os CA en base os BC expostos no currículo e programación do módulo.
1) Presentarse a unha proba final (teórica e práctica) na que o alumno/a demostre haber adquirido todos os resultados de aprendixaxe, que recolla todos os criterios de avaliación de cada unha das unidades. Será preciso contestar a todos os criteios de avaliación sendo necesario acadar un 50% en cada criterio de avaliación de non ser así a nota non superara o 4.
2) Aplicaranse os mesmos criterios de cualificación que os expostos no apartado 5. desta programación.
3) É preciso superar positivamente (nota igual o maior de 5) a proba teórica e a práctica independentemente.
4) Non se repetirán exames fora das datas previstas, nin teóricos nin prácticos extraordinarios.
5)As datas das probas son inamovibles.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Empregar distintos métodos de ensino para traballar a dimensión do saber, do saber facer e do saber estar e comportarse na materia. Actividade exixente: formular actividades cun progresivo nivel de dificultade e calidade. Motivación: espertar o interese e gusto polas tarefas realizadas. Autonomía: dáse por suposto a capacidade de traballo independente. Non substitución: non substituír ó alumno/a facendo o que eles poden facer / dicir / decidir. Individualización: atención persoal ó alumnado para resolver dificultades e orientalo no proceso de aprendizaxe (ATENCIÓN Á DIVERSIDADE).
Estes principios concrétanse combinando por un lado experiencias de ensino presencial teórico e práctico e por outro o traballo autónomo individual con traballos colectivos e en grupos. Todo isto apoiado por sesións de titoría e orientación.

8.1. Programación da educación en valores.

Respecto e convivencia persoal.
Desenvolvemento da personalidade e integración na sociedade.
Uso racional dos produtos cosméticos e dos tratamentos estéticos.
Deontoloxía profesional.
Xestión de residuos.
Proteción do medio ambiente.
Consumo responsable.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

- Preparación de traballos para a asistencia a campeonatos,
-Asistencia a Xornadas, exposicións,... desenvolvidas polo alumnado, no IES.
- Presentación, no IES, de productos cosméticos de casas comerciais.
- Conferencias por expertos.
- Visitas a congresos feiras, empresas do sector de imaxe persoal, laboratorios, balnearios, casas comerciais,..... tanto do entorno como a nivel nacional e internacional.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

De forma regular analizar:
- Si os tempos dedicados a cada unidade didáctica son os propostos,
- Si os obxectivos de adquisición de coñecementos polo alumnado propostos na unidade didáctica se cumpriron.
- Comprobar si as estratexias de comunicación, as ferramentas de traballo e as actividades programadas foron positivas no aprendizaxe.

11.1. Outros apartados.

1. BIBLIOGRAFIA

Libro referencia Cosmética aplicada a estética y bienestar Videocinco ISBN978-84-96-699-92-2. Outros: Cosmética aplicada a estética y bienestar" Estética&Wellness ISBN978-84-941206-4-0. "Manual de cosmetología Videocinco ISBN84-87190-56-1. Cosméticos: formulación. preparación y aplicación A. Madrid Vicente ISBN84-89922-31-4. Cosmetología de Harry" ISBN84-87189-38-5. Ciencia Cosmética. Bases fisiológicas e criterios pácticos CGCOF. ISBN84-87276-22-9.
Lexislación Europea e Española, aemps. Páxinas Web de laboratorios cosméticos. Revistas especializadas no sector: Vida Estética. Nueva Estética. Páxinas web especializadas no sector.

2. Aula Virtual

De non atoparse no libro de referencia algún/s CB relacionados cos CA e correspondente RA, serán ampliados e postos a disposición no curso Cosmética Aplicada a Estética e Benestar Aula Virtual IES 12 de Outubro.
Utilizarase a Aula Virtual do IES para:
1. Complementar e actualizar contidos do libro suxerido, de acordo os contidos e criterios de avaliación da programación/currículo.
2. Correspondencia co alumnado para aportar información relacionada co módulo:
   - Formación curricular (avaliable).
   - Actividades curriculares (avaliables).
3. Será o medio de formación en caso confinamento/illamento. Os exames de ser posible sempre serán realizados de forma presencial

3. 3 Avaliación previa a prácticas na empresa

Tal como dispón a Ley Orgánica 3/2022 de marzo, de ordenación e integración de la Formación profesional, o alumnado de 1º curso poderá facer prácticas en empresas do sector, tal como así o indican os Artigos 55, 56 e 57 cumprindo as regras que establece dita Lei (Ar. 57.3) e as NOFC, quedando supeditada á valoración polo equipo docente de cada alumna ou alumno de xeito individual.

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	IES 12 de Outubro	Ourense	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D3IMP000100 - Estética integral e benestar	CS

Módulo
MP0746 - Depilación avanzada (2º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro	Identificador
5	137	50	164	85	

Etiquetas

Profesorado responsable

Docentes
Lage Asenjo, Ana

Contido **Páxina**

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. 3

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas 3

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas. 4

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades. 11

5.1. Procedemento de avaliación inicial. 30

6.1. Criterios de cualificación e recuperación 30

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 32

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua 33

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. 33

8.1. Programación da educación en valores. 34

9.1. Actividades complementarias e extraescolares. 34

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. 35

11.1. Outros apartados. 35

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

RESOLUCIÓN do 24 de xullo de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2018/19.
DECRETO 178/2012, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Estética Integral e Benestar.

Este módulo capacita ós alumnos para exercer a súa actividade en pequenas e medianas empresas que teñen relación directa coa imaxe persoal, particularmente en establecementos do sector servizos persoais, concretamente de estética, establecementos relacionados coa venda de produtos de imaxe persoal desempeñando servizos de estética, asesoramento e atención á clientela, comercialización de produtos. Podería ser traballador por conta propia organizando a súa propia empresa.
As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Esteticista.
- Director/ora técnico/a en empresas estéticas e áreas de imaxe persoal, de spa e balnearios.
- Técnico/a en tratamentos estéticos integrais.
- Especialista en técnicas hidroestéticas.
- Técnico/a en micropigmentación.
- Técnico/a en depilación mecánica e avanzada.
- Técnico/a en aparellos de estética.
- Especialista en bronceado mediante radiación ultravioleta.
- Técnico/a en masaxes estéticas.
- Técnico/a en drenaxe linfática estética.
- Traballador/ora cualificado/a en centros de medicina e cirurxía estética.
- Técnico/a comercial.
- Asesor/ora estético/a e cosmético/a.
- Formador/ora técnico/a en estética.

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	CONTORNO DE TRABALLO EN DEPILACIÓN AVANZADA	Identifica e prepara o contorno de traballo cumprindo as medidas de prevención de riscos e de xestión ambiental	10	4
2	IDENTIFICAR DAS NECESIDADES DO USUARIO	Identifica as necesidades da persoa usuaria e selecciona métodos de depilación mecánica e eléctrica,para o que interpreta a información obtida do exame estético e da documentación	10	8
3	REALIZAR TÉCNICAS DE DEPILACIÓN MECÁNICA	Executa técnicas de depilación mecánica en condicións de seguridade e hixiene, con valoración da súa eficacia, e analizando os factores de risco.	20	15
4	REALIZAR TÉCNICAS DE DEPILACIÓN ELÉCTRICA	Executa técnicas de depilación eléctrica en condicións de seguridade e hixiene, con valoración da súa eficacia, e analizando os factores de risco.	25	23
5	REALIZAR TÉCNICAS DE FOTODEPILACIÓN	Executa técnicas de fotodepilación en condicións de seguridade e hixiene, con valoración da súa eficacia, e analizando os factores de risco.	25	31
6	CONTROL DE CALIDADE EN DEPILACIÓN AVANZADA	Supervisa a calidade do servizo de fotodepilación e propón medidas que reduzan as desviacións	10	4

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
6	CONTROL DE CALIDADE EN DEPILACIÓN AVANZADA	producidas.	10	4

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	CONTORNO DE TRABALLO EN DEPILACIÓN AVANZADA	4

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Identifica e prepara o contorno de traballo cumprindo as medidas de prevención de riscos e de xestión ambiental.		
CA1.1 - Identificáronse as características dunha cabina de procesos de fotodepilación.	TO	16
CA1.2 - Identificáronse os métodos de depilación temporais, progresivos e permanentes.	PE	12
CA1.3 - Establecéronse as condicións de seguridade e prevención que se deben aplicar nos tratamentos de depilación mecánica e eléctrica.	PE	12
CA1.4 - Relacionouse a aplicación dos métodos de hixiene e esterilización coas características dos utensilios e dos materiais usados en depilación mecánica e eléctrica.	PE	12
CA1.5 - Controláronse as condicións de almacenamento do material esterilizado e dun só uso.	PE	12
CA1.6 - Especificáronse as pautas que se deben seguir nos accidentes provocados por cosméticos e equipamentos empregados en depilación.	PE	12
CA1.7 - Seguiuse a normativa na xestión de residuos.	PE	12
CA1.8 - Analizouse a normativa vixente.	PE	12

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Preparación do contorno de traballo e medidas de prevención de riscos
Cabina de depilación: características, deseño, distribución, revestimentos, ambientación e ventilación.
Recepción e atención á clientela para o proceso de depilación: normas para a primeira cita.
Imaxe e profesionalidade: imaxe persoal do persoal como imaxe de empresa. Traballo en equipo.

Contidos
Servizos de depilación: clasificación dos métodos de eliminación da peluxe por arrancamento, por destrución da papila dérmica, etc.
Xestión da documentación. Historial estético. Ficha técnica de depilación. Informe de derivación a diferentes profesionais. Consentimento informado.
Arquivo e conservación da documentación.
Medidas de prevención de riscos nas técnicas de depilación mecánica. Técnicas de hixiene postural en procesos de depilación. Medidas de protección das persoas usuarias e do persoal: EPI. Medidas de hixiene, desinfección e esterilización: aplicación de m
Xestión ambiental: aplicación das normas de xestión e almacenamento de residuos.
Normativa comunitaria, estatal e autonómica sobre os equipamentos de depilación mecánica e eléctrica.
Cabina de fotodepilación: características, deseño, distribución, revestimentos, ambientación e ventilación.
Servizos de depilación: clasificación dos métodos de eliminación da peluxe por arrancamento, por destrución do bulbo piloso, das células xerminativas do pelo etc.
Recepción da clientela e atención para o proceso de fotodepilación. Normas para a primeira cita.
Xestión da documentación. Elaboración de documentos para o proceso da fotodepilación:
Historial médico e estético. Fichas técnicas.
Informes de derivación a diferentes profesionais.
Modelo de consentimento informado.
Arquivamento e conservación da documentación.
Medidas de prevención de riscos nas técnicas de fotodepilación.
Técnicas de hixiene postural en procesos de fotodepilación.
Medidas de hixiene, desinfección e esterilización: aplicación de métodos de limpeza, hixiene, desinfección e esterilización para os equipamentos, os cosméticos e os utensilios empregados nos procesos de fotodepilación.
Actuación fronte a accidentes.
Normativa comunitaria, estatal e autonómica sobre equipamentos de fotodepilación.

UD	Título da UD	Duración
2	IDENTIFICAR DAS NECESIDADES DO USUARIO	8

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Identifica as necesidades da persoa usuaria e selecciona métodos de depilación mecánica e eléctrica, para o que interpreta a información obtida do diagnóstico estético e da documentación auxiliar.		
CA2.1 - Identificáronse as actitudes profesionais necesarias na recepción e na atención da clientela.	PE	10

Criterios de avaliación	IA	%
CA2.2 - Analizáronse as características das zonas anatómicas susceptibles de seren depiladas.	PE	10
CA2.3 - Recoñecéronse as alteracións que aconsellan medidas de precaución.	TO	14
CA2.4 - Determináronse as causas de risco máis frecuente na depilación eléctrica e mecánica.	TO	14
CA2.5 - Especificáronse as contraindicacións relativas e absolutas destas técnicas.	PE	14
CA2.6 - Relacionouse o método depilatorio coas necesidades e as características das persoas usuarias.	TO	14
CA2.7 - Establecéronse os elementos que forman parte dos protocolos de fotodepilación.	PE	10
CA2.8 - Seleccionouse o método de depilación por fototermólise selectiva segundo o fototipo cutáneo e as características pilosas.	TO	14

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Identificación das necesidades da persoa usuaria e selección de métodos de depilación mecánica e avanzada
Instrumentos de identificación das necesidades e as demandas da clientela.
Asesoramento e derivación a superiores e a diferentes profesionais.
Análise da zona que se vaia depilar e identificación do tipo de peluxe, segundo a zona anatómica, a profundidade, o grosor, a orientación etc., e a súa adecuación ao proceso de depilación mecánica e eléctrica.
Análise da demanda e das necesidades da zona que se vaia depilar, tendo en conta o tipo de peluxe e a zona anatómica, e a súa adecuación aos procesos de depilación mecánica e eléctrica, e fotodepilación. Combinacións dos métodos.
Recoñecemento de alteracións da pel e pilosas con repercusión no proceso de depilación mecánica e eléctrica: hirsutismo e hipertricose.
Identificación das contraindicacións absolutas ou relativas destas técnicas.
Instalacións, cosméticos e equipamentos necesarios.
Entrevista, exploración e recollida de datos.
Ficha técnica e historial estético.
Diagnóstico e proposta de tratamento.
Consentimento informado.
Normas deontolóxicas nos procesos de depilación.
Criterios de selección do método depilatorio en función da zona anatómica que se vaia tratar, da análise estética e das necesidades e demandas da clientela. Indicacións e contraindicacións.

Contidos
Deseño de protocolos de depilación mecánica e eléctrica por inserción folicular.
Coidados previos e posteriores á depilación mecánica e eléctrica.
Identificación do tipo de peluxe segundo a zona anatómica, a profundidade, o grosor, a súa orientación, etc., e a súa adecuación ao proceso de fotodepilación.
Análise das áreas pilosas e do tipo de peluxe previa ao proceso de fotodepilación.
Identificación das alteracións que poden constituír unha contraindicación das técnicas de fotodepilación.
Determinación de fototipos e fotoetnotipos de pel para a aplicación de técnicas de fotodepilación.
Técnicas para a entrevista, a exploración e a recollida de datos.
Formalización do historial médico-estético e da ficha técnica.
Información á persoa usuaria sobre o diagnóstico emitido e a proposta de tratamento.
Formalización do consentimento informado.
Aplicación das normas deontolóxicas que garantan a confidencialidade da clientela.
Deseño de protocolos de depilación e fotodepilación láser e por luz pulsada.
Coidados previos á fotodepilación.

UD	Título da UD	Duración
3	REALIZAR TÉCNICAS DE DEPILACIÓN MECÁNICA	15

Criterios de avaliación	IA	%
RA3 - Executa as técnicas de depilación mecánica, para o que axusta parámetros e equipamentos, seguindo procedementos establecidos.		
CA3.1 - Establecéronse os requisitos de ambientación e de distribución dos equipamentos, a lenzaría e os cosméticos para a realización da técnica.	TO	12
CA3.2 - Seleccionáronse equipamentos, accesorios e produtos.	TO	12
CA3.3 - Determináronse as pautas de acomodación da persoa usuaria.	TO	12
CA3.4 - Programouse a temperatura óptima nos aparellos de depilación mecánica.	TO	13
CA3.5 - Realizáronse técnicas previas para mellorar os resultados.	TO	13
CA3.6 - Realizouse xustificadamente a depilación con pinzas atendendo ás características da zona que cumpra depilar.	TO	13

Criterios de avaliación	IA	%
CA3.7 - Actuouse segundo o procedemento establecido na depilación con roll-on ou con espátula.	TO	12
CA3.8 - Aplicáronse técnicas posdepilatorias como criterio de calidade.	TO	13

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Execución técnica de depilación mecánica
Preparación do material e da cabina.
Preparación e acomodación da persoa usuaria.
Técnicas previas á depilación mecánica: preparación da zona que se vaia tratar.
Execución da técnica indicada: secuencia específica en función da técnica que se aplique. Depilación con pinzas, con ceras, con fío etc.
Coidados posdepilación.
Asesoramento profesional.

UD	Título da UD	Duración
4	REALIZAR TÉCNICAS DE DEPILACIÓN ELÉCTRICA	23

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Executa técnicas de depilación eléctrica traballando en condicións de seguridade e hixiene.		
CA4.1 - Levouse a cabo un control das condicións de seguridade e hixiene.	TO	10
CA4.2 - Caracterizáronse os equipamentos de depilación eléctrica.	PE	10
CA4.3 - Organizouse a colocación dos instrumentos de observación e iluminación.	TO	10
CA4.4 - Determináronse os criterios de selección de agullas, accesorios e produtos.	PE	10
CA4.5 - Manipuláronse as agullas de depilación seguindo normas de seguridade e hixiene.	TO	10
CA4.6 - Establecéronse os criterios de selección de material ergonómico segundo a zona que se vaia depilar.	TO	10

Criterios de avaliación	IA	%
CA4.7 - Xustificouse a desinfección previa da zona como medida de prevención de infeccións cutáneas.	TO	10
CA4.8 - Establecéronse e axustáronse os parámetros segundo o equipamento e o tipo de corrente.	TO	10
CA4.9 - Xustificouse a traxectoria, a profundidade e o ángulo de inserción na canalización da agulla.	TO	10
CA4.10 - Establecéronse as recomendacións e os coidados posteriores.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - Execución técnica de depilación eléctrica
Preparación do material e da cabina.
Equipamentos de depilación eléctrica (corrente continua, correntes de diatermia, correntes variables e combinacións delas (electrólise, termólise, blend e flash). Parámetros e dosimetría. Indicacións e contraindicacións.
Anaforese e cataforese. Correntes de alta frecuencia D¿Arsonval: parámetros e dosimetría.
Material e agullas de depilación: tipos e características.
Cosméticos para a depilación e para antes e despois desta: criterios de selección e utilización.
Preparación e acomodación da persoa usuaria: material ergonómico.
Técnicas previas á depilación eléctrica por canalización folicular.
Preparación da zona que se vaia tratar.
Criterios de selección de produtos antisépticos.
Execución da técnica indicada: selección dos parámetros e dosimetría. Secuencia específica en función da técnica que se aplique.
Canalización da agulla.
Coidados posteriores á depilación.

UD	Título da UD	Duración
5	REALIZAR TÉCNICAS DE FOTODEPILACIÓN	31

Criterios de avaliación	IA	%
RA5 - Executa técnicas de fotodepilación en condicións de seguridade e hixiene, con valoración da súa eficacia, e analizando os factores de risco.		

Criterios de avaliación	IA	%
CA5.1 - Especificáronse as recomendacións previas e posteriores á execución de técnicas de depilación por fototermólise.	PE	12
CA5.2 - Caracterizáronse os equipamentos de fotodepilación.	PE	12
CA5.3 - Determináronse os criterios de selección de cosméticos para a depilación, e para antes e despois desta.	TO	12
CA5.4 - Xustificouse o emprego dun documento de consentimento informado.	PE	12
CA5.5 - Establecéronse como requisitos previos á depilación o rasurado e a delimitación zonal.	TO	12
CA5.6 - Establecéronse e axustáronse os parámetros segundo o equipamento.	TO	12
CA5.7 - Actuouse segundo o procedemento establecido na fotodepilación.	TO	14
CA5.8 - Seguíronse as pautas de información á persoa usuaria nos coidados posteriores á depilación.	TO	14

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC5 - Execución técnica de fotodepilación
Recomendacións previas.
Preparación do material e da cabina. Equipamentos de fotodepilación. Láser e luz pulsada: parámetros e dosimetría.
Cosméticos previos e posteriores á fotodepilación: criterios de selección e utilización.
Preparación e acomodación da persoa usuaria.
Técnicas previas á fototermólise selectiva: preparación da zona que se vaia tratar.
Execución da técnica indicada: selección dos parámetros e dosimetría. Secuencia específica en función da técnica que se vaia aplicar.
Coidados posdepilación. Información á persoa usuaria.

UD	Título da UD	Duración
6	CONTROL DE CALIDADE EN DEPILACIÓN AVANZADA	4

Criterios de avaliación	IA	%

Criterios de avaliación	IA	%
RA6 - Supervisa a calidade do servizo de depilación e propón medidas que reduzan as desviacións producidas.		
CA6.1 - Especificáronse os parámetros que definen a calidade do servizo de depilación e de depilación avanzada.	PE	20
CA6.2 - Definíronse os criterios que permiten avaliar os resultados finais obtidos.	PE	20
CA6.3 - Seguíronse os criterios para avaliar o grao de satisfacción da clientela.	PE	20
CA6.4 - Propuxéronse medidas para mellorar o servizo e o resultado obtido.	PE	20
CA1.3 - Valoráronse as actitudes e as aptitudes que permiten superar procesos selectivos no sector privado e no sector público.

Contidos

BC1 - Procesos selectivos de emprego: estratexias para a inserción laboral.

C1.1 - Técnicas de recrutamento e selección de persoal que marcan tendencia.

Obxectivos específicos

localizar unha oferta de emprego público relacionada co teu sector e analizar os requisitos dos candidatos, o tipo de exame, prazos...

Resultados ou produtos

Esquema dos principais aspectos dunha oferta de emprego público

Recursos específicos

libro de texto
internet
aula virtual
power point
apuntes proporcionados pola profesora

	Actividade	Descrición	Duración
4	A marca persoal	A partir do perfil de Linkedin elaborado o curso pasado, deseñar unha marca persoal acorde aos requerimentos do mercado laboral, as súas habilidades, destrezas e o seu aporte de valor	1

Criterios de avaliación

RA1 - Planifica e pon en marcha estratexias nos procesos selectivos de emprego que lle permiten mellorar as súas posibilidades de inserción laboral

CA1.4 - Construíuse unha marca persoal identificando as necesidades do mercado actual, as súas habilidades, as súas destrezas e a súa achega de valor.

Contidos

BC1 - Procesos selectivos de emprego: estratexias para a inserción laboral.

C1.5 - Creación da marca persoal. Autoanálise, valor diferencial e visibilidade ante o mundo laboral.

Obxectivos específicos

perfilar a túa marca persoal para mellorar a túa empregabilidade

Resultados ou produtos

perfil del linkedin

Recursos específicos

libro de texto
internet
aula virtual
power point
apuntes proporcionados pola profesora

UD	Título da UD	Duración
2	O emprendemento	3

	Actividade	Descrición	Duración
1	Empresas innovadoras e sostibles	En base a o caso dunha empresa innovadora, analizar a idea dos fundadores, o tipo de innovación, as estratexias de sostibilidade e a evolución da mesma	1

Criterios de avaliación

RA3 - Pon en práctica as habilidades emprendedoras necesarias para o desenvolvemento de procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo cara a un modelo sostible.

CA3.1 - Identificouse o concepto de innovación e a súa relación coa construción dunha sociedade máis sostible que mellore o benestar dos individuos.

CA3.6 - Incorporáronse os obxectivos das políticas e das iniciativas relacionadas coa sostibilidade e o ambiente, á estratexia empresarial enfocada ao desenvolvemento dun modelo económico e social sostible.

RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna

CA5.1 - Analizáronse os conceptos básicos do emprendemento e da innovación social.

CA5.2 - Reflexionouse sobre a necesidade do liderado ético e sostible nas organizacións.

Contidos

BC3 - Habilidades emprendedoras para a modernización e sostibilidade do sector produtivo.

C3.1 - Creatividade e innovación. Concepto, características e tipos. A innovación como motor de cambio cara ao desenvolvemento sostible.

BC5 - Proxecto emprendedor.

C5.1 - Emprendemento e innovación social: conceptos. Valores éticos, sostibilidade, impacto ambiental e importancia da dixitalización no proxecto emprendedor.

Obxectivos específicos

analizar a idea dos fundadores dunha empresa innovadora

analizar o tipo de innovación

analizar as estratexias de sostibilidade e a evolución da mesma

Resultados ou produtos

esquema sobre a idea, tipo de innovación e estratexias de sostibilidade empregadas por unha empresa

Recursos específicos

libro de texto
internet
aula virtual
power point
apuntes proporcionados pola profesora

	Actividade	Descrición	Duración
2	Habilidades emprendedoras	Autoavaliación das habilidades emprendedoras	1

Criterios de avaliación

RA3 - Pon en práctica as habilidades emprendedoras necesarias para o desenvolvemento de procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo cara a un modelo sostible.

CA3.3 - Aplicáronse as habilidades emprendedoras necesarias para promover o emprendemento e o intraemprendemento.

CA3.5 - Desenvolveuse a competencia dixital necesaria para a mellora dos procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo.

Contidos

BC3 - Habilidades emprendedoras para a modernización e sostibilidade do sector produtivo.

C3.5 - A competencia dixital como fonte de innovación no sector profesional. Impacto da intelixencia artificial.

BC5 - Proxecto emprendedor.

C5.2 - A tecnoloxía como motor para a transformación do modelo produtivo. Tendencias tecnolóxicas que se inclúen no emprendemento.

Obxectivos específicos

coñecer e avaliar as súas habilidades emprendedoras

Resultados ou produtos

Cuestionario de autoavaliación e interpretación dos resultados

Recursos específicos

libro de texto
internet
aula virtual
power point
apuntes proporcionados pola profesora

	Actividade	Descrición	Duración
3	Metodoloxías de emprendemento	Prantexamento de exemplos de cada unha das metodoloxías para emprender	1

Criterios de avaliación

RA3 - Pon en práctica as habilidades emprendedoras necesarias para o desenvolvemento de procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo cara a un modelo sostible.

CA3.2 - Analizáronse as metodoloxías para emprender e a súa importancia para favorecer a innovación e como fonte de creación de emprego e de benestar social.

CA3.4 - Púxose en práctica o traballo colaborativo como requisito para o desenvolvemento de procesos de innovación.

Contidos

BC3 - Habilidades emprendedoras para a modernización e sostibilidade do sector produtivo.

C3.2 - A cultura emprendedora como fonte de emprego. Análise das metodoloxías para o fomento da creatividade, o emprendemento e a innovación.

Obxectivos específicos

coñecer metodoloxías para emprender e empregar algunha delas

Resultados ou produtos

Esquema de funcionamento de cada metodoloxía.
Elexindo unha metodoloxía, por un exemplo.

Recursos específicos

libro de texto
internet
aula virtual
power point
apuntes proporcionados pola profesora

UD	Título da UD	Duración
3	O entorno e a competencia	4

	Actividade	Descrición	Duración
1	Análise da contorna da empresa	Análise das distintas variables que compoñen a contorna xeral e específica da futura empresa	2

Criterios de avaliación

RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioprodutiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento

CA4.6 - Analizáronse os principais compoñentes da contorna xeral e específica, e o seu impacto na idea emprendedora.

Contidos

BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades

C4.1 - Análise da contorna socioprodutiva. Identificación de problemas e necesidades de mercado, e propostas de solucións.

Obxectivos específicos

Analizar as variables do macroentorno e do microentorno con influencia nun proxecto emprendedor

Resultados ou produtos

esquema no que figuren as variables do entorno e se explique cómo afectan positivamente ou negativamente ao proxecto emprendedor

Recursos específicos

libro de texto
power point
internet
aula virtual
apuntes proporcionados pola profesora

	Actividade	Descrición	Duración
2	DAFO-CAME	En base a análise anterior elaborar o DAFO da nosa futura empresa e deseñar o CAME da mesma	1

Criterios de avaliación

RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna

CA5.3 - Reflexionouse sobre a tecnoloxía como base para o cambio do modelo produtivo.

Contidos

BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades

C4.1 - Análise da contorna socioprodutiva. Identificación de problemas e necesidades de mercado, e propostas de solucións.

C4.5 - Economía circular e do ben común. Valores. Desenvolvemento de proxectos baseados na equidade, na xustiza social e na sostibilidade.

Obxectivos específicos

Elaborar o DAFO e o CAME do meu proxecto emprendedor

Resultados ou produtos

DAFO
CAME

Recursos específicos

libro de texto
power point
internet
aula virtual
apuntes proporcionados pola profesora

	Actividade	Descrición	Duración
3	Economía circular e do ben común	Análise do teu proxecto para ver se aplicas os principios da economía circular e do ben común	1

Criterios de avaliación

RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioprodutiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento

CA4.5 - Analizouse a contribución da economía circular e da economía do ben común ao desenvolvemento dun modelo económico e social baseado na equidade, a xustiza social e a sostibilidade.

Contidos

BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades

C4.4 - Cultura empresarial e imaxe corporativa. Desenvolvemento sostible aplicado ao modelo de negocio proposto. Simulación dun balance social.

Obxectivos específicos

Estudar detidamente o teu proxecto para ver que cumples os principios de economía circular e do ben común

Resultados ou produtos

táboa na que figuren qué accións levas relacionadas coa economía circular

Recursos específicos

libro de texto
power point

internet
aula virtual
apuntes proporcionados pola profesora

UD	Título da UD	Duración
4	O cliente e a idea	4

	Actividade	Descrición	Duración
1	Segmentación de mercado	Identificación das características dos segmentos de mercado pola idade	1

Criterios de avaliación

RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna

CA5.4 - Puxéronse en marcha as estratexias propias do pensamento de deseño para detectar necesidades sociais e ambientais.

Contidos

BC5 - Proxecto emprendedor.

C5.3 - Principios e procesos do pensamento de deseño. Ferramentas para identificar e abordar necesidades sociais e ambientais.

Obxectivos específicos

segmentar o mercado e describir as características de cada segmento segundo a idade

Resultados ou produtos

esquema

Recursos específicos

libro de texto
power point
internet
aula virtual
apuntes proporcionados pola profesora

	Actividade	Descrición	Duración
2	Estudio do cliente obxetivo. Metodoloxías de estudo	Entrevista de posibles compradores para coñecer os problemas dos nosos productos, as súas necesidades e preferencias e deseñar unha proposta de valor	2

Criterios de avaliación

RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioprodutiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento

CA4.1 - Identificáronse os problemas das persoas destinatarias potenciais do proxecto emprendedor como paso previo á proposta de solucións que se convertan en oportunidades.

Contidos

BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades

C4.1 - Análise da contorna socioprodutiva. Identificación de problemas e necesidades de mercado, e propostas de solucións.

Obxectivos específicos

entrevistar a compradores potenciais para coñecer as súas necesidades e preferencias e, a partir de ahí, deseñar unha proposta de valor

Resultados ou produtos

Deseño da entrevista, realización da mesma e interpretación dos resultados
Deseño da proposta de valor

Recursos específicos

libro de texto
power point
internet
aula virtual
apuntes proporcionados pola profesora

	Actividade	Descrición	Duración
3	Xeración de ideas de negocio	Posta en marcha do proceso de creación da idea de negocio incorporando valores éticos e sociais	1

Criterios de avaliación

RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioprodutiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento

CA4.4 - Incorporáronse valores éticos e sociais á idea emprendedora analizando modelos de balance social.

RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna

CA5.5 - Analizáronse os elementos do deseño de modelos de negocio ecosociais e/ou de base tecnolóxica.

CA5.6 - Aliñáronse metas de desenvolvemento sostible co deseño de modelos de negocio ecosociais e/ou de base tecnolóxica.

Contidos

BC3 - Habilidades emprendedoras para a modernización e sostibilidade do sector produtivo.

C3.6 - A axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) integrados na estratexia empresarial.

C3.7 - A Axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sostible

BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades

C4.2 - Fomento da creatividade no emprendemento. Técnicas para a xeración de ideas. Influencia no desenvolvemento económico e social.

BC5 - Proxecto emprendedor.

C5.1 - Emprendemento e innovación social: conceptos. Valores éticos, sostibilidade, impacto ambiental e importancia da dixitalización no proxecto emprendedor.
Obxectivos específicos Perfilar a miña idea de negocio respondendo as necesidades dos clientes pero con valores éticos e sociais
Resultados ou produtos Redacción da idea
Recursos específicos libro de texto power point internet aula virtual apuntes proporcionados pola profesora

UD	Título da UD	Duración
5	O marketing	5

	Actividade	Descrición	Duración
1	Marketing estratéxico	Definición da estratexia de posicionamento do produto ou servizo	1

Criterios de avaliación

RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioprodutiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento

CA4.2 - Púxose en práctica o proceso creativo co fin de conseguir unha idea emprendedora que achegue valor económico, social e/ou cultural.

CA4.3 - Deseñouse un modelo de negocio e/ou xestión derivado da idea emprendedora.

Contidos

BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades

C4.3 - Deseño do modelo de negocio segundo o sector produtivo. Proposta de valor.

BC5 - Proxecto emprendedor.

C5.3 - Principios e procesos do pensamento de deseño. Ferramentas para identificar e abordar necesidades sociais e ambientais.

Obxectivos específicos

Establecer que estratexia empregarei para que se posicione mellor o meu produto ou servizo

Resultados ou produtos

esquema das estratexias elexidas

Recursos específicos

libro de texto
power point
internet
aula virtual
apuntes proporcionados pola profesora

	Actividade	Descrición	Duración
2	Marketing operativo: produto, prezo, comunicación, distribución	Definición dos elementos do noso produto/servizo incluíndo estratexias de marketing; establecemento de estratexias concretas respeto á política de prezos, concretar as actividades de promoción do producto e definición da canle de distribución que vai empregar a	2

	Actividade	Descrición	Duración
2	Marketing operativo: produto, prezo, comunicación, distribución	’nosa empresa	2

Criterios de avaliación

RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioprodutiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento

CA4.9 - Experimentouse coa posta en práctica de estratexias de márketing para desenvolver destrezas en técnicas de comunicación e venda.

CA4.9.1 - Analizáronse as principais estratexias de marketing e diseñáronse as máis adecuadas á miña empresa

Contidos

BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades

C4.3 - Deseño do modelo de negocio segundo o sector produtivo. Proposta de valor.

BC5 - Proxecto emprendedor.

C5.3 - Principios e procesos do pensamento de deseño. Ferramentas para identificar e abordar necesidades sociais e ambientais.

Obxectivos específicos

deseño das estratexias de marketing relacionadas co produto/servizo

deseño de estratexias relacionadas coa política de prezos

concretar as actividades de promoción a realizar

elexir a canle de distribución a empregar

Resultados ou produtos

descripción das estratexias de marketing elexidas

Recursos específicos

libro de texto
power point
internet
aula virtual
apuntes proporcionados pola profesora

	Actividade	Descrición	Duración
3	Atención ao cliente	Redacción dunha política de atención ao cliente	1

Criterios de avaliación

RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioprodutiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento

CA4.9 - Experimentouse coa posta en práctica de estratexias de márketing para desenvolver destrezas en técnicas de comunicación e venda.

CA4.9.2 - Elaborourse un protocolo de atención ao cliente

Contidos

BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades

C4.3 - Deseño do modelo de negocio segundo o sector produtivo. Proposta de valor.

Obxectivos específicos

Elaborar un protocolo de atención ao cliente

Resultados ou produtos

protocolo de atención ao cliente

Recursos específicos

libro de texto
power point
internet
aula virtual
apuntes proporcionados pola profesora

	Actividade	Descrición	Duración
4	Prototipo	creación e validación dun prototipo do produto que imos vender	1

Criterios de avaliación

RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioprodutiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento

CA4.7 - Realizáronse entrevistas de problema para validar o perfil e o problema das persoas destinatarias da idea emprendedora.

CA4.8 - Validouse a solución mediante a creación de prototipos, procurando o encaixe entre problema e solución.

Contidos

BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades

C4.3 - Deseño do modelo de negocio segundo o sector produtivo. Proposta de valor.

Obxectivos específicos

crear e validar o prototipo do producto que imos vender

Resultados ou produtos

prototipo

Recursos específicos

libro de texto
power point
internet
aula virtual
apuntes proporcionados pola profesora

UD	Título da UD	Duración
6	A viabilidade do proxecto	8

	Actividade	Descrición	Duración
1	O plan de producción	Elaboración dun listado de todos os recursos materiais e humanos necesarios así coma dos potenciais proveedores	1

Criterios de avaliación

RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna

CA5.7 - Aplicáronse as estratexias necesarias para analizar a viabilidade do proxecto emprendedor.

CA5.7.1 - Realizouse un plan de produción

Contidos

BC5 - Proxecto emprendedor.

C5.5 - Desenvolvemento do proxecto emprendedor. Estratexias para a creación de modelos de negocio sostibles e tecnolóxicos. Fórmulas de economía social.

Obxectivos específicos

buscar e facer un listado dos recursos materiais, humanos e dos proveedores que precisaremos

Resultados ou produtos

listado de recursos e proveedores

Recursos específicos

libro de texto
power point
internet
aula virtual
apuntes proporcionados pola profesora

	Actividade	Descrición	Duración
2	Análise de custes	Clasificación e cálculo dos custes fixos e variables do proxecto	1

Criterios de avaliación

RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna

CA5.7 - Aplicáronse as estratexias necesarias para analizar a viabilidade do proxecto emprendedor.

CA5.7.2 - Fíxose unha análise de custes

Contidos

BC5 - Proxecto emprendedor.

C5.5 - Desenvolvemento do proxecto emprendedor. Estratexias para a creación de modelos de negocio sostibles e tecnolóxicos. Fórmulas de economía social.

Obxectivos específicos

facer un listado dos custes fixos e variables da miña empresa e calculalos

Resultados ou produtos

cálculo dos CF e CV

Recursos específicos

libro de texto
power point
internet
aula virtual
apuntes proporcionados pola profesora

	Actividade	Descrición	Duración
3	Inversións e gastos iniciais	Redacción do plan de inversións e gastos iniciais	1

Criterios de avaliación

RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna

CA5.7 - Aplicáronse as estratexias necesarias para analizar a viabilidade do proxecto emprendedor.

CA5.7.3 - Identificáronse os gastos e inversión inicial

Contidos

BC5 - Proxecto emprendedor.

C5.5 - Desenvolvemento do proxecto emprendedor. Estratexias para a creación de modelos de negocio sostibles e tecnolóxicos. Fórmulas de economía social.

Obxectivos específicos

redactar o plan de inversións e gastos para coñecer cánto diñeiro precisaremos

Resultados ou produtos

Plan de I e G

Recursos específicos

libro de texto

power point internet aula virtual apuntes proporcionados pola profesora

	Actividade	Descrición	Duración
4	Fontes de financiamento	Análise das distintas fontes de financiamento, especialmente das socialmente sostibles	3

Criterios de avaliación

RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna

CA5.8 - Investigáronse as opcións financeiras socialmente responsables.

CA5.8.1 - Identificáronse as opcións financieiras, especialmente as socialmente responsables

Contidos

BC5 - Proxecto emprendedor.

C5.6 - Investimentos e fontes de financiamento socialmente responsables. Subvencións.

Obxectivos específicos

Analizar as principais características das fontes de financiamento

Analizar as fontes de financiamento socialmente sostibles

Resultados ou produtos

esquema das características das fontes de financiamento

Recursos específicos

libro de texto
power point
internet
aula virtual
apuntes proporcionados pola profesora

	Actividade	Descrición	Duración
5	Xestión contable	Coñecemento e interpretación dos principais documentos contables	1

Criterios de avaliación

RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna

CA5.8 - Investigáronse as opcións financeiras socialmente responsables.

CA5.8.2 - Determináronse os principios dunha xestión contable

Contidos

BC5 - Proxecto emprendedor.

C5.6 - Investimentos e fontes de financiamento socialmente responsables. Subvencións.

Obxectivos específicos

coñecer a información máis relevante dos documentos contables

Resultados ou produtos

esquema das características dos documentos contables
supostos prácticos resoltos

Recursos específicos

libro de texto
power point
internet
aula virtual
apuntes proporcionados pola profesora

	Actividade	Descrición	Duración
6	Formas xurídicas e trámites	Esquematización das principais características das formas xurídicas de empresa así como dos trámites de constitución	1

Criterios de avaliación

RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna

CA5.9 - Defiríronse os axentes implicados no proxecto, así como a súa participación neste.

Contidos

BC5 - Proxecto emprendedor.

C5.4 - Identificación das partes interesadas relevantes para o proxecto emprendedor. Servizos públicos e privados de asesoramento na xestión e na posta en marcha dunha empresa.

C5.5 - Desenvolvemento do proxecto emprendedor. Estratexias para a creación de modelos de negocio sostibles e tecnolóxicos. Fórmulas de economía social.

Obxectivos específicos

Coñecer as principais características das distintas formas xurídicas de empresa e os trámites de constitución

Resultados ou produtos

táboa comparativa
esquema dos trámites

Recursos específicos

libro de texto
power point
internet

aula virtual
apuntes proporcionados pola profesora

UD	Título da UD	Duración
7	Competencias persoais e sociais	2

	Actividade	Descrición	Duración
1	Estratexias de competencias persoais e sociais	Aplicar estratexias para mellorar ou manter as competencias persoais, sociais e emocionais para o emprego	2

Criterios de avaliación

RA2 - Aplica estratexias relacionadas coas competencias persoais, sociais e emocionais para o emprego en procura da mellora da súa empregabilidade

CA2.1 - Valorouse a importancia das competencias persoais e sociais na empregabilidade no sector de referencia.

CA2.2 - Participouse activamente no establecemento dos obxectivos do equipo e na toma de decisións deste, e asumiuse a responsabilidade das accións e das decisións do grupo, participando activamente no logro duns obxectivos compartidos, cooperando con outras persoas e compartindo o liderado.

CA2.3 - Incorporáronse ao propio proceso de aprendizaxe as técnicas e os recursos de presentación e de comunicación, tanto orais como escritos, adecuados para unha comunicación efectiva e afectiva, sendo quen de os adaptar a cada situación e ás circunstancias, valorando as oportunidades e as dificultades que ofrece cada unha.

CA2.4 - Aplicáronse técnicas e estratexias para a xestión do tempo dispoñible, para alcanzar os obxectivos tanto individuais como do equipo, e programáronse as actividades necesarias.

CA2.5 - Aplicáronse estratexias para canalizar as emocións amosando unha actitude flexible nas relacións con outras persoas.

CA2.6 - Desenvolvéronse estratexias para a programación de actividades, atendendo a criterios de organización eficiente e prevendo as posibles dificultades.

CA2.7 - Reaccionouse de xeito flexible e positivo ante conflitos e situacións novas, aproveitando as oportunidades e xestionando as dificultades, facendo uso de estratexias relacionadas coa intelixencia emocional.

Contidos

BC2 - Competencias persoais, sociais e emocionais: estratexias para a mellora da empregabilidade.

C2.1 - Importancia das competencias clave e das habilidades sociais máis relevantes relacionados coa empregabilidade.

C2.2 - Equipos de traballo. Construción e desenvolvemento dun equipo de traballo. Os 5C do traballo en equipo. Ferramentas colaborativas e valoración de equipos de traballo.

C2.3 - A comunicación: planificación, deseño e organización do contido. Desenvolvemento das habilidades da comunicación verbal e non verbal. Técnicas de comunicación asertiva.

C2.4 - Xestión eficaz do tempo. Estratexias para a xestión eficaz do tempo e a mellora da produtividade. Métodos para a optimización do tempo na xestión de proxectos.

BC3 - Habilidades emprendedoras para a modernización e sostibilidade do sector produtivo.

C3.3 - Identificación, autoanálise e desenvolvemento das principais competencias e habilidades para o emprendemento e o intraemprendemento.

C3.4 - Traballo colaborativo: concepto, características e vantaxes. A súa importancia para a innovación.

C3.5 - A competencia dixital como fonte de innovación no sector profesional. Impacto da intelixencia artificial.

Obxectivos específicos
elaborar estratexias para mellorar as competencias persoais, sociais e emocionais cara a empregabilidade
Resultados ou produtos
esquema de estratexias
Recursos específicos
libro de texto power point internet aula virtual apuntes proporcionados pola profesora

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

A profesora fará unha sondaxe do alumnado para analizar os coñecementos previos da materia que o alumnado ten. Por suposto, reunirase co equipo docente do grupo encabezado polo titor/a para intercambiar información con relevancia significativa no proceso de ensino aprendizaxe de cada alumno/a e así facer as adaptacións necesarias.

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**20**	**10**	**10**	**20**	**20**	**15**	**5**
Lista de cotexo	80	50	0	0	0	0	100
Proba escrita	0	0	90	100	100	100	0
Táboa de observación	20	50	10	0	0	0	0

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**100**
Lista de cotexo	**26**
Proba escrita	**64**
Táboa de observación	**10**

Procedemento e criterios de cualificación:

Para a avaliación do módulo valoraranse a realización das actividades propostas e a resolución dos cuestionarios e supostos prácticos plantexados polo profesor, e a realización de actividades sustitutivas das probas escritas. A avaliación completarase cunha proba escrita, ao final de cada trimestre, que constará de casos prácticos sinxelos e preguntas curtas, formuladas de xeito que permitan comprobar o grado de comprensión do alumnado respecto das ensinanzas impartidas. A nota final virá determinada pola media aritmética das probas escritas realizadas e das actividades sustitutivas das probas escritas que serán prantexadas en varios temas. Se na realización dunha proba escrita o alumno desenvolve conductas pouco éticas (copiar...), entregará o escrito á profesora e o exame soamente se calificará ata o momento de detectar a infración e sempre que as preguntas non coincidan coas probas encontradas. Deberá acadarse unha nota mínima de 4 para poder facer media da proba escrita ou actividade sustitutiva. Do contrario a materia que non acade un catro acumularase coa proba seguinte; en todo caso, requírese obter unha puntuación de 5 tanto para superar o módulo. Para aqueles alumnos que non acaden a nota mínima, farase un exame de recuperación en cada trimestre e/ou darase un novo prazo para a revisión e mellora da parte correspondente das actividades sustitutivas.

Procedemento e criterios de recuperación

Para os/as alumnos/as que non acaden os mínimos sinalados na presente programación, farase un exame final, que constará de preguntas teóricas e casos prácticos relativos ao contidos impartidos en todas as unidades didácticas, debendo cada alumno/a respostar unicamente ás que corresponden as partes non superadas, e/ou darase un novo prazo para a presentación das actividades sustitutivas.
Para os alumnos que non accedan á FCT e non teñan superado o módulo, desenvolveranse sesións de recuperación, nas que se realizarán actividades teóricas e prácticas, e se resolverán as dúbidas dos/as alumnos/as. Durante o período de recuperación realizarase unha ou varias probas escritas, sempre que as actividades programadas e realizadas polos/as alumnos/as non fosen suficientes para comprobar que se alcanzaron os resultados de aprendizaxe especificados na programación deste módulo. Para a realización destas actividades de recuperación, os alumnos asistirán ao centro dúas sesións semanais no terceiro trimestre do curso, para a corrección das actividades programadas, a resolución de dúbidas e a realización das probas previstas. As actividades de recuperación programadas son as seguintes:
a) Realización e explicación dun esquema dos contidos básicos de cada unidade de traballo
b) Resposta a cuestionarios relativos aos contidos fundamentais de cada unidade
c) Resolución de casos prácticos sinxelos.
d) Elaboración do plan de empresa.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que quede co módulo pendente terá que repetir curso e deberá incorporarse a aula o ano seguinte e facer todas as actividades que se planifiquen para o grupo.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Para os alumnos que perdan o dereito de avaliación continua levarase a cabo unha proba escrita teórica e unha proba escrita práctica sobre os contidos do módulo . É preciso superar as dúas partes cunha nota mínima de 5.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

As medidas de reforzo e flexibilización con alumnado con n.e.e serán acordadas de común acordo co Departamento de Orientación. Por suposto escoitarase ao alumnado e, de ser o caso, ás súas familias

8.1. Programación da educación en valores.

O fomento do espíritu emprendedor.
- O traballo en equipo, ao elaborar deste xeito o plan de empresa, a eo realizar tamén en equipo moitas das actividades programadas.
- A importancia do crecemento sostible, da protección do medio ambente.
- Fomento do hábito lector entre o alumnado de formación profesional colaborando coa biblioteca. Potenciarase a lectura e análise critica de textos e películas relacionados co mundo da empresa. Trataranse de forma transversal:
- A igualdade de trato e non discriminación.
- Os dereitos humanos.
- Educación para a paz.
- Educación para a saúde.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

- Visita a unha empresa do sector.
- Charlas sobre emprendemento.
- Charla marca persoal
- Todas as actividades que vaian xurdindo ao longo do curso e que o departamento as considere interesantes para o módulo.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

Dado que no proceso de ensino-aprendizaxe é preciso levar a cabo un control periódico, para verificar que os obxetivos prantexados inicialmente se van cumprindo tal e como se deseñaron, e, de non ser así, analizar as causas do incumprimento e adoptar as medidas precisas, resulta lóxico que o documento base deste proceso resulte avaliado. Para eso o Departamento reunirase, tal e como a normativa esixe, cunha periodicidade mínima mensual para ir analizando en que medida se cumpren os obxetivos, e tomará as medidas que considere máis axeitadas para que o proceso de ensino-aprendizaxe sexa satisfactorio. Este análise será máis profundo despois de cada avaliación e xa con resultados. Ao remate do curso resumiranse as principais desviacións producidas e as distintas medidas adoptadas na memoria final. Estas conclusións serán básicas para a elaboración da programación do curso seguinte

11.1. Outros apartados.

1. ENSINO NON PRESENCIAL

No suposto de que por razóns sanitarias as autoridades educativas decidan nalgún momento o ensino non presencial os resultados de aprendizaxe, os contidos e as actividades seguirán sendo as mesmas pero por vía telemática. Por este motivo, desde o comenzo do curso todos os contidos e actividades figurarán na aula virtual do centro e o alumnado será instruído no seu uso e empregaremos CamEdu, webex.

2. CRITERIOS E E INSTRUMENTOS DE AVALIACION EN ENSINO NON PRESENCIAL

Aplicaranse os mismos criterios de avaliacion previstos na programación para o ensino non presencial pero adaptados a formación online. Os instrumentos de avaliacion que se empregaran serán:
-Proba escrita individualizada para cada alumno a través da aula virtual.
- Resolución de cuestionarios da aula virtual ou de google form
- Participación nos diferentes Kahoots prantexados.
- Participación nas preguntas de debate lanzadas telemáticamente.
- Participación nas videoconferencias.

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	IES 12 de Outubro	Ourense	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D3IMP000100 - Estética integral e benestar	CS

Módulo
MP0747 - Masaxe estética (1º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro	Identificador
9	240	50	288	288	

Etiquetas

Profesorado responsable

Docentes
Lage Asenjo, Ana

Contido **Páxina**

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. 3

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas 4

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas. 4

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades. 12

5.1. Procedemento de avaliación inicial. 46

6.1. Criterios de cualificación e recuperación 46

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 48

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua 49

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. 49

8.1. Programación da educación en valores. 50

9.1. Actividades complementarias e extraescolares. 50

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. 51

11.1. Outros apartados. 51

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

Este profesional exerce a súa actividade no sector de coidados da imaxe persoal, no subsector de coidados estéticos, en pequenas e medianas empresas, maioritariamente privadas, nas áreas de tratamentos estéticos integrais, estética hidrotermal, microimplantación de pigmentos, depilación avanzada, masaxe estética e drenaxe, e asesoramento en tratamentos e produtos cosméticos.

Trátase de profesionais por conta propia que traballan xestionando a súa propia empresa ou de profesionais por conta allea, que exercen a súa actividade profesional como persoal empregado, ou na xefatura de área ou departamento.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:
- Esteticista.
- Director/ora técnico/a en empresas estéticas e áreas de imaxe persoal, de spa e balnearios.
- Técnico/a en tratamentos estéticos integrais.
- Especialista en técnicas hidroestéticas.
- Técnico/a en micropigmentación.
- Técnico/a en depilación mecánica e avanzada.
- Técnico/a en aparellos de etética.
- Especialista en bronceado mediante radiación ultravioleta.
- Técnico/a en masaxes estéticas.
- Técnico/a en drenaxe linfática estética.
- Traballador/ora cualificado/a en centros de medicina e cirurxía estética.
- Técnico/a comercial.
- Asesor/ora estético/a e cosmético/a.
- Formador/ora técnico/a en estética.

O perfil profesional deste título marca unha evolución cara ás competencias relacionadas coas técnicas que potencien os coidados da imaxe persoal a través do benestar e da promoción da saúde. Os futuros profesionais deberán ter un amplo coñecemento de hábitos saudables; unha maior especialización en técnicas manuais estéticas, como a drenaxe estética, técnicas orientais ou reflexoloxía, e unha boa preparación en técnicas sensoriais como a cromoterapia, a aromaterapia, a musicoterapia etc. Os tratamentos cuxo recurso principal é a auga son outros dos procesos que potencian o benestar e converten os centros de spa e balnearios nun sector con gran demanda na actualidade.
A evolución tecnolóxica e o uso de aparellos e cosmética avanzada (radiofrecuencia, aparellos de bronceado con radiación ultravioleta, IPL ou láser, vectores e principios activos cosméticos de nova xeración etc.) demandan un perfil profesional cada vez máis cualificado, con coñecementos científico-tecnolóxicos e con capacidade para a organización e a planificación de procesos, que asuma funcións de calidade, de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e que sexa quen de manter un espírito aberto á innovación.
As empresas do sector avanzan cara ao traballo en equipo e a colaboración con outros profesionais, nomeadamente do ámbito sanitario. Enfocan a súa actividade cara ao
asesoramento profesional e cara á atención personalizada.
Este profesional debe presentar un perfil polivalente, capaz de adaptarse aos cambios, cun alto grao de autonomía e capacidade para a toma de decisións. Finalmente, os aspectos organizativos da prestación de servizos de estética e benestar deberán adaptarse á normativa comunitaria, estatal e autonómica. Na actualidade, os establecementos e o persoal aplicador dos procesos de micropigmentación e bronceado están sometidos a unha lexislación específica de condicións hixiénico-sanitarias e de seguridade que deben seguir para poder exercer. Prevese que se establezan máis regulacións legais doutros procesos con especial incidencia na saúde pública.
As competencias profesionais, persoais e sociais asociadas ao módulo formativo de Masaxe estética dentro do Ciclo de Estética Integral e Benestar son as seguintes:
a) Analizar a viabilidade da implantación de novos servizos e avaliar os medios, materiais e persoais, para o seu desenvolvemento na empresa.
b) Deseñar protocolos estéticos e documentos de consentimento informado, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.
c) Xestionar a loxística e o almacenamento, aprovisionando co material necesario para asegurar o bo funcionamento de todos os servizos que ofrece a empresa de estética.
d) Determinar e supervisar o traballo de cada profesional ao seu cargo, coordinando e programando as actividades.
g) Aplicar masaxes e drenaxes linfáticos estéticos, con selección previa de técnicas e procedementos.

k) Asesorar á clientela, informando dos efectos dos tratamentos e dos cosméticos, a súa relación coa fisioloxía cutánea, os hábitos de vida saudables e as precaucións que hai que seguir durante a súa aplicación, e antes e despois desta.
As unidades de competencia están reflectidas no Anexo VI do decreto de currículo.
O módulo Masaxes estéticos e técnicas sensoriais asociadas, IMP248_3 (Real decreto 790/2007, do 15 de xuño), abarca as seguintes unidades de competencia:
UC0063_3: realizar masaxes manuais e/ou mecánicos con fins estéticos.
UC0792_3: asociar técnicas sensoriais a masaxes con fins estéticos.

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	O ESCENARIO DO BENESTAR: PREPARACIÓN DO ESPAZO DE TRABALLO	Adecuación do espazo de traballo e as súas carácteristicas básicas . Asepcia e antisepsia.	5	9
2	A OLLADA INTERNA: DIAGNÓSTICO E ANÁLISE PARA A ARTE DA MASAXE	Métodos de diagnóstico, elaboración de ficha, consentimento informado. Coñecementos de anatomía e morfoloxía das zonas a tratar, tendo en conta as alteracións estéticas, precaucións e protocolo a seguir. Desenrrolo das técnicas de comunicación coa clientela	5	10
3	RAÍCES DA MASAXE: HISTORIA, TÉCNICA E ESENZA	Introducción básica á masaxe. Moniobras básicas. Indicacións e contraindicacións	25	70
4	A DANZA DAS MÁNS	Realización da masaxe estética facial e corporal personalizada. Análise e diagnóstico da zoa, características e parámetros das manobras. accesorios e aparellos utilizados	25	70
5	VIAXES SENSORIAIS DO TACTO	Realización de distintos tipos de masaxe: bambú, pedras quentes e frías, pindas, maderoterapia...Definir os distintos tipos da masaxe e manobras e secuenciación das mesmas. Determinar o tipo de masaxe segundo a demanda , patoloxía e diagnóstico establecido, aplicando os cosméticos e equipos idóneos. Indicacións e contraindicacións de técnica ténica	15	50
6	RESPIRAR, ESTIRAR, FLUIR	Técnicas respiratorias, estiramentos, movilizacións. Ergonomía	10	40
7	SINFONÍA DOS SENTIDOS: INTEGRACIÓN DE TÉCNICAS SENSORIAIS	Técnicas sensoriais: aromaterápia, cromoterápia e musicoterápia.	10	27
8	EXCELENCIA CON ALMA: CALIDADE Nº SERVIZO E ÉTICA PROFESIONAL	Xestión de queixas e reclamacións.Suxerencias. Normativa aplicable. Deontoloxia profesional.	5	12

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	O ESCENARIO DO BENESTAR: PREPARACIÓN DO ESPAZO DE TRABALLO	9

Criterios de avaliación	IA	%
RA3 - Prepara o espazo de traballo e xustifica o procedemento.		
CA3.1 - Identificáronse os espazos básicos de desenvolvemento do proceso de masaxe	TO	5
CA3.2 - Recoñecéronse os factores de ambientación do espazo de traballo (ventilación, luz, cor, olor, etc.) como factor de calidade do servizo	TO	5
CA3.3 - Mantivéronse as instalacións en óptimas condicións de seguridade e hixiene, aplicando os métodos de limpeza, desinfección e/ou esterilización necesarios	TO	20
CA3.4 - Especificáronse os aspectos básicos da imaxe do persoal	TO	20
CA3.5 - Xustificáronse os exercicios preparatorios das mans da persoa profesional	TO	10
CA3.6 - Preparouse a padiola e os medios necesarios para a realización da masaxe estética	TO	15
CA3.7 - Determináronse as posicións anatómicas apropiadas á técnica	TO	15
CA3.8 - Fixáronse criterios para a selección de cosméticos	TO	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Preparación do espazo de traballo
Adecuación da cabina de masaxe: Características básicas da cabina de masaxe: condicións ambientais, temperatura, iluminación, moblaxe e equipamento. Hixiene e mantemento dos equipamentos e das instalacións.
Preparación do persoal: imaxe persoal, exercicios preparatorios, hixiene postural e ergonomía.
Acomodación e preparación da persoa usuaria: posicións anatómicas adecuadas á masaxe.
Medidas de protección para o persoal e a persoa usuaria.
Cosméticos: criterios de selección para a aplicación da masaxe.
Prevención de accidentes e reaccións adversas.
Protocolos de actuación ante riscos inesperados.
Xestión de residuos.
Limpeza e desinfección e/ou esterilización de materiais e equipamentos.

UD	Título da UD	Duración
2	A OLLADA INTERNA: DIAGNÓSTICO E ANÁLISE PARA A ARTE DA MASAXE	10

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Realiza a análise previa tendo en conta as relacións entre as necesidades estéticas e o proceso de masaxe.		
CA2.1 - Establecéronse as partes da ficha técnica.	PE	15
CA2.2 - Especificáronse os métodos de exploración para a análise previa á masaxe.	PE	20
CA2.3 - Determináronse as alteracións estéticas e patolóxicas con repercusión na aplicación de técnicas de masaxe.	PE	20
CA2.4 - Caracterizáronse as precaucións ante estas técnicas.	PE	10
CA2.5 - Utilizáronse técnicas de entrevista e observación na fase de toma de datos.	TO	20
CA2.6 - Establecéronse as fases para elaboración de procedementos de masaxe.	PE	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Diagnóstico estético na masaxe
Análise da documentación técnica para masaxe estética.
Recepción e atención á clientela.
Análise estética nos procesos de masaxe: Aplicación de métodos de análise estética previos á masaxe. Identificación da zona que se vaia tratar: identificación de alteracións estéticas ou patolóxicas que inflúen na masaxe.
Precaucións.
Aplicación de técnicas de comunicación coas persoas usuarias e co persoal.
Deseño e elaboración de procedementos de traballo de masaxe: descrición do proceso. Materiais e medios. Secuencia e temporalización. Asesoramento profesional.

UD	Título da UD	Duración
3	RAÍCES DA MASAXE: HISTORIA, TÉCNICA E ESENZA	70

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Caracteriza as técnicas de masaxe identificando as manobras e os parámetros de aplicación.		
CA1.1 - Definiuse o concepto de masaxe e explicouse a súa etimoloxía.	PE	10
CA1.2 - Diferenciáronse os tipos de masaxe estética.	LC	10
CA1.3 - Describíronse as manobras de masaxe estética.	TO	20
CA1.4 - Identificáronse os parámetros, os recursos e as manobras que definen unha técnica.	PE	10
CA1.5 - Determinouse a secuencia das manobras con criterios establecidos.	TO	20
CA1.6 - Relacionouse cada manipulación cos efectos producidos segundo a rexión anatómica en que se aplique.	PE	10
CA1.7 - Recoñeceuse a eficacia da masaxe como ferramenta fundamental en estética.	PE	10
CA1.8 - Identificáronse os signos e os síntomas que supoñen unha contraindicación relativa ou absoluta na aplicación de masaxe estética.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Características das técnicas de masaxe
Orixe, evolución e concepto de masaxe: escolas de masaxe e autores.
Diferenzas entre masaxe estética e terapéutica.
Criterios de clasificación das masaxes: en función dos medios utilizados, dos efectos, da técnica, da orixe, da zona de aplicación, da alteración, etc.
Tendencias actuais de masaxe estética.
Tipos de masaxes: sueca e quiromasaxe en estética. Combinación con outras técnicas de masaxe (pedras quentes, madeiroterapia, masaxe californiana etc.).
Manobras básicas de masaxe estética: descrición. Parámetros para a realización das manobras: dirección, intensidade, ritmo e tempo. Clasificación e secuencia das manobras: afloramento, fricción, presión, amasadura, beliscos, percusión e vibración. Técnica de realización.
Efectos da masaxe no organismo. Indicacións e contraindicacións.

UD	Título da UD	Duración
4	A DANZA DAS MÁNS	70

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Realiza masaxe estética manual personalizada, diferenciando as técnicas de realización e os seus efectos.		
CA4.1 - Relacionouse a técnica de masaxe estética coa análise previa.	TO	10
CA4.2 - Formuláronse pautas de personalización de protocolos.	PE	15
CA4.3 - Determináronse as características da técnica de execución para masaxe zonal ou xeral.	TO	15
CA4.4 - Seleccionáronse as manobras e os parámetros específicos para cada zona corporal.	TO	15
CA4.5 - Elaboráronse criterios para a secuencia das manobras.	PE	10
CA4.6 - Seleccionáronse manobras para alteracións estéticas de tipo estrutural e funcional.	PE	10
CA4.7 - Realizáronse as fases do procedemento segundo o protocolo establecido.	TO	15
CA4.8 - Especificáronse os xeitos de manipulación en zonas corporais que requiran precaución.	TO	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
C4.2 - Zonas corporais que requiren precaución.

Obxectivos específicos

Dominio no manexo de pedras,bambú,pindas e madero para masaxe específico

Resultados ou produtos
Coñecemento e execución das diferentes manobras dos diferentes tipos de masaxe estética
Recursos específicos
Aula-taller Materiais e produtos do aula taller Neceser do alumnado Pizarra dixital Conexión a internet Apuntamentos proporcionados pola profesora

UD	Título da UD	Duración
6	RESPIRAR, ESTIRAR, FLUIR	40

	Actividade	Descrición	Duración
1	Técnicas respiratorias asociadas á masaxe	Teoría e práctica das técnicas asociadas á masaxe	10

Criterios de avaliación

RA5 - Aplica técnicas respiratorias asociadas á masaxe estética, mobilizacións e estiradas pasivas, diferenciando os xeitos de realización e os efectos conseguidos.

CA5.1 - Analizáronse as características das técnicas respiratorias.

CA5.2 - Determináronse os beneficios orgánicos e funcionais de cada técnica de respiración.

Contidos

BC5 - Aplicación de técnicas asociadas á masaxe

C5.1 - Técnicas respiratorias: características, efectos e indicacións e técnicas de aplicación.

Obxectivos específicos

Analizar as características das técnicas respiratorias. Determinar os beneficios e funcións de cada técnica de respiración

Resultados ou produtos

Coñecemento e aplicación das técnicas respiratorias no entorno da masaxe estética

Recursos específicos

Aula-taller
Materiais e produtos do aula taller
Neceser do alumnado
Pizarra dixital
Conexión a internet
Apuntamentos proporcionados pola profesora

	Actividade	Descrición	Duración
2	Técnica de mobilización asociadas á masaxe complementada con elongación e/ou puntos gatillo	Teoría e práctica das técnicas de mobilización asociadas á masaxe. Teoría e práctica de elongación e puntos gatillo	10

Criterios de avaliación

RA5 - Aplica técnicas respiratorias asociadas á masaxe estética, mobilizacións e estiradas pasivas, diferenciando os xeitos de realización e os efectos conseguidos.

CA5.3 - Recoñecéronse os beneficios das estiradas e das mobilizacións pasivas preventivas.

CA5.4 - Determináronse contraindicacións relativas e absolutas das estiradas e das mobilizacións pasivas preventivas.

CA5.5 - Relacionouse a posición das mans coas estiradas e as mobilizacións.

Contidos

BC5 - Aplicación de técnicas asociadas á masaxe

C5.2 - Estiradas e mobilizacións: técnicas, beneficios, contraindicacións e precaucións.

Obxectivos específicos

Recoñecer os beneficios das estiradas e das mobilizacións pasivas preventivas. Determinar contraindicacións relativas e absolutas das estiradas e das mobilizacións preventivas.

Resultados ou produtos

Coñecemento e aplicación das técnicas respiratorias de estiradas e movilizacións no entorno da masaxe estética

Recursos específicos

Aula-taller
Materiais e produtos do aula taller
Neceser do alumnado
Pizarra dixital
Conexión a internet
Apuntamentos proporcionados pola profesora

	Actividade	Descrición	Duración
3	Ergonomía do cliente e do profesional.	Posturas correctas no entorno dunha masaxe	10

Criterios de avaliación

RA5 - Aplica técnicas respiratorias asociadas á masaxe estética, mobilizacións e estiradas pasivas, diferenciando os xeitos de realización e os efectos conseguidos.

CA5.6 - Especificáronse, na aplicación destas técnicas, as posicións da clientela e do persoal profesional.

CA5.7 - Seguíronse as pautas de realización na aplicación destas técnicas.

Contidos

BC5 - Aplicación de técnicas asociadas á masaxe

C5.3 - Descrición das posicións da clientela e do/da profesional. Posición das mans.

Obxectivos específicos

Relacionar a posición das mans coas estiradas e as mobilizacións. Espicificar na aplicación destas técnicas, as posicións da clienta e do profesional

Resultados ou produtos

Coñecementos e aplicación das técnicas de ergonomía no entorno da masaxe estética.

Recursos específicos

Aula-taller
Materiais e produtos do aula taller
Neceser do alumnado
Pizarra dixital
Conexión a internet
Apuntamentos proporcionados pola profesora

	Actividade	Descrición	Duración
4	Integración das técnicas respiratorias, estiradas e mobilizacións no proceso de masaxe	Realizar as técnicas respiratorias, estiradas e mobilizacións no proceso de masaxe	10

Criterios de avaliación

RA5 - Aplica técnicas respiratorias asociadas á masaxe estética, mobilizacións e estiradas pasivas, diferenciando os xeitos de realización e os efectos conseguidos.

CA5.8 - Xustificouse a integración destas técnicas no proceso de masaxe.

Contidos

BC5 - Aplicación de técnicas asociadas á masaxe

C5.4 - Integración destas técnicas no proceso de masaxe.

Obxectivos específicos

Seguir as pautas de realización na aplicación destas técnicas. Xustificar a integración desta técnica no proceso de masaxe.

Resultados ou produtos

Aplicación das técnicas no entorno da masaxe estética

Recursos específicos

Aula-taller
Materiais e produtos do aula taller
Neceser do alumnado
Pizarra dixital
Conexión a internet
Apuntamentos proporcionados pola profesora

UD	Título da UD	Duración
7	SINFONÍA DOS SENTIDOS: INTEGRACIÓN DE TÉCNICAS SENSORIAIS	27

	Actividade	Descrición	Duración
1	Aromaterapia e fitoterapia	Estudo das indicacións, contraindicacións e aplicación dos productos de aromaterapia e fitoterapia	5

Criterios de avaliación

RA6 - Aplica técnicas sensoriais asociadas á masaxe estética, describe os seus efectos e intégraas nos protocolos.

CA6.1 - Relacionáronse os produtos de aromaterapia e fitoterapia cos efectos que se pretenda conseguir.

CA6.2 - Caracterizáronse os métodos de aplicación e os tratamentos de aromaterapia e fitoterapia.

Contidos

BC6 - Aplicación de técnicas sensoriais

C6.1 - Aromaterapia e fitoterapia asociada a masaxes estéticas: Criterios de selección, preparación e dosificación de aceites esenciais e plantas aromáticas. Métodos directos e indirectos de aplicación de produtos de aromaterapia en tratamentos estéticos. Aplicación de aromaterapia en protocolos de tratamentos estéticos e actividades asociadas.

Obxectivos específicos

Relacionar os productos de aromaterapia e fitoterapia cos efectos que se pretenden conseguir.

Resultados ou produtos

Coñecemento da aromaterapia e da fitoterapia no entorno da masaxe estética

Recursos específicos

Aula-taller
Materiais e produtos do aula taller
Neceser do alumnado
Pizarra dixital
Conexión a internet
Apuntamentos proporcionados pola profesora

	Actividade	Descrición	Duración
2	Inclusión de aromaterapia e fitoterapia nas ténicas sensoriais	Aplicar distintos tratamentos de aromaterapia e fitoterapia	5

Criterios de avaliación

RA6 - Aplica técnicas sensoriais asociadas á masaxe estética, describe os seus efectos e intégraas nos protocolos.

CA6.1 - Relacionáronse os produtos de aromaterapia e fitoterapia cos efectos que se pretenda conseguir.

CA6.2 - Caracterizáronse os métodos de aplicación e os tratamentos de aromaterapia e fitoterapia.

Contidos

BC6 - Aplicación de técnicas sensoriais

C6.1 - Aromaterapia e fitoterapia asociada a masaxes estéticas: Criterios de selección, preparación e dosificación de aceites esenciais e plantas aromáticas. Métodos directos e indirectos de aplicación de produtos de aromaterapia en tratamentos estéticos. Aplicación de aromaterapia en protocolos de tratamentos estéticos e actividades asociadas.

Obxectivos específicos

Caracterizar os métodos de aplicación e os tratamentos de aromoterapia e fitoterapia

Resultados ou produtos

Aplicación de aromaterapia e fitoterapia na realización de tratamentos de masaxe estética.

Recursos específicos

Aula-taller
Materiais e produtos do aula taller
Neceser do alumnado
Pizarra dixital
Conexión a internet
Apuntamentos proporcionados pola profesora

	Actividade	Descrición	Duración
3	Selección musical para a ambientación do espazo de traballo	Seleccionar distintos tipos de música para a masaxe	3

Criterios de avaliación

RA6 - Aplica técnicas sensoriais asociadas á masaxe estética, describe os seus efectos e intégraas nos protocolos.

CA6.3 - Recoñeceuse a influencia da música no estado físico e emocional das persoas.

Contidos

BC6 - Aplicación de técnicas sensoriais

C6.2 - Musicoterapia: Música e estética. Influencia da música sobre o organismo. Importancia da influencia da música na ambientación de cabinas profesionais. Tipos de melodías: criterios de selección musical; criterios e parámetros de aplicación das melodías. Aplicación en tratamentos estéticos e actividades asociadas.

Obxectivos específicos

Recoñecer a influencia da música do estado físico e emocional das persoas. Realizar a selección músical segundo os criterios establecidos para o tipo de masaxe que se vai a realizar

Resultados ou produtos

Coñecemento e selección dos efectos causados pola música no organismo durante o proceso da masaxe estética

Recursos específicos

Aula-taller
Materiais e produtos do aula taller
Neceser do alumnado
Pizarra dixital
Conexión a internet
Apuntamentos proporcionados pola profesora
Programas e listas de música

	Actividade	Descrición	Duración
4	Selección da cor para ambientar o espazo de traballo e asociar os seus efectos sensoriais. Cromoterapia	Aplicar a cromoterapia na masaxe estética.	4

Criterios de avaliación

RA6 - Aplica técnicas sensoriais asociadas á masaxe estética, describe os seus efectos e intégraas nos protocolos.

CA6.4 - Determináronse os efectos da cromoterapia con fins estéticos.

CA6.5 - Identificáronse os aparellos, os produtos e os cosméticos para aplicar técnicas de cromoterapia.

CA6.6 - Asociouse a cor dos cosméticos cos efectos sensoriais.

Contidos

BC6 - Aplicación de técnicas sensoriais

C6.3 - Cromoterapia: utilización da cor con fins estéticos: efectos e indicacións. Introdución en protocolos estéticos. Aparellos utilizados en cromoterapia: criterios de selección. Parámetros e técnicas de aplicación da cromoterapia. Produtos cosméticos que asocian cor.

Obxectivos específicos

Determinar os efectos de cromoterapia con fins estéticos. Identificar os aparellos para aplicar técnicas de cromoterapia. Asociar a cor dos cosméticos cos efectos sensoriais. Manexar axeitadamente cromoterapia

Resultados ou produtos

Coñecemento da influencia da cromoterapia e o uso das diferentes cores a nível psicolóxico e emocional no entorno da masaxe estética

Recursos específicos

Aula-taller
Materiais e produtos do aula taller
Neceser do alumnado
Pizarra dixital
Conexión a internet
Apuntamentos proporcionados pola profesora
Utensilios de cromoterapia

	Actividade	Descrición	Duración
5	Innovación sensorial nos protocolos de tratamentos estéticos	Integrar material innovador en técnicas sensoriais nos protocolos de masaxe estética.	10

Criterios de avaliación

RA6 - Aplica técnicas sensoriais asociadas á masaxe estética, describe os seus efectos e intégraas nos protocolos.

CA6.7 - Xustificouse a utilización de material complementario e novo como elemento innovador das técnicas de masaxes.

CA6.8 - Xustificouse a integración das técnicas sensoriais en protocolos de tratamento estético e actividades asociadas.

Contidos

BC6 - Aplicación de técnicas sensoriais

C6.4 - Últimas tendencias no emprego de accesorios na masaxe.

Obxectivos específicos

Xustificar a utilización de material complementario e novo como elemento innovador das técnicas de masaxe.
Xustificar a integración das técnicas sensoriais en protocolo de tratamentos estéticos e actividades asociadas

Resultados ou produtos

Utilización de material innovador e das técnicas sensoriais nos protocolos de masaxe estética

Recursos específicos

Aula-taller
Materiais e produtos do aula taller
Neceser do alumnado
Pizarra dixital
Conexión a internet
Apuntamentos proporcionados pola profesora
Materiais, utensilios e cosméticos innovadores

UD	Título da UD	Duración
8	EXCELENCIA CON ALMA: CALIDADE Nº SERVIZO E ÉTICA PROFESIONAL	12

	Actividade	Descrición	Duración
1	Indicadores de calidade e criterios de avaliación	Utilizar distintos indicadores de calidade e criterios de avaliación no proceso de masaxe	3

Criterios de avaliación

RA7 - Supervisa a calidade do servizo de masaxe estética e propón medidas que reduzan as desviacións producidas.

CA7.1 - Identifícáronse os indicadores de calidade nos procesos de masaxe.

CA7.2 - Defiríronse os criterios que permitan avaliar os resultados finais obtidos.

CA7.7 - Redactáronse outras propostas de masaxe para información á clientela.

Contidos

BC7 - Aplicación de normas de calidade

C7.1 - Parámetros que definen a calidade dos procesos de masaxe: calidade nos servizos de masaxe estética.

C7.3 - Asesoramento profesional e novas propostas de tratamentos. Tratamentos estéticos asociados á masaxe: electroestética, técnicas cosmetolóxicas e hidrotermais, cromoterapia, musicoterapia etc.

Obxectivos específicos

Identificar os indicadores de calidade nos procesos de masaxe definitivo os criterios que permitan avaliar os resultados finais obtidos

Resultados ou produtos

Coñecemento da importancia dunha axeitada atención da clientela como parámetro determinante da calidade do servizo de masaxe estética

Recursos específicos

Aula-taller
Materiais e produtos do aula taller
Neceser do alumnado
Pizarra dixital
Conexión a internet
Apuntamentos proporcionados pola profesora

	Actividade	Descrición	Duración
2	Mellora do servizo e uso de terminoloxía técnica profesional.	Uso de terminoloxía técnica profesional axeitada e medios para a mellora do proceso.	3

Criterios de avaliación

RA7 - Supervisa a calidade do servizo de masaxe estética e propón medidas que reduzan as desviacións producidas.

CA7.4 - Utilizouse linguaxe técnica do ámbito profesional.

Contidos

BC7 - Aplicación de normas de calidade

C7.2 - Técnicas de resolución de queixas e reclamacións.

Obxectivos específicos

Identificar a masaxe estética e terapéutica e os distintos tipos de masaxe estética

Resultados ou produtos

Coñecemento da necesidade da utilización dunha linguaje técnica no entorno da masaxe estética

Recursos específicos

Aula-taller
Materiais e produtos do aula taller
Neceser do alumnado
Pizarra dixital
Conexión a internet
Apuntamentos proporcionados pola profesora

	Actividade	Descrición	Duración
3	Protocolo de reclamacións e cuestionario de satisfacción.	Simular protocolos de reclamacións e cuestionario de satisfacción ao cliente.	3

Criterios de avaliación

RA7 - Supervisa a calidade do servizo de masaxe estética e propón medidas que reduzan as desviacións producidas.

CA7.3 - Propuxéronse medidas para mellorar o servizo e o resultado obtido.

CA7.5 - Elaboráronse cuestionarios para avaliar o grao de satisfacción da clientela.

CA7.6 - Elaborouse un protocolo de actuación para atender as reclamacións presentadas pola clientela.

Contidos

BC7 - Aplicación de normas de calidade

C7.2 - Técnicas de resolución de queixas e reclamacións.

C7.4 - Avaliación do grao de satisfacción da clientela.

Obxectivos específicos

Elaborar cuestionario de evaluación da satisfacción da clienta e un protocolo de actuación para atender as posibles reclamacións recibidas

Resultados ou produtos

Coñecemento do modo de traballo e resposta ante situacións imprevistas.
Respecto e interese polo cumprimento da normativa vidente.
Iniciativa para a resolución de problemas detectados
Capacidade de resposta ante situacións imprevistas. Respeto e interés polo cumprimento da normativa vixente.
Iniciativa na resolución de problemas detectados.
Elaboración e exposición dun dosier resultado do traballo grupal

Recursos específicos

Aula-taller
Materiais e produtos do aula taller
Neceser do alumnado
Pizarra dixital
Conexión a internet
Apuntamentos proporcionados pola profesora

	Actividade	Descrición	Duración
4	Deontoloxía profesional	Estudar e valorar a deontoloxía profesional nos procesos de masaxe	3

Criterios de avaliación

RA7 - Supervisa a calidade do servizo de masaxe estética e propón medidas que reduzan as desviacións producidas.

CA7.8 - Valoráronse pautas deontolóxicas importantes para a actividade do persoal profesional de masaxes con fins estéticos.

Contidos

BC7 - Aplicación de normas de calidade

C7.5 - Deontoloxía profesional.

Obxectivos específicos

Valorar pautas deontolóxicas na profesión do masaxista estético

Resultados ou produtos

Coñecemento das pautas para asesoramento ao cliente de xeito profesional

Recursos específicos

Aula-taller
Materiais e produtos do aula taller
Neceser do alumnado
Pizarra dixital
Conexión a internet
Apuntamentos e código deontológico proporcionados pola profesora

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

Os informes facilitados na Avaliación Inicial do Ciclo Formativo (segundo o establecido na Orde do 12 de xullo de 2011, DOG do 15 de xullo) facilitarán as situacións académicas e persoais do alumnado e servirán para fixar un punto de partida. A avaliación inicial terá como obxectivo coñecer as características, capacidades e formación previa de cada un dos alumnos. Dita información pode proceder:
- Dos informes de estudios cursados previamente
- Dos informes de posibles necesidades educativas especiais.
- Da experiencia profesional previa
- Da observación do alumnado nas primeiras semanas do curso

Sen embargo, ao inicio do curso poderase facer na aula unha posta en común de coñecementos, a cal terá como obxectivo exclusivo unha análise, centrada nos contidos do módulo, da situación real do alumnado con respecto á materia a desenvolver e á súa capacidade de autoformación. Deste xeito poderase facer, por exemplo, unha distribución máis homoxénea dos grupos de traballo e mesmo facilitar que o/a alumno/a adquira unha maior independencia formativa.
En ningún caso esta avaliación inicial terá carácter vinculante nin suporá unha modificacióndos mínimos esixidos.
A avaliación inicial non levará consigo cualificación para o alumnado.

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	**5**	**5**	**25**	**25**	**15**	**10**	**10**
Lista de cotexo	0	0	10	0	0	0	0
Proba escrita	0	80	50	35	10	35	65
Táboa de observación	100	20	40	65	90	65	35

Unidade didáctica	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**5**	**100**
Lista de cotexo	0	**2**
Proba escrita	70	**40**
Táboa de observación	30	**57**

Procedemento e criterios de cualificación:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:
O tratarse de avaliación continua, avaliarase dos contidos impartidos en cada avaliación e dos impartidos nas anteriores. De tal xeito que:

- Se aproba a 1ª avaliación e suspende a 2ª, ten as dúas suspensas.
- Se suspende a 1a avaliación e aproba a 2a, ten as dúas aprobadas.

Empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación, adecuados segundo o indicado no apartado correspondente, con respecto ós criterios de avaliación:
- PROBAS ESCRITAS para os CAs nos que así se especifica
- PROBAS PRÁCTICAS para os CAs nos se indica táboa de observación ou lista de cotejo
- TRABALLOS E OUTROS como esquemas, clasificación, exposición, fichas técnicas, etc realizados como tarefa do alumnado fóra das horas lectivas ou na clase, segundo se indique.

As atividades e/ou tarefas realizadas na aula diariamente, relacionadas cos C.A. nas que se emprega como instrumento de avaliación a Táboa de Observación ou Lista de Cotexo, será de aprendizaxe, avaliables e avaliadas, de tal xeito, que a maioría das tarefas realizadas na aula, SON PROBAS PRÁCTICAS, que se cualificarán para a nota da avaliación correspondente, indicándolle ao alumnado previamente os contidos e cando e como se realizarán, segundo estime o profesorado en cada caso.

É obrigatorio que o alumnado traia os seus medios, materias e uniforme persoal segundo se lle indique, en caso contrario non poderá desenvolver as actividades e/ou tareas, e propoñeránselle ou tras para a súa realización durante a clase.

Seguiranse as indicacións sanitarias e educativas en seguridade e hixiene durante as clases. De non seguir tomaranse as medidas oportunas e necesarias segundo o caso.

As clases prácticas realizaranse principalmente entre o alumnado da clase e en algún caso con modelos externos. O alumnado actuará como modelo obrigatoriamente segundo as normas establecidas e indicadas polo profesorado, nas prácticas de aprendizaxe e/ou avaliables que así se requira, agás causa debidamente xustificada e valorada polo profesorado.

As probas, actividades e/ou tareas e outros avaliables deberán ser realizados e entregados coas especificacións que se indiquen para poder acadar a avaliación positiva. En calquera caso as probas, actividades e/ou tarefas e outros avaliables deberán ser realizadas e entregadas cas especificacións que se indiquen para poder acadar avaliación positiva. No caso das probas e/ou prácticas avaliadas coa Táboa de Observación ou Listas de Cotexo, o profesorado indicará o procedemento a seguir en cada caso.

Poderase requirir a realización por escrito do protocolo de realización previamente á súa execución, que poderá incluír: fases, secuenciación, medios materiais e cosméticos, tempos, asesoramento, etc, dos procesos, así como a súa xustificación, neste caso de xeito escrito ou oral, antes ou durante o desenvolvemento do proceso. Formará parte da cualificación correspondente da proba ou práctica avaliable.

A cualificación será un número entero de 1 a 10

As probas, actividades e/ou tarefas e outros avaliables deberán ser realizadas e/ou entregadas segundo se especifique para poder acadar avaliación positiva. Deberá acadar a metade da nota máxima establecida en cada apartado, (Probas escritas, Probas prácticas, Traballos e outros), para sumar as porcentaxes e obter avaliación positiva.

De non ser ocaso a nota máxima será un 4

A avaliación será positiva si obtén unha nota de 5 puntos ou superior, en tódolos instrumentos de avaliación. Non se acadará o aprobado se non ten superada algún dos instrumentos de avaliación. A porcentaxe será:
- PARTE TEÓRICA: 30% (A)
- PARTE PRÁCTICA: 60% (B)
- TRABALLOS E OUTROS: 10% (C)

A fórmula para calcular a nota será:
(A) X0.3+(B) X0.6+ (C)X 0.1= NOTA FINAL que será un número enteiro, que pode ser aproximado positiva ou negativamente, seguindo criterios da evolución do proceso de ensinanza-aprendizaxe de cada alumno/a individualmente.

Ao tratarse dunha avaliación continua, a nota final coincidirá coa nota da última avaliación.

NOTA:
Todo o alumnado formará parte dos modelos sobre os que se traballarán os protocolos; agás os que teñan algunha patoloxía que o impida (xustificarase presentando un informe do médico especialista que contraindique ditas técnicas). En ningún caso deberán entorpecer o desenvolvemento normal das actividades propostas pola profesora, nin crear coa súa actitude un clima de hostilidade entre os compañeiros. Se houbera alumnado que se atopara nesta situación, permanecerán na aula-taller realizando as tarefas que lle propoña o profesor, que non teñen porque ser as mesmas que as que realice o resto do alumnado, esta situación non repercutirá no desenvolvemento ensino-aprendizaxe do resto do grupo.

As faltas de asistencia xustificadas do alumnado, non o eximirán da obriga de ter actualizados os contidos impartidos ata a data.

Procedemento e criterios de recuperación

Establecerase unha relación de actividades teórico-prácticas para que o alumnado realice ao longo de todo o curso, e dado que é unha avaliación contínua, reforzaranse aqueles contidos propios do módulo que presenten maior dificultade para poder acadar os obxectivos mínimos.
Realizaranse probas ao longo do curso para poder facer un seguimento dos contidos mínimos. Para os alumnos que non consigan superar os contidos mínimos exixibles, faranse unhas probas de recuperación, previas a FCT, das mesmas características que as siñaladas no apartado 5.
Con todo, establecerase un periodo de recuperación dende a última avaliación ata finais de xuño para aqueles alumnos que non conseguiran superar estas últimas probas. Ao remate, realizarase unha proba de coñecementos e/ou de desempeño, na que se avaliarán os criterios da avaliacion minimos exixibles cun valor do 30% para aqueles que se avalian coa proba de coñecementos (proba escrita, fichas teóricas), do 60% os que se avalian coa táboa de observación ou listas de Cotexo(tarefas prácticas, simulación, fichas prácticas) e do 10% traballos e outros...
Para facer a media con todos os criterios da avaliacion minimos exixibles, o alumno tera que acadar como mínimo a metade da nota máxima establecida en cada una das probas para obtener a avaliación positiva. De non ser o caso a nota máxima será de 4 puntos.
Non se acadará o aprobado se non ten superado algún dos instrumentos de avaliación.
Para desenvolver a parte practica e imprescindible que o alumno traia o material e os modelos necesarios para realizar as tarefas propostas polo profesor e que son as propias do módulo.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO

- O seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado realizarase mediante:
  - Observación directa na aula.
  - Rexistro continuo do progreso en cada RA a través de rúbricas (TO e LC) e follas de control.
  - Revisión periódica das tarefas, probas prácticas e traballos individuais ou en grupo.
  - Entrevistas personalizadas e feedback formativo en sesións de titoría ou seguimento.
- Utilizaranse o AULA VIRTUAL para o envío de tarefas e a comunicación co alumnado.

RECUPERACIÓN DAS MATERIAS NON SUPERADAS

- O alumnado que non acade algunha parte dos RA terá actividades específicas de recuperación adaptadas ao contido pendente:
  - Probas prácticas complementarias para demostrar a adquisición das destrezas técnicas.
  - Cuestionarios teóricos e tarefas de investigación sobre os contidos non superados.
  - Participación en proxectos ou situacións de aprendizaxe integradas que permitan avaliar de novo os criterios non alcanzados.
- As actividades de recuperación realizaranse dentro do horario lectivo, e no caso de alumnado repetidor, poderán integrarse no plan individual de traballo establecido polo departamento.

AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

- O alumnado con módulos pendentes doutras convocatorias deberá:
  - Presentarse ás probas de avaliación específicas que o departamento estableza.
  - Entregar as actividades de recuperación propostas, que serán avaliadas segundo os criterios do currículo vixente.
  - Superar tanto a parte teórica coma a práctica, garantindo que se demostra a adquisición dos resultados de aprendizaxe mínimos.
- A cualificación final obterase segundo os mesmos criterios de avaliación e ponderación establecidos na programación ordinaria do módulo.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

ALUMNADO CON PERDA DE AVALIACIÓN CONTINUA:
conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, e no NOFC, o alumnado perderá o dereito á avaliación continua cando o número de faltas alcance o 10% da carga horaria total do módulo ou un 20% tanto de faltas xustificadas como non xustificadas.
O profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado na xustificación das faltas.
O profesorado poderá NON permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.
O alumnado ten dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa a avaliación final de módulo e a cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final do módulo. Esta proba poderá abarcar a totalidade da materia vista durante o curso tanto teórica como práctica.
A data de celebración da proba extraordinaria será a acordada polo equipo educativo e o equipo directivo, sobre a base dos regulamentos de organización e funcionamento do centro e darase a coñecer ó alumnado no taboleiro informativo con antelación suficiente.
PROBA:
Realizarase unha proba de coñecementos e outra de desempeño dos contidos mínimos expostos nas unidades descritas, cunha duración máxima de 4 sesións. A proba de coñecementos puntuará o 40% e a de desempeño un 60%. A nota mínima das probas (tanto de coñecemento como de desempeño) para superar a avaliación será de de un 5 en cada unha delas.
O alumnado deberá traer os modelos axeitados e o equipo necesario para poder facer a proba que se lle propoña, acorde os contidos do módulo. As datas das probas serán comunicadas nos taboleiros pola Dirección do Centro.
Entrega dos traballos do curso que non fosen entregados durante o mesmo.
CONTIDO DA PROBA:
- Resolución de cuestións teóricas, que contarán un 40% da nota.
- Resolución de traballos prácticos do módulo que contarán un 60% da nota, no que se realizará a selección, preparación e manipulación axeitada dos espazos, útiles, cosméticos e modelos para realizar o traballo práctico en condicións de seguridade e hixiene idónea
Teremos en conta que o Exame Final Extraordinario, deberá ser avaliado positivamente (cun mínimo de 5) en todas e cada unha das súas partes para acadar a avaliación positiva no módulo.
O/a alumno/a deberá traer un/unha modelo para poder realizar a proba e o material necesario.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Debido a diversidade de alumnado que accede aos ciclos formativos, traballaremos os contidos de distintas formas, segundo as necesidades do momento e do grupo. Se hai algún alumno/ que o necesite, estableceranse exercios e prácticas de reforzo. Se fose preciso aplicaranse outras medidas de atención en función das necesidades educativas concretas que presente o alumnado.
Entre outras estas poden ser:
- Presentación de conceptos, procesos e procedementos dun xeito máis secuenciado ou partindo de algo máis xeral ou amplo será el o que deberá secuencialo
- Atención individualizada adicándolle máis tempo e adaptado ó ritmo do alumno
- Proposta de actividades de diversa dificultade, segundo progrese o alumno
- Prantexar ao alumno que sexa el o que propoña unha actividade indicando características, finalidade e que a desenvolva axeitadamente.
- Adaptar medios ás necesidades do alumno.

8.1. Programación da educación en valores.

EDUCACIÓN EN VALORES:
As nosas conductas son a manifestación dos nosos valores, de aí a importancia de comezar desde moi temprana idade a educar en valores. Pero para formar bos profesionais, que saiban convivir, compartir, colaborar é indispensable formar ó mesmo tempo adultos responsables, respetuosos, honestos, humildes, tolerantes, felices, etc polo que se incidirá neste tema ó longo do curso.
Sobre os conflictos que vaian surxindo ó longo do curso se irá facendo unha reflexión e buscando as solucións más axeitadas.
- Mediante a técnica simular na aula situacións nas que os alumnos teñan que reflexionar, valorar, argumentar e tomar decisións sobre a aplicación dos criterios de actuación que favorezan trocos e comportamentos de respecto, honestidade e xustiza no posto de traballo.
- Resolver dilemas morais que pechen conflitos éticos de solidariedade e xustiza nun contexto laboral, buscado posicionarse a través de criterios de argumentación claros e precisos.
- Análise das propias pautas de actuación ante situacións de traballo en grupo nas que a colaboración determina o éxito ou o fracaso.
- Desenvolver exercicios de cooperación nos que sexa necesario un compromiso para levar adiante un proxecto.
Trataranse os seguintes temas transversais:
- Importancia da vida saudable para o benestar corporal: alimentación equilibrada, exercicio corporal, hixiene corporal.
- O medio ambiente e a preservación dos recurso naturais: importancia da reciclaxe e eliminación da materiais susceptibles de ser contaminantes, sin contribuír ó seu deterioro.
- A prevención do cancro de pel.
- Colaboración entre profesionais: intrusismo profesional.
- Prevención de riscos laborais e enfermedades profesionais.
- Educación para a convivencia, o respecto a autonomía dos demáis, fomentar a asertividade no ámbito escolar e profesional.
- Educación para a paz.
- Educación do consumidor (desenvolver un coñecemento dos mecanismos do mercado, crear unha conciencia de consumo responsable que se sitúa críticamente ante o consumismo e a publicidade).
- Educación para a igualdade (analizar críticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, profesións etc), para consolidar hábitos non discriminatorios.
- Educación multicultural. A educación multicultural ou intercultural ven esixida pola crecente intercomunicación das culturas.
- Temas relacionados co covid-19: Transmitir valores durante a crise da pandemia: sobre a responsabilidade, a xenerosidade, o altruismo e sobre toso uns hábitos de hixene e coidado persoal.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

Promoverase e facilitarase a participación activa do alumnado en todas aquelas actividades propostas dende o Departamento ou o Centro que teñan que ver co currículo do Ciclo, especialmente naquelas que traten aspectos directamente relacionados co módulo.
Agás casos excepcionais, desenvolvidos no propio Centro no horario lectivo do módulo e que poidan substituír ás explicacións do profesor nalgunha Unidade Didáctica, estas actividades non terán carácter obrigatorio nin serán avaliables. De selo, informarase ao alumnado previamente coa finalidade de que tomen as anotacións oportunas.
Asistencia a Congresos.
Demostracións, tanto nas casas comerciais como no propio centro.
Aistencia a Skills Galicia.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

Á hora de facer un correcto seguimento da programación e poder avaliar a propia práctica docente compre sinalar que o desenvolvemento da mesma vai ter unha marcada interdependencia alumno/a-profesor/a para acadar un bo proceso de ensinanza-aprendizaxe.
Por iso é preciso que vaia anotando o desenvolvemento das actividades que se están a realizar (por exemplo nos tempos inicialmente asignados, para acadar un mellor cumprimento das esixencias previstas). O resultado desta análise servirá para adoptar correccións futuras. O obxectivo é corrixir as desviacións que se ocasionen na Programación Didáctica e producir adaptacións nestas cando xorden situacións non previstas durante o curso.
O seguimento realizarase na plataforma correspondente (PROENS - Seguimentos), e de ser o caso, notificarase nas reunións de Departamento conforme ós criterios que se realiza ó principio de cada curso ou avaliación.
As modificacións, quedarán reflectidas na aplicación web (seguimento), e á súa vez incluiranse na Acta de Departamento correspondente, asinada polos profesores ós que lles afecte máis o xefe do Departamento. En caso de cambios informarase ao alumnado.

11.1. Outros apartados.

1. TRABALLOS A REALIZAR

O número de alumnos vai condicionar o número de traballos exixibles, o que se irá concretando no seguimento desta programación

2. TEMPORALIZACIÓN

Ao tratarse de avaliación continua e dada a progresión necesaria para o aprendizaxe e destrezas dos contidos, e adaptando a formación á realidade profesional dos contidos deste módulo, favorecendo así a adaptación ao mercado laboral, a temporalización e secuenciación da aprendizaxe non se axustará a orde establecida nas UD.

3. COIDADO DO MATERIAL

Cando un alumno/a non trate axeitadamente o material de traballo do centro para o uso e na forma indicada pola profesora, debará traer o seu propio material para a realización das prácticas.
Cando un alumno non traia o material persoal ou uniforme indicado pola profesora, non cumpra as normas de hixiene, actitudes correctas, etc. non poderá realizar as tarefas prácticas que correspondan a esa xornada, indicándolle a profesora outras tarefas relacionadas co módulo.

4. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

Nos primeiros días do curso, a profesora informará da programación, así como dos criterios de avaliación do módulo.
O alumnado será informado da programación didáctica, contidos do módulo, criterios de avaliación e mínimos esixibles.
Posteriormente ás aclaracións e resolución de dúbidas o alumnado asinará co seu nome e DNI, un documento no que fai constar que foi debidamente informado e que se lle resolveron as dúbidas plantexadas con respecto á programación didáctica.
Subirase á aula virtual do módulo o documento da programación que tamén estará publicada na Web do centro.

5. FORMACIÓN EN EMPRESA PARA ALUMNOS DO 1º CURSO DOS CC.FF

Segundo o indicado na Resol do 10 de xullo de 2024 da Dirección Xeral de FP, o alumnado poderá ser incorporado a este período formativo no caso de cumprirse:
a. Sexa maior de 16 anos.
b. Conte co certificado en prevención de RR.LL.
c. Cando existan prazas dispoñibles nas empresas cun perfil adecuado ao currículo do C.F.
d. Teña adquiridas as compet profes. necesarias para abordar con garantías as actividades formativas na empresa.
e. Teña un informe favorable do eq. docente do curso, elaborado polo titor/a, no que se valorará entre outras cuestións: ter superados todos os RA ata a data da elaboración de dito informe (ter todos os módulos aprobados), as cualificacións obtidas nas aval do curso e o nivel de madurez para incorporarse á empresa.

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	IES 12 de Outubro	Ourense	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D3IMP000100 - Estética integral e benestar	CS

Módulo
MP0749 - Micropigmentación (2º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro	Identificador
5	137	50	164	85	

Etiquetas

Profesorado responsable

Docentes
Negro Taboada, Diego

Contido **Páxina**

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. 3

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas 3

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas. 3

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades. 10

5.1. Procedemento de avaliación inicial. 30

6.1. Criterios de cualificación e recuperación 31

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 33

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua 33

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. 34

8.1. Programación da educación en valores. 34

9.1. Actividades complementarias e extraescolares. 35

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. 35

11.1. Outros apartados. 35

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

O currículo ven determinado polo Decreto 178/2012, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en estética integral e benestar; nel, destaca os obxectivos específicos e xerais, onde a profesional ou o profesional da estética deberá realizar maquillaxes correctivas por microimplantación de pigmentos, personalizadas e adaptadas ás necesidades de cada cliente, empregando elementos e procesos decorativos semipermanentes en relación coas características da persoa usuaria e aplicando a normativa.
Teranse en conta os aspectos organizativos da prestación de servizos de estética e benestar que deberán adaptarse á normativa europea, comunitaria, estatal e autonómica. Na actualidade, os establecementos e o persoal aplicador dos procesos de micropigmentación están sometidos a unha lexislación específica de condicións hixiénico-sanitarias e de seguridade que deben seguir para poder exercer. Prevese que se establezan máis regulacións legais doutros procesos con especial incidencia na saúde pública.

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	Normativa e elaboración da documentación previa á micropigmentación.	Documentación previa.	5	3
2	Organización das instalacións, os equipamentos e os medios necesarios, aplicando as medidas de prevención hixiénicosanitarias.	Organiza espazos, aplicando as medidas de seguridade e hixiene requeridas nos procesos de micropigmentación.	12	5
3	Visaxismo e colorimetría.	Deseña maquillaxes correctivos utilizando as técnicas de visaxismo e colorimetría.	8	15
4	Acomodación do usuario segundo a demanda e seguindo a normativa establecida.	Preparación do usuario e información sobre o proceso pre e post micropigmentoación.	5	2
5	Protocolo de Micropigmentación.	Protocolo de Micropigmentación adaptada ás demandas da clientela.	65	58
6	Calidade do servizo	Calidade do servizo	5	2

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	Normativa e elaboración da documentación previa á micropigmentación.	3

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Elabora a documentación previa á micropigmentación aplicando a normativa.		
CA1.1 - Recoñeceuse a normativa que regula o exercicio da técnica de micropigmentación.	OU: Traballo de investigación relacionado cos CA	20

Criterios de avaliación	IA	%
CA1.1 - Recoñeceuse a normativa que regula o exercicio da técnica de micropigmentación.	correspondente.	
CA1.2 - Identificáronse as partes do consentimento informado.	OU: Traballo de investigación relacionado cos CA correspondente.	5
CA1.3 - Especificouse a información comercial da clientela.	OU: Traballo de investigación relacionado cos CA correspondente.	20
CA1.4 - Seguíronse as pautas para deseñar a ficha técnica.	OU: Traballo de investigación relacionado cos CA correspondente.	40
CA1.5 - Planificouse un sistema de arquivo de empresas e organismos autorizados para as revisións técnicas, a eliminación de residuos, etc.	OU: Traballo asociado ós contidos relacionados co CA.	5
CA1.6 - Analizáronse as acreditacións necesarias para o exercicio das actividades de micropigmentación.	OU: Traballo de investigación relacionado cos CA correspondente.	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Elaboración de documentación
Normativa comunitaria, estatal, autonómica e europea. Documentación técnica e comercial.
Análise do modelo de consentimento informado. Datos de identificación. Denominación xenérica da técnica e localización anatómica. Descrición da técnica. Duración. Información sobre posibilidades de eliminación. Medidas hixiénicas previas e posteriores á realización da técnica. Posibles complicacións e precaucións: contraindicacións. Orzamento.
Ficha técnica. Documentos fotográficos. Información comercial da clientela. Rexistro dilixenciado. Documentación de xestión de residuos e de revisións técnicas.

UD	Título da UD	Duración
2	Organización das instalacións, os equipamentos e os medios necesarios, aplicando as medidas de prevención hixiénicosanitarias.	5

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Organiza as instalacións, a moblaxe, os equipamentos e os medios necesarios, aplicando medidas de seguridade e prevención de riscos hixiénico-sanitarios.		
CA2.1 - Dispuxéronse os equipamentos segundo os requisitos específicos dunha cabina de micropigmentación.	TO	10

Criterios de avaliación	IA	%
CA2.2 - Xustificouse a elección do dermógrafo e do tipo de agullas.	PE	5
CA2.3 - Determináronse os parámetros do dermógrafo.	PE	10
CA2.4 - Determinouse o proceso de hixiene do equipamento e dos utensilios antes do proceso e despois deste.	PE	15
CA2.5 - Aplicouse o método de desinfección segundo o grao de contaminación dos elementos.	TO	15
CA2.6 - Valorouse a utilización de material dun só uso como medida de seguridade e hixiene.	PE	5
CA2.7 - Diferenciáronse as zonas de almacenamento e xestión de residuos.	PE	10
CA2.10 - Sinaláronse as doenzas de transmisión por vía hemática.	PE	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Organización da cabina de micropigmentación
Instalacións: características, deseño, materiais de paredes e chans, distribución, iluminación, ambientación, moblaxe e áreas de traballo (limpeza, desinfección e esterilización), recepción, espera, almacenamento e aseos.
Equipamentos e instrumental empregado na microimplantación de pigmentos: características, parámetros de potencia, velocidade e outros; agullas (tipos e características), complementos e accesorios.
Seguridade e hixiene das instalacións e dos equipamentos.
Prevención de infeccións e transmisión de doenzas.
Almacenamento de produtos específicos e xestión de residuos.

UD	Título da UD	Duración
3	Visaxismo e colorimetría.	15

Criterios de avaliación	IA	%
RA3 - Deseña maquillaxes correctivas utilizando as técnicas de visaxismo e colorimetría.		
CA3.1 - Identificouse a morfoloxía do rostro e doutras zonas corporais.	PE	10
CA3.2 - Xustificouse o deseño das correccións da persoa usuaria segundo as características do rostro e a súa expresión.	PE	10

Criterios de avaliación	IA	%
CA3.3 - Aplicáronse as bases da teoría da cor nas maquillaxes correctivas.	PE	5
CA3.4 - Identificáronse as alteracións cutáneas relacionadas coa micropigmentación.	PE	10
CA3.5 - Relacionáronse as técnicas de debuxo (tipo de liña, cor, etc.) co efecto final.	PE	5
CA3.6 - Especificáronse os criterios de selección de utensilios e cosméticos.	PE	5
CA3.7 - Xustificouse a corrección na pel segundo a análise previa.	PE	5
CA3.8 - Realizáronse deseños para efectuar as correccións necesarias a través da micropigmentación.	PE	5
RA4 - Prepara a persoa usuaria seguindo a normativa, e infórmaa sobre o proceso.		
CA4.6 - Seleccionouse a cor segundo as características da zona de aplicación.	PE	5
CA4.8 - Efectuáronse probas de cor e de visaxismo tendo en conta as características morfolóxicas e persoais da persoa usuaria.	PE	10
RA5 - Realiza a micropigmentación adaptando o procedemento de traballo ao estudo estético previo.		
CA5.2 - Establecéronse os criterios de selección de pigmentos e colorantes segundo a pel, o cabelo e os ollos.	PE	10
CA5.3 - Relacionouse a colorimetría cutánea coas cores pigmento.	PE	5
CA5.4 - Identificáronse as reaccións do pigmento fronte á acción de axentes externos.	PE	10
CA5.5 - Xustificouse a elección e a mestura de pigmentos.	PE	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Deseño de maquillaxes correctivas
Estudo da morfoloxía do rostro: Teorías da verticalidade e a horizontalidade. O óvalo: xeometría, proporcións e liñas; clasificación e tipos. Estudo das faccións do rostro: cellas, ollos, beizos, fronte, nariz e queixo. Visaxismo: análise e estudo do rostro, e técnica de deseño das súas correccións.
Estudo doutras zonas corporais susceptibles de seren micropigmentadas: proporcións, e simetrías dos seos e das aréolas mamarias; estudo da implantación natural do cabelo e das zonas alopécicas.
Microimplantación de pigmentos aplicada á estética reparadora: cicatrices, acromías, etc.
Cor: teorías da cor e da luz.

Contidos
Identificación das alteracións cutáneas relacionadas coa micropigmentación.
Deseño de correccións: Técnicas de debuxo para as correccións: liñas, formas, volumes e cores. Deseños para diversas zonas faciais e corporais.
BC4 - Preparación da persoa usuaria
Criterios de elección da cor segundo a análise previa.

UD	Título da UD	Duración
4	Acomodación do usuario segundo a demanda e seguindo a normativa establecida.	2

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Prepara a persoa usuaria seguindo a normativa, e infórmaa sobre o proceso.		
CA4.1 - Establecéronse as pautas de información oral e escrita á persoa usuaria.	PE	15
CA4.2 - Especificáronse os datos necesarios para unha información pormenorizada.	PE	15
CA4.3 - Establecéronse os criterios de preparación da cabina para a aplicación da técnica.	TO	15
CA4.5 - Especificáronse as medidas de protección do persoal profesional e da persoa usuaria segundo a normativa.	TO	10
CA4.7 - Realizouse a proba de sensibilidade.	TO	15
CA4.9 - Establecéronse os criterios de preparación da cabina para a aplicación da técnica.	TO	5
CA4.10 - Realizouse a proposta de tratamento.	TO	5
CA4.12 - Determináronse os parámetros do dermógrafo.	PE	10
As Probas Escritas versarán sobre os criterios de avaliación que así o indiquen, que poden ser de resposta curta, verdadeiro ou falso, tipo test, realización de gráficos, etc. e cada un dos bloques, que estará asociado a un C.A., pode ter unha ou máis preguntas; para poder acadar a avaliación positiva, tódolos bloques deberán superar a metade da nota establecida en cada un deles.
PROBAS PRÁCTICAS:
As actividades e/ou tarefas realizadas na aula diariamente, relacionadas cos C.A.s nas que se emprega como instrumento de avaliación a Táboa de Observación, serán de aprendizaxe, avaliables e avaliadas, de tal xeito, que a maioría das tarefas realizadas na aula, SON PROBAS PRÁCTICAS; que se cualificarán para a nota da avaliación correspondente, indicándolle ao alumnado previamente os contidos e cando e como se realizarán, segundo estime o profesor/a en cada caso. As clases prácticas realizaranse principalmente entre o alumnado da clase, e nalgúns casos con modelos externos. O alumnado actuará como modelo obrigatoriamente segundo as normas establecidas e indicadas polo profesor/a, nas prácticas de aprendizaxe e/ou avaliables que así se requira, agás causa debidamente xustificada (informe médico) e valorada polo profesor/a.
No caso das probas e/ou prácticas avaliadas coa Táboa de Observación o profesor/a indicará o procedemento a seguir en cada caso. Poderase requirir a realización por escrito do protocolo de realización previamente a súa execución, que poderá incluír: fases, secuenciación, medios materiais e cosméticos, tempos, asesoramento, etc., dos procesos, así como a súa xustificación, neste caso de xeito escrito ou oral, antes ou durante o desenvolvemento do proceso. Formará parte da cualificación correspondente da proba ou práctica avaliable.
TRABALLOS E OUTROS:
Os CAs asociados a traballos e outros, serán avaliados coa táboa de indicadores de cada un deles por separado, e

poden ser fichas técnicas, bosquexos, traballos de investigación, etc.
As probas escritas, traballos de investigación, actividades e/ou tarefas e outros avaliables non realizadas ou non entregadas en data, constarán como un cero, e só se poderán entregar posteriormente se son debidamente xustificadas e valoradas estas polo profesor/a. No caso de aceptar a xustificación, indicaráselle cando e como debe realizalas. En calquera caso, deberán ser realizadas e entregadas cas especificacións que se indiquen para poder acadar avaliación positiva.
As faltas de asistencia xustificadas do alumno/a, non o eximirán da obrigación de ter actualizados os contidos impartidos ata a data.
Non se acadará o aprobado se non supera a metade da nota máxima establecida en cada unha das probas, tarefas, prácticas, apartados, etc., de ser o caso a nota máxima será 4 puntos, inda que a media supere o 5. Unha vez superados, farase unha media ponderada de cada parte (Probas escritas, Probas prácticas, Traballos e outros), segundo o peso de cada parte, e calcularase a nota seguindo o seguinte criterio:
- Porcentaxe de cada parte:
PARTE TEÓRICA: 30%
TARTE PRÁCTICA: 60%
TRABALLOS E OUTROS: 10%
A fórmula para calcular a nota será:
(NOTA PROBA ESCRITA (>5))X0.3+(NOTA PARTE PRÁCTICA(>5)) X0.6+ (NOTA TRABALLOS E OUTROS(>5))X 0.1= NOTA FINAL NÚMERO ENTEIRO (aproximando positiva ou negativamente, seguindo criterios da evolución do proceso de ensinanza-aprendizaxe de cada alumno/a individualmente).
Ó tratarse dunha avaliación continua, a nota final coincidirá coa nota da última avaliación.

Procedemento e criterios de recuperación

Establecerase un período de recuperación dende a última avaliación ata finais de xuño para aqueles alumnos/as que non acadaran todos os obxectivos mínimos, no que se reforzarán os contidos non superados.
Establecerase unha relación de actividades teóricas, traballos e protocolos prácticos para que o alumnado realice ó longo deste periodo, reforzaranse aqueles contidos propios do módulo que presenten maior dificultade para poder acadar os mínimos exixibles.

Ó remate deste periodo, realizarase unha proba teórica e práctica, na que se avaliarán os criterios da avaliación mínimos exixibles cun valor do 30% para aqueles que se avalían como parte teórica (proba escrita, fichas teóricas, gráficos, etc.), do 60% os que se avalían na táboa de observación (tarefas prácticas, simulacións, fichas prácticas, etc.) e do 10% traballos e outros (block, ficha técnica, etc.)
As probas escritas versarán sobre os criterios de avaliación que así o indiquen, que poden ser de resposta curta, verdadeiro ou falso, tipo test, realización de gráficos, etc. e cada un dos bloques, que estará asociado a un C.A., pode ter unha ou máis preguntas; para poder acadar a avaliación positiva, tódolos bloques deberán superar a metade da nota establecida en cada un deles.
As probas prácticas poden ser unha ou varias das realizadas durante o curso relacionadas cos C.A.s do módulo. Antes ou durante as mesmas, pódeselle pedir ó alumnado que realice o protocolo que vai seguir escrito ou oral segundo conveña, así como responder ás cuestións que se lle pregunte, se é necesario aclarar algunha dúbida sobre o traballo que está a realizar.
Para desenvolver a parte práctica é imprescindible que o alumno/a traia o modelo, o material e os utensilios necesarios para realizar as tarefas propostas polo profesor/a e que son as propias do módulo.
Os traballos e outros poden ser os que se realizaron durante o curso ou os que se vexan oportunos sempre e cando se relacionen con C.A.s que así o indican no apartado 3.3 desta programación.
Para facer a media ponderada con tódolos instrumentos de avaliación, o alumno/a terá que acadar como mínimo a metade da nota máxima establecida en cada unha das probas. De non ser o caso a nota da avaliación será un 4 ou inferior.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ó tratarse de 2º curso, o alumnado que non supere o módulo no periodo lectivo de setembro a marzo, nin no periodo de recuperación de marzo a xuño, deberá repetir o módulo no curso seguinte e o procedemento de avaliación será o que estableza a programación do curso académico que lle corresponda.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

ALUMNADO CON PD: Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% de faltas de asistencia sen xustificar e o 20% xustificadas e sen xustificar, respecto da duración total do módulo. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou da alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interno do centro.
O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou ás instalacións.
Para o alumnado que perdera o dereito á avaliación continua, realizaráselle unha proba escrita e outra práctica (poden ser un ou varios protocolos dos realizados durante o curso) relacionados cos criterios de avaliación expostos na programación, cunha duración máxima total de 4 horas.
A proba práctica puntuará o 60% e a escrita un 40%.
Para facer a media entre as probas teórica e as prácticas o alumno/a terá que superar tanto a parte práctica como teórica cunha nota mínima do 50% da nota máxima establecida para cada unha das probas.
O alumno/a deberá traer os modelos, os útiles e o material necesarios para poder facer a proba que se lle propoña, acorde ós contidos do módulo. Deberá aportar a documentación esixida no caso de ser necesario (ficha técnica, protocolos, etc.)
As datas das probas serán publicadas pola dirección do centro nos taboleiros correspondentes.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Para o caso do alumnado que teña necesidades educativas especiais e tal como indica o Artigo 61 do Decreto 114, do 1 de Xullo, respectarase o establecido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, polo que cada caso será analizado particularmente, establecendo as flexibilizacións e apoios oportunos para garantir que se compren os obxectivos mínimos fixados no curriculono para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación. Esta situación verase reflectida na ficha do alumno/a e as flexibilizacións e apoios fixados terán que contar coa autorización e visto bo da Inspección de Educación.
Dentro do grupo pode haber alumnos/as que non acadan os obxectivos das actividades ou, pola contra, que acadan sobradamente os obxectivos previstos. En ambos casos prantexaranse alternativas.
- Ofrecer para cada actividade tres posibilidades:
1. Unha actividade común para todo ó alumnado con fin de asimilalos contidos mínimos.
2. Unha máis complexa para o alumnado que acade os obxectivos previstos onde se afonde nos coñecementos adquiridos.
3. Unha máis sinxela, cunha metodoloxía distinta e máis secuenciada, para que aquel alumnado que non acadara os mínimos, sexa capaz de chegar por outro camiño ós fins propostos.
- Seguimento máis preto do profesor ou profesora do alumnado con dificultades para acadar os obxectivos.
No caso de detectar alumnos/as con necesidades especiais, discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais, ou alumnos con dificultades de idioma..., ou calquera nas que esté indicado unha adaptación en unidades formativas, o equipo de orientación, o titor e o mesmo profesor elaborarán a correspondente flexibilización curricular.
Para o alumnado que non supere o módulo, ademais das medidas anteriormente expostas, realizaranse probas orais ou/e escritas xunto coa realización dalgunha das actividades das unidades de traballo nas que non se acadaran os obxectivos previstos.

8.1. Programación da educación en valores.

Aproveitando as características da módulo e do alumnado potenciaremos a Educación Medioambiental (reciclaxe, aforro de auga, luz,...) e a Educación para a Igualdade de sexos e non discriminación da muller (Artigos. 9 e 10 da lei 7/2004 de igualdade de mulleres e homes).
Ademais traballaranse diversos temas transversais que se tratarán ó longo do curso como:
- Importancia da vida saudable para o benestar corporal: alimentación equilibrada, exercicio físico, hixiene corporal.

- O medio ambiente e a preservación dos recurso naturais: importancia da reciclaxe e eliminación da materiais susceptibles de ser contaminantes, sen contribuír ó seu deterioro.
- A prevención do cancro de pel.
- Colaboración entre profesionais: intrusismo profesional.
- Prevención de riscos laborais e enfermidades profesionais.
- Educación para a convivencia, o respecto á autonomía dos demais, fomentar a asertividade no ámbito escolar e profesional.
- Educación para a paz.
- Educación do consumidor (desenvolver un coñecemento dos mecanismos do mercado, crear unha conciencia de consumo responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade).
- Educación para a igualdade (analizar con criterio a realidade e corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, profesións etc), para consolidar hábitos non discriminatorios.
- Educación multicultural: a educación multicultural -ou intercultural- ven exixida pola crecente intercomunicación das culturas.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

Realizaranse ACFs relacionadas co módulo e tamén coa mellora da habilidades persoais e sociais.
Promoverase e facilitarase a participación activa do alumnado en todas aquelas actividades propostas dende o Departamento ou o Centro que teñan que ver co currículo do Ciclo, especialmente naquelas que traten aspectos directamente relacionados co módulo.
Agás casos excepcionais, desenvolvidos no propio Centro no horario lectivo do módulo e que poidan substituír ás explicacións do profesor nalgunha Unidade Didáctica, estas actividades non serán avaliables. De selo, informarase ó alumnado previamente coa finalidade de que tomen as anotacións oportunas.
Actividades como:
- Cursos no IES con empresas do sector.
- Asistencia a Congresos, Atteliers, Demostracións, tanto nas casas comerciais como no propio I.E.S.
- Desfiles.
- Seguimento das novas publicacións, libros, revistas, vídeos, DVDs, etc.
- Visitas a exposicións, feiras, congresos de tipo profesional e cultural.
- Realizar cursos de actualización profesional por parte dalgunha firma comercial ou outros profesionais.
- Visitas a fábricas de cosméticos, balnearios, exposicións etc.
- Participación en diferentes actividades relacionadas coa profesión.
- A maiores, aquelas que se acorden no departamento.
- Participar nas actividades que se realicen no IES relacionadas con accións climáticas, conflictos sociais, plan de igualdade, xustiza social, e todas aquelas que melloren o desenvolvemento persoal do alumnado.

Os obxectivos destas actividades están encamiñadas a:
- Mellorar e favorecer o desenvolvemento persoal e profesional do alumnado.
- Coñecer protocolos de actuación doutros profesionais.
- Facilitar a ampliación doutros horizontes, criterios e posibilidades laborais, así coma coñecer e valorar as súas propias posibilidades.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

Á hora de facer un correcto seguimento da programación e poder avaliar a propia práctica docente compre sinalar que o desenvolvemento da mesma vai ter unha marcada interdependencia alumno/a-profesor/a para acadar un bo proceso de ensinanza-aprendizaxe.
Por iso é preciso que vaia anotando o desenvolvemento das actividades que se están a realizar (por exemplo nos tempos inicialmente asignados, para acadar un mellor cumprimento das esixencias previstas). O resultado desta análise servirá para adoptar correccións futuras.
O obxectivo é corrixir as desviacións que se ocasionen na Programación Didáctica e producir adaptacións nestas cando xorden situacións non previstas durante o curso.
O seguimento realizarase na plataforma correspondente, e de ser o caso, notificarase nas reunións de Departamento conforme ós criterios que se realiza ó principio de cada curso ou avaliación.
As modificacións, quedarán reflectidas na aplicación web (seguimento), e á súa vez incluiranse na Acta de

Departamento correspondente, asinada polos profesores ós que lles afecte máis o xefe do Departamento. En caso de cambios informarase ó alumnado.

11.1. Outros apartados.

1. Medidas de reforzo

Este módulo require actividades de reforzo relativo ós módulos de aparellos, masaxe, cosmetoloxía e dermo, dado que é un compendio de tódolos módulos do primeiro curso, traballando a incompatibilidade e a sinerxía entre as diferentes técnicas (manuais, electroestéticas, cosmetolóxicas, hidrotermais...), e realizando os protocolos persoalizados.

2. DEREITO Á REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS NA AULA

Por mor do emprego na realización das prácticas na aula de materiais/produtos que poden supor un serio risco para as persoas e/ou as cousas no caso de ser empregados de xeito incorrecto e sen tomar as debidas precaucións ou carecer dos coñecementos apropiados, compre sinalar que se poderá prohibir a realización de determinadas prácticas a aqueles alumnos/as que:
- Incumpran algún dos criterios sinalados no apartado Programación da educación en valores.
- Causen danos de xeito intencionado.
- Non respecten as indicacións do profesor/a na realización dalgunha práctica.
- Se valore, de xeito obxectivo, que carece dos coñecementos ou destreza necesarios para a execución da práctica.
- Que supoña un risco para o modelo ou para sí mesmo.

3. SECUENCIA DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

Debido a complexidade na divisións das UD do módulo poderá ser preciso modificar a secuencia establecida adiantando parte dos contidos. Teremos tamén en conta que a maioría das UD necesitan dos coñecementos, prácticas, actitudes das anteriores e ás veces das posteriores. Haberá polo tanto unha marxe de flexibilidade, non influíndo isto na duración das mesmas.
Así mesmo, con respeto ó seguimento, en moitas ocasións, estarán varias UDs abertas, dado que é preciso traballalas en conxunto, para acadar o proceso ensinaza-aprendizaxe que require o sector produtivo.

4. TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TICs, E PROXECTO LINGÜÍSTICO

Dende o módulo fomentarase a actuación dos alumnos/as na utilización das novas tecnoloxías (para a realización de traballos teóricos, busca de información, e novas relacionadas coa profesión). O Centro conta con aulas específicas onde poderán traballar con Internet, encerado dixital interactivo e así facilitarlle a todo o alumnado o acceso a estas técnicas; coma no Proxecto Lingüístico do Centro.
Nos módulos impartidos en galego, aínda que moitas veces ó carecer de libros de texto nesa lingua, os apuntes daranse en castelán, pero tanto os exames, coma as explicacións de ditos apuntes son en galego. No caso de que exista un alumno/a de fóra da Comunidade verase a posibilidade de facilitarllos en castelán.
O uso do galego, en parte ven determinado porque é a lingua predominante no entorno do Centro.

5. SEGUIMENTO DAS PROGRAMACIÓNS

Dado que hai C.A.s que se imparten en UDs iniciais, pero se repiten en todas, serán valorados e avaliados durante todo o curso; por exemplo o CA1.1. "Recoñeceuse a normativa que regula o exercicio da técnica de micropigmentación" que deberá seguila, recoñecela e aplicala en tódolos procesos realizados, polo que nos seguimentos, estas UDs estarán abertas ata que se remate o curso.

6. DESCRICIÓN DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PROBA ESCRITA

Proba Escrita: terá, o formato de exame escrito con preguntas de resposta curta, tipo test, gráficos, etc. Para cada proba haberá tantos bloques como CAs asociados a Proba Escrita e indicarase na mesma a puntuación de cada unha das preguntas e en cada un dos bloques. O conxunto da proba terá unha valoración de 1 a 10. Poderá agrupar varias Unidades Didácticas e, neste caso, aplicarase a nota obtida a todas elas. Para obter a avaliación positiva, tódolos bloques deben acadar a metade da nota establecida en cada un deles, de non se o caso, a nota máxima para a proba será dun 4.

7. DESCRICIÓN DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN TÁBOA DE OBSERVACIÓN

Táboa de observación: serán aplicadas por observación directa do traballo do/a alumno/a empregando unha Escala de Valoración. Cada unha delas será avaliada segundo o criterio: nunca (0), case nunca (2,5), ás veces (5), case sempre (7,5) e sempre(10).

8. DESCRICIÓN DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN Traballos e outros

Traballos e outros: serán avaliados de xeito global e terá nota numérica. Nalgúns casos seguirá unha rúbrica ou táboa de cotexo que así se indicará.

9. PESO DAS U.D.s NA AVALIACIÓN.

Con carácter xeral e salvo excepción, reflectida de ser o caso, no seguimento da programación, no momento en que se acade a posibilidade de obter unha valoración positiva na UD aplicarase a seguinte porcentaxe:
NOTA UD = 30% (Parte teórica) + 60% (Parte práctica)+ 10% (traballos e Outros)
No caso de non ser un número enteiro, a nota incrementarase en función das valoracións obtidas nas TO asociados á UD, en cada alumno/a individualmente, en función da evolución no proceso ensinaza-aprendizaxe durante o curso.

10. FALTAS DE ASISTENCIA

As faltas de asistencia xustificadas do alumnado, non o eximirán da obrigación de ter actualizados os contidos impartidos ata a data, e as fichas que se realizan a diario nas clases.

11. AVALIACIÓN POSITIVA

Para poder obter unha valoración positiva, tódolos instrumentos de avaliación deberán ter unha nota igual ou superior á metade da nota máxima establecida.
A non presentación a algunha das probas, supón un 0, e computará coma tal.

Contido **Páxina**

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. 3

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas 3

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas. 3

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades. 11

5.1. Procedemento de avaliación inicial. 28

6.1. Criterios de cualificación e recuperación 28

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 28

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua 29

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. 29

8.1. Programación da educación en valores. 29

9.1. Actividades complementarias e extraescolares. 29

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. 29

11.1. Outros apartados. 29

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

Decreto 203/2013, do 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Estética e Beleza2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo .

Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura. O currículo que se establece neste decreto desenvólvese tendo en conta o perfil profesional do título a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios de cada módulo profesional, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe, que lles an permitir conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.Os profesionais que obteñan este título exercerán a súa actividade en medianas e pequenas empresas que teñen relación directa coa imaxe persoal, nomeadamente en establecementos do sector de servizos de estética. No módulo de afondamento nas competencias profeionais tocaremos uñas e maquillaxe. Podería ser persoal traballador por conta propia efectuando a organización da súa propia empresa

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	Organización do espazo de traballo	Identificación , selección e medidas de hixiene, desinfección e esterilización das instalacións, equipos, materias e cosméticos.Aplicación dos protocolos desde a clegada do cliente ata a despedica,preparación do material,espazos,cométicos e aparellos.	15	2
2	Estudio estetico de mans e pés	Identificar e recoñecer as alteracións,a nutrición das mans, uñas e pes,crecemento ,trauma ,golpes .Tratamentos revitalizantes e a nutrición das cutículas.	15	3
3	Técnicas de manicura e pedicura e decoración de uñas	Realización da manucura ,desde a desinfección corte de uña e a realización da manicura e pedicura paso a paso ,facendo diferentes limado e maquillado de uñas.	15	3
4	A zona de traballo para maquillaxe ,utiles,preparación,organización e mantemento	Identificación das diferentes liñas do rostro .Bases de correcións e técnicas de visaxismo a través do mauillaxe.	15	3
5	Visaxismo para maquillaxe	Recoñece as características e aplicacións do utensilios e productos de maquillaxe. Preparación da pel do/da clietne aplicando técnicas de hixiene e protección	20	5
6	.Maquillaxe social	Aplica técnicas de maquillaxe social,tendo en conta a relación entre o tipo de maquillaxe e as necesidades da clienta	20	3

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	Organización do espazo do traballo	2

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Determina o proceso de manicura e pedicura, observando a morfoloxía das mans e dos pés, e en relación coas demandas da persoa usuaria.		
CA1.1 -Coidouse a imaxe do persoal de manicura e pedicura	LC	20
CA1.2 - -Describironse os métodos de desinfección e esterilización,colaborouse na selección do material dun só uso para cada cliente.	LC	20
CA1.3 - Seleccionaronse os cosméticos segundo a técnica axeitada seguindo as indicacións da persoa responsable,comprobando que os cosméticos estean en bo estado.	LC	10

Criterios de avaliación	IA	%
CA1.4 .– Aplicáronse as técnicas de masaxe, para o que se xustificou a súa secuencia, os seus efectos, as súas indicacións e as súas contraindicacións.	LC	25
CA1.5 -Planificouse a acomodación e a protección da persoa usuaria atendendo a criterios de confortabilidade e seguridade.	LC	25

Contidos
BC1 - Determinación dos procesos estéticos de manicura e pedicura
.Clasificación dos servizos de manicura e pedicura.Deseño dos protocolos
BC1 - Determinación dos procesos estéticos de manicura e pedicura
Distribución de espazos.Ambiente. Importancia da luz.Sistema de renovación do aire
BC3 - Execución de técnicas de manicura e pedicura
Recepción,acomodación e proteccion da persoa usuaria.
Manicura básica,comfortación,cuticula e limpeza do leito e da lámina
Técnica de desmaquillaxe de uñas; lamina e dobramento periungueal
BC4 - Tratamentos específicos de mans e pés
Clasificación dos tratamentos estéticos de mans e pes
BC5 - Decoración e maquillaxe de uñas
Técnicas de pulimento e maquillaxe de uñas

UD	Título da UD	Duración
2	Estudio estético de mans e pes	3

	IA	%

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Determina o proceso de manicura e pedicura ,observando a morfoloxia das mans e pes em relación coas demandas da persoa usuario		
CA1.2Estudo da morfoloxia das mans e pés	LC	25
RA2-Identifica a área de traballo e prepara os espazos ,equipamentos os cosméticos e aparellos .		
CA2.2-Mantiveronse as instalación en óptimas condicións hixienicas antes do seu uso e despois	LC	25
RA3-Aplica técnicas de manicura e pedicura seguindo as normasde seguridade e hixiene establecidas		
.CA3.2Seleccionáronse os protocolos de actuación para a realización das técnicas estéticas de manicura e pedicura.metodo de seguridade e hixiene.	LC	20
CA3.8-Aplicázaronse as técnicas de masaxe,para o que se xustificou a súa secuencia os seus efectos ,as suas indicacións e as súas contraindicacións	LC	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

UD	Título da UD	Duración
3	Técnicas de manicura e pedicura e maquillaxe de uñas	3

Criterios de avaliación	IA	%
RA1- -Determina o proceso de manicura e pedicura observando a morfoloxia e a relación coas demandas da persoa usuaria		
CA1.6-Coidaronse as medidas estética do profesional que realiza estás técncias	LC	25
RA2-Identicica a área de traballo e prepara espazos os equipamentos os cosméticos os aparellose o profesional para a realización dos procesos de manicura		
CA2.5-Aplicaronse as métodos mais axeitados de mantemento:desinfección e esterilización	LC	25
RA3-Aplica técnicas de manicura e pedicura seguindo as normas de seguridade e hixiene establecidas		
CA3.7-Aplicaronse os métodos de manicura masculina	LC	25
RA4-Realiza a decoración de uñas combinando técnicas con cosméticos		
CA.5.4-Realización de debuxos e maquillado de uñas	LC	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 -Determinación dos procesos estéticos de manicura e pedicura
Arquivo e conservación de documentación
BC2 - Execución de téncias de manicura e pedicura
Manobra de masaxe de mans e pes:secuencia,efectos,indicacións e contraindicación
BC3 - Tratamentos especificos de mans e pes
Normas de uso,efectos indicacións e contraindicación
BC4 - Decoración e maquillaxe de uñas
Maquillaxe de uñas ,con punzon,media luna,manicura francesa.

UD	Título da UD	Duración
4	A zona de traballo para maquillaxe ,utiles,preparación,organización e mantemento	3

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Prepara utensilios e productos de maquillaxe ,e recoñece as súas características e as súas aplicacións		
CA4.1 Prepara a clientela para o servizo que se vaia a realizar,garantindo a súa seguridade	LC	25
CA4.2 - Formulario para detectar os gustos e as preferencias da clientela consultando a ficha técnica.	LC	25
CA4.3 - Relacionaronse caracteristicas da pel	LC	25
CA4.4 - colaborouse na selección dos cosméticos	LC	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 -Utensilios e productos para a aplicación
Preparación da/o cliente e do profesional
Tipos de pel
Proceso de desmaquillaxe de ollos,beizos e rostro
Medida de seguridade

UD	Título da UD	Duración
5	Visaxismo para maquillaxe	5

Criterios de avaliación	IA	%
RA5-Aplica téncicas de maquillaxe social,tendo en conta a relación entre o tipo de maquillaxe e as necesidades da/o cliente		
CA5.1 -Coñecer e identicficar os óvalos	LC	25
CA5.2 - coñecer as lineas e os volumens do rostro	LC	25
CA5.3 - .Identificar cores frias e cálidas	LC	25
CA5.4 -Identificar imperfecións do rostro	LC	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
Bc1-Cor do maquillaxe
Cor pigmento .factores que influén na percepción da cor
BC2 - Correcións da pel
Correcións das imperfecións da pel
BC3 - Harmonia.
Cores calidas e firas e a harmonia e contrastes
BC4 - Visaxismo
Morfoloxia e clasificación dos óvalos tecnicas de correcións.
BC5 -Estudio do tipo de rostro
Estudo do rostro,nariz e queixo,tecnicas de correcións

UD	Título da UD	Duración
6	Maquillaxe social	3

Criterios de avaliación	IA	%
RA6 -Aplicar téncicas de maquillaxe social,tendo en conta a relación entre o tipo de maquillaxe e as necesidades do/a modelo,baixo supervisión.		

Criterios de avaliación	IA	%
CA6..1-Aplicar correctamente a prebase e corrector,selecionar o maquillaxe de fondo e polvos faciales	LC	25
CA6.2 -Recoñecer os distindos ollos,correción e maquillaxe de sombras e delineadores	LC	25
CA6.3 -recoñecer diferentes beizos,aplicar técnicas seguindo as técnicas de correcións	LC	25
CA6.4 - Realizar axeitadamente o maquillaxe social no tempo establecido	LC	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Medidas de seguridade
Avalización do grao de satisfacción da clienta
BC2 - Harmonia
Morfoloxia e xeometría do rostro,clasificación do óvalo,Técnicas de correción
Técncias especificas de maquillaxe
Fases de proceso:Recepción e acomodación da clientela Ergonomia,ficha tecnica.

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.

UD	Título da UD	Duración
1	Organización do espazo de traballo	2

	Actividade	Descrición	Duración
1	**Acomoda do profesional a mesa axiliar ,cométicos como o cliente**	Prepara axeitadamente todo o espazo de traballo para realizar a manicura	1
Preparación do material para a realización da manicura tando do profesional como da clieta.O espaco do traballo,mesa ,carro auxiliar,cosméticos e utillaxe a empregar			

	Actividade	Descrición	Duración
2	Estudo estetico de mans e pés	Recoñece as alteración das mans e pés	1

Criterios de avaliación

Realiza un estudio completo das mans e pés tanto da uña como da pel o cal quedará reflexado na ficha técnica todas as alteración,Enfemidades e correcións necesarias

UD	Título da UD	Duración
3	Ténica de manicura e pedicura	3

	Actividade	Descrición	Duración
1	Realización completo da manicura e pedicura	Realización desde a recepción do cliente ata o seu acompañamento para a despedida.	1

Desinfección de mans e uñas do profesional ,protección do profesional,preparación do cliente ,corte de uñas ,limando,preparación da cuticula,retirada,masaxe,retirado dos productos,maquillado,Acompañamento o cliente para despedida e ficha técnica,desinfección e esterilización dos materiais

Obxectivos específicos

Realizar o proceso seguindo as indicacións do profesional.

Resultados ou produtos

Utillaxe,aparatoloxia,aula-taller

Recursos específicos

Ordenadores,aula virtual,pantalla dixital

UD	Título da UD	Duración
4	Zona de traballo para a maquillaxe,utiles.....	3

	Actividade	Descrición	Duración
1	Preparación da zona de traballo	Colocación de todo o material	3

Criterios de avaliación

Realización de toda a zona de traballo tanto do tocador como da camilla,selección do cosmético e utillaxe a realizar nunha modela.Simulacro entre o alumno da maneira de actuar frente as emfermidades da clienta

Contidos

Clasificación dos productos.,Selección dos pinceis,conservación e manipulación

Reaccións intolerantes

Obxectivos específicos

Recoñecer o material e os cosmeticos

Diferenciar o tipo de pel

Resultados ou produtos

traballo grupal de investigación

Recursos específicos

Ordenador,aula virtual,libros,revistas.

UD	Título da UD	Duración
5	Visaxismo para o maquillaxe	3

	Actividade	Descrición	Duración
1	Tipos de visaxismo	Coñecer os diferentes tipos de ovalos e perfiles	3

Criterios de avaliación

Morfoloxia do rostro ,óvalo lineas e volumenes.

Técnicas para corrección do rostro

Estudio do tipo de ollos.

Contidos

Principais técnicas de procedementos xerais

Esquema básico de correccións

Información básica sobre as composicións dos cosméticos e interpretacións das etiquetas

Técnicas de aplicación

Obxectivos específicos

Preparación da pel e correccións antes do maquillaxe

Resultados ou produtos

Traballo en grupo de ampliación

Recursos específicos

Ordenador ,aula virtual,pantalla dixital

UD	Título da UD	Duración
6	A maquillaxe social	5

	Actividade	Descrición	Duración
1	Maquillaxe	Maquillaxe social	1

Criterios de avaliación

Observouse o rostro do cliente e realiáronse preguntas para coñecer o seu estilo

Describiuse as normas de seguridade e hixiene

Aplicaronse adecuadamente as correccións

Valorouse a responsabilidade .

Contidos

Medidas de seguridade aplicables. Avaliación do grao de satisfacción da clientela. Harmonía na imaxe persoal: idade, personalidade, circunstancia e indumentaria. Técnicas de visaxismo. Morfoloxía e xeometría do rostro. Clasificación de óvalos: técnicas de corrección. Estudo dos tipos de fronte, nariz e queixo: técnicas de corrección. Estudo dos tipos de ollos e beizos: técnicas de corrección. Estudo das cellas. Maquillaxe das cellas. Corrección de cellas segundo as técnicas de visaxismo. Técnicas específicas de maquillaxe. Métodos de aplicación dos produtos cosméticos decorativos. Fases do proceso: recepción e acomodación da clientela (ergonomía); ficha técnica

Obxectivos específicos

Establecer as diferecnicas entre osóvalos
Realizar o maquillaxe social segundo a clienta

Resultados ou produtos

Execución correcta do maquillaxe social

Recursos específicos

Aula virtual,ordenadores,pantalla dixital,revistas

UD	Título da UD	Duración
6	Dixitalización no sector de Imaxe persoal	3

	Actividade	Descrición	Duración
1	Dixitalización dos ODS	Obxectivos do desenrolo sostible,	1

Criterios de avaliación

RA6 - Desenvolve un proxecto de transformación dixital dunha empresa dun sector relacionado co título, tendo en conta os cambios que se deben producir en función dos obxectivos da empresa

CA6.1 - Identificáronse os obxectivos estratéxicos da empresa.

CA6.2 - Identificáronse e aliñáronse as áreas de produción ou negocio e de comunicacións.

CA6.3 - Identificáronse as áreas susceptibles de ser dixitalizadas.

Contidos

BC1 - Dixitalización nos sectores produtivos.

C1.6 - Evolución dunha empresa clásica a unha empresa dixitalizada. Vantaxes que supón. Eficiencia na xestión dos custos da actividade económica. Novos mecanismos de análise de datos na toma de decisións. Canles de comunicación coa clientela, cos provedores e con outros axentes. Contribución da dixitalización ao desenvolvemento sostible. Conciliación entre a vida persoal e a laboral das persoas integrantes da empresa.

BC2 - Caracterización das tecnoloxías habilitadoras.

C2.8 - Sistemas dixitalizados e datos.

BC3 - Nube (cloud) e sistemas conectados.

C3.6 - Uso da nube e a rendibilidade da empresa.

BC4 - Aplicación da intelixencia artificial (IA).

C4.10 - Regulación da IA. Protección de datos. Dereitos de autoría.

C4.11 - Principios éticos da IA na actividade profesional, cultural e social.

Obxectivos específicos

Contribuir na dixitalización de imaxe corporal

Automatizar e optimizar o proceso mediante as tecnoloxías habilitadoras dixitais

Resultados ou produtos

Desarrollo de plataformas dixitais,integración de tecnoloxías disruptivas e cadea de suministro.
Obxectivos de desenrolo sostible, Dixitalización no sector de imaxe persoal.

Recursos específicos

Ordenador,libros,páxinas web

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

O comenzo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan. Esta información poderá proceder, entre outras dunha enquisa inicial do alumnado.

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	15	20	20	100
Lista de cotexo	100	100	100	100	100	100	100

Procedemento e criterios de cualificación:

A cualificación final será un numero enteiro que abarcará entre un 1 e un 10,resultado de redondear os resultados obtidos. Considérase aprobado a cualificación igual ou superior a un cinco.Será necesario acadar máis dun 3 nas probas para realizar a media de caso contrario a nota estará suspensa.
Contará para a nota tanto os traballos escritos,asistencia a aula, e o traballo realizado na aula.
traballos escritos (60 %)
traballos realizacos na aula(40%)
O módulo contará con un sistema de evaluación que verifique a adquisición dos resultados de aprendizase establecida dos elementos básicos tendo en conta que os RA se contemplan como bloques independentes terase en conta cada evaluación e a súa cualificación.
Para acadar a avaliación positiva o alumnado deberá obter un mínimo de 5 puntos sobre 10 nas probas realizadas ,así como nas tarefas propostas polo docente :actividades diarias na aula ou na aula virtual as que serán obrigatorias..
A falta de asistencia xustificada do alumno/a non eximirán da obriga de ter actualizados os contidos impartidos na aula

Procedemento e criterios de recuperación

Realizarase no período acordado polo centro .Cada alumno deberá realizar a recuperación do módulo que estea pendente.No caso de PD realizará un a recuperación total do módulo.Realizará a recuperación das partes suspensas unha vez terminada a avaliación e realizarase unha recuperación global o remate do curso.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado con materia pendentes terá acceso ao temario na aula virtual e realizará actividades que serán correxidas por parte do profesorado en cada trimestre,solicitarase un traballo ou un examen final o remate do curso que terá relación cas actividades realizadas ao longo do curso.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

A proba de dereito extraordinaria será realizada ao finalizar as clases a principio de xuño ,avisarase con un mes de antelación e será unha probra escrita sobre o temario aportado no curso que terá acceso o alumnado na aula virtual. Necesitarase un minimo de un cinco para superar esta proba.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Traballar conxuntamente co departamento de orientación para o reforzo e todas as medidas necesarias para que o alumnado poida acadar todos os criterios en relación co módulo

8.1. Programación da educación en valores.

A ensinanza en valores nunha sociedade democratica,libre ,tolerante .continua sendo unha das finalidades prioritarias da educación,tal e como se pon de manifesto nos obxetivos de todas as etapas educativas e nos específicos de cada unha das areas de coñecementos.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

O longo do curso o alumnado terá acceso a participación nas actividades extraescolares tales como visitas a congresos,feiras relacionadas co sector para reforzar todo o relacionado coas boas práctica e a dixitalización como posibles charlas ou conferencias.Estas actividades estaran reflexadas na programación do departamento.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

O seguemento da programación realizarase dacordo co calendario oficial ,aportado pola xefatura de estudo.A avaliación propia da práctica docente realizarase mediante a enquisa de valoración docente por parte do alumnado

11.1. Outros apartados.

1. Reforzo

Reforzo mediante prácticas en frupo.Dinámica de atención emocional anexo XIII modelo de programación de módulos profesionais-19-adaptación das pobas de avaliación